



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 100

Sesión plenaria
8 de novembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 41808, 11/PVCS-000004)

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia (doc. núm. 42313, 11/PL-000016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

2.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 42801, 11/PL-000017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 396, do 18.10.2022

Punto 3. Comparecencia

3.1 43249 (11/CPP-000108)

Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia unha vez finalizada a tempada de alto risco do 2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

Punto 4. Mocións

4.1 43031 (11/MOC-000121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 30713, publicada no BOPG núm. 282, do 24 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 19 de outubro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

4.2 43032 (11/MOC-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación cos proxectos eólicos que vulneran a normativa ambiental (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 28908, publicada no BOPG núm. 270, do 3 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 19 de outubro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022



4.3 43034 (11/MOC-000123)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade (Moción consecuencia da Interpelación doc. 41947, publicada no BOPG núm. 390, do 5 de outubro de 2022, e debatida na sesión plenaria celebrada os días 18 e 19 de outubro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

Punto 5. Proposicións non de lei**5.1 36132 (11/PNP-003224)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de dotación de recursos e atención pediátrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

5.2 40009 (11/PNP-003422)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte á situación de precariedade e empobrecemento que sofre a mocidade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

5.3 41257 (11/PNP-003493)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

5.4 42462 (11/PNP-003600)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha ampliación dos prazos sinalados no Real decreto lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos proxectos eólicos viables

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 394, do 13.10.2022

5.5 42763 (11/PNP-003628)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e dez deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da modernización dos treitos ferroviarios Vigo-O Porriño e O Porriño-fronteira portuguesa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022



5.6 42928 (11/PNP-003647)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo da Xunta de Galicia para lograr un prezo da enerxía competitivo para a planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

Punto 6. Interpelacións**6.1 41210 (11/INT-002003)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis**

Sobre o transporte escolar público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

6.2 42333 (11/INT-002072)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre un pacto galego pola industria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

6.3 42854 (11/INT-002107)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 43244 (11/POPX-000083)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para suplir e garantir os beneficios da Tarxeta Básica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

7.2 43245 (11/POPX-000084)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a postura do presidente da Xunta de Galicia respecto dos orzamentos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 38713 (11/POP-005799)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Pérez López, Daniel

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación das traballadoras do servizo de axuda no fogar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 26.08.2022

8.2 42310 (11/POP-006385)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e sete deputados/as máis

Sobre a colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres empresas seleccionadas como novos socios estratéxicos e tecnolóxicos do Polo Aeroespacial de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

8.3 43241 (11/PUP-000285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de atender a demanda da sociedade galega de rescatar a Corporación de Radio-Televisión de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

8.4 43243 (11/PUP-000286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo

Sobre os recursos propios destinados polo Goberno galego para desenvolver a política de venda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

8.5 38724 (11/POP-005810)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre os criterios que está a seguir a Xunta de Galicia respecto da planificación dunha mobilidade sustentable entre A Coruña e Oleiros a través da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 26.08.2022

8.6 41656 (11/POP-006286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e dous deputados/as máis

Sobre as medidas tomadas polo Goberno galego para o control da contaminación das augas na comarca da Limia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022



8.7 37085 (11/POP-005327)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre a implementación de axudas directas aos subsectores gandeiros de carne por parte do Goberno galego coa habilitación dunha partida con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350, do 26.07.2022

8.8 37471 (11/POP-005398)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e sete deputados/as máis**

Sobre os próximos pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente anuncia que se vai proceder á elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña para cubrir a vacante producida pola renuncia de don Manuel Ángel Jove Santos, elección que se fai mediante votación secreta en urna. (Páx. 11.)

A señora secretaria (Porro Martínez) fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os deputados membros do Goberno, e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 11.)

Logo do escrutinio, a candidata dona Ana Fernández Roca acada a maioría simple, con 67 votos a favor, e proclámase elixida como membro do Consello Social da Universidade da Coruña. (Páx. 12.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 12.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 16.) e Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 21.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 25.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 30.), Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 32.)

Rolda de peche do Goberno: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 34.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 35.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 39.)



Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 42.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 47.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 52.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 53.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 54.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitada por 17 votos a favor, 37 votos en contra e 14 abstencións*. (Páx. 54.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día que consiste na anticipación do debate das mocións. (Páx. 54.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 55.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 55.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 58.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pomar Tojo (P)*. (Páx. 61.)

O señor Lourenzo Sobral (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 65.)

Moción do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación cos proxectos eólicos que vulneran a normativa ambiental. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 67.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 70.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 74.)



Nova intervención do Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 77.)

Suspéndese a sesión ás dúas e catro minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Otero Lago (S). (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ríos Santomé (BNG) (Páx. 83.) e Sr. Pardo López (P). (Páx. 86.)

Nova intervención da Sra. Otero Lago (S). (Páx. 89.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados: rexeitado por 31 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 91.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación cos proxectos eólicos que vulneran a normativa ambiental: rexeitada por 31 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 91.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade: rexeitada por 31 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 91.)

Comparecencia do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia unha vez finalizada a tempada de alto risco do 2022. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. Conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 92.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 103.), Sra. González Albert (BNG) (Páx. 107.) e Sr. Armada Pérez (P). (Páx. 111.)

Réplica do Goberno: Sr. Conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 114.)

A señora presidenta (Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 124.) Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 124.), a señora González Albert (BNG) (Páx. 126.), o señor Armada Pérez (P) (Páx. 128.) e o señor Conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 130.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de dotación de recursos e atención pediátrica. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 135.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 135.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 139.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 143.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 146.)

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e tres minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias nin delegacións. E entramos na orde do día, co punto primeiro.

Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña

O señor PRESIDENTE: A Mesa do Parlamento, na reunión do 26 de setembro de 2022, tivo coñecemento da vacante como membro do Consello Social da Universidade da Coruña de don Manuel Ángel Jove Santos, por renuncia, elixido por esta cámara na sesión plenaria do 23 de febreiro de 2021, por proposta do Grupo Parlamentario Popular. En cumprimento do disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, procede a cobertura da vacante. Posteriormente, a Mesa, o 2 de novembro de 2022, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, acordou a apertura dun prazo para a formalización de propostas de candidaturas e, rematado o prazo, na reunión do 7 de novembro de 2022 tivo coñecemento da proposta formulada polo Grupo Parlamentario Popular (documento número 43427), que comunicou aos grupos parlamentarios.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeleta e chamamento por orde alfabética. A expresión do voto efectuarase introducindo na urna unha papeleta, previamente entregada polos Servizos da Cámara, na que conste o nome da candidata proposta, marcando cunha aspa o recadro. Considerarase voto en branco de non marcar ningún recadro e considerarase voto nulo cando se escribisen os nomes doutras persoas ou outros sinais. Efectuado o escrutinio, proclamarase elixida a candidata se obtén a maioría simple.

Están repartindo as papeletas e, en canto estean repartidas, comezaremos a votación por chamamento, por orde alfabética, que fará a secretaria da Mesa.

(Pausa.)

Imos comezar o chamamento. Entón, prégoles á vicepresidenta primeira e á vicesecretaria que se sitúen onda a urna para a recollida das papeletas.

Comezamos.

(A secretaria da Mesa do Parlamento, señora Porro Martínez, fai o chamamento dos deputados e deputadas, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



¿Votaron todos os deputados e deputadas? Si. Procedemos, polo tanto, ao escrutinio.

(Pausa.)

O señor PRESIDENTE: O resultado do escrutinio é: votos emitidos, 67; votos a favor de dona Ana Fernández Roca, 67; non hai votos nulos nin votos en branco. Polo tanto, acada a maioría simple e proclámase elixida membro do Consello Social da Universidade da Coruña dona Ana Fernández Roca.

Termina aquí este punto e continuamos agora coa orde do día. O seguinte punto é un texto lexislativo.

Debate de totalidade do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ao proxecto de lei presentáronse dúas emendas á totalidade de devolución polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei, ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):(Calvo Pouso): Presidente, señorías, moi bos días a todos.

Hoxe trae a este parlamento o Goberno o Proxecto de lei do xogo, que aprobamos en setembro pasado no Consello da Xunta.

Somos conscientes da preocupación social que xera o xogo, e, sumando a que é un sector moi regulado, era necesario traer este novo texto lexislativo; un texto lexislativo necesario, porque, ademais, a última lexislación acerca do xogo era do ano 1985 e sufrira durante estes anos vinte e cinco modificacións dende entón.

Con este novo texto lexislativo intentamos facer unha planificación e unha ordenación adaptando o sector do xogo aos tempos actuais, aos novos modelos de xogo, e regular un xogo responsable, ofrecendo seguridade, garantindo a protección aos menores e ás persoas máis vulnerables e velando pola orde pública.

Foi un proceso de elaboración longo, lonxe do que poidan pensar algunhas señorías ou do que dixeran aquí hai pouco noutros debates sobre outra proposta sobre a Lei do xogo. Foi un debate longo no que tomamos tempo pero falamos con todos os sectores, a través do grupo de traballo de xogo responsable. Un grupo de traballo no que están incluídos todos os sectores do xogo: os casinos, os bingos, os salóns de xogo, as tendas de aposta; un grupo de traballo no que está incluída a Administración autonómica, como non podería ser doutro xeito: Consellería de Sanidade, Consellería de Educación, Consellería de Política Social e, por suposto, Emerxencias e Interior; un grupo de traballo no que está incluída a Universidade, con expertos na materia, entre outros, como o profesor Santiago Antonio Rial; un grupo de



traballo no que están tamén as asociacións de loita contra a ludopatía, como Agalure (Asociación Gallega de Ludópatas en Rehabilitación) e Agaja (Asociación Gallega de Jugadores Anónimos).

Un grupo de traballo que elaborou un texto que sometemos a informe de todos os organismos a que podíamos sometelo; non escatimamos en ningún tipo de informe. Tivo un informe da Comisión de Xogo Responsable, por suposto, do que falabamos; un informe do Consello Económico e Social; un informe da Comisión da Competencia; un informe da Fegamp. Foi sometido á Comisión interministerial do Goberno de España e foi reenviado polo Goberno de España posteriormente á propia Comisión Europea. Estivo no portal TRIS, que é o sistema de información de regulamentos técnicos, tres meses exposto para que se presentasen alegacións a este texto.

¿E que é o que regula o texto que hoxe traemos aquí? Pois regula os xogos de competencia autonómica. Regula aqueles xogos que están incluídos no Catálogo de xogos: os casinos, os bingos, as máquinas de azar e as recreativas, as rifas e as tómbolas. Regula todos aqueles xogos que se poden levar a cabo nos locais habilitados para a práctica de xogo, como os bingos, os casinos, as salas de xogo e as tendas de apostas.

Pero hai partes que quedan excluídas deste texto, efectivamente. Queda excluído o que é de puro entretemento, sen ánimo de lucro. Quedan excluídos os bingos que se celebran nas residencias e centros de día; segue a norma como a día de hoxe: hai que comunicar cando hai un premio en metálico, ten que ser comunicado, pero quedan excluídos desta lexislación. Quedan excluídas as rifas e as tómbolas benéficas. E queda excluído loxicamente o xogo reservado, que é competencia estatal; ese xogo reservado que é o da Sociedade de Loterías e Apostas do Estado e tamén o da ONCE; son competencia estatal e, polo tanto, están fóra. E quedan excluídos tamén os sorteos publicitarios e as máquinas expendedoras.

Esta lei, non obstante, trae importantes novidades, que lles paso a detallar.

En primeiro lugar, hai unha limitación nos establecementos de xogo. Quedan limitados a 2 casinos e 2 salas adicionais, 12 bingos, 118 salóns de xogo e 41 tendas de apostas. Saben vostedes que esta limitación é a mesma que se aprobou polo Consello da Xunta nun decreto do ano 2019. Polo tanto, o número de establecementos non variou con respecto ao 2019 e limítase ese número neste texto legal.

Unha novidade tamén importante é a limitación nas máquinas de xogo nos establecementos de restauración e de ocio. Este proxecto de lei permite establecer dous tipos de máquinas autorizadas para os locais de restauración. Dúas, que poden ser a tipo A especial —son as famosas grúas, que seguro que teñen visto en moitos establecementos—; a tipo B, que é a comecartos, a tragaperras de toda a vida, que ten unha limitación ademais adicional para toda Galicia de 12.000 unidades; as máquinas auxiliares de apostas, que teñen unha limitación para toda Galicia a 3.600; e terminais físicos de ámbito estatal, reservado ou non, pero destes terminais a día de hoxe non hai ningún en ningún establecemento. É dicir, de todo este tipo de maquinaria poden establecerse 2 máquinas nos locais de hostalería.



O que non se permite, a máquina que non se permite —e creo que acertadamente—, é a tipo C. Outras propostas normativas sobre o sector permitían, como a do Grupo Socialista hai pouco, que permitía que se instalara a máquina tipo C. ¿Cal é a máquina tipo C? A máquina tipo C é a máquina onde se pode apostar unha grande cantidade de cartos, onde ademais o premio pode ser moi superior, e son as típicas que están nos casinos e que son moito máis adictivas que as anteriores. Nese texto legal non permitimos a súa instalación.

Temos outras novidades, como que as autorizacións de apertura de novos establecementos e de instalacións de máquinas terán unha vixencia de quince anos. Isto é consecuencia do informe da Comisión Galega da Competencia. Para evitar esa situación de monopolio derivada do peche do mercado do decreto do ano 2019, estableceuse un período de quince anos. Pasados eses quince anos, haberá un procedemento tras o que, baixo os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia, poderán volver optar a esas autorizacións.

Outra novidade importante é a obrigatoriedade de control de acceso en todos os locais de xogo. É dicir, ten que haber un control de acceso nos casinos, nos bingos, nas salas de xogo, nas tendas de apostas, no que se evite a entrada de menores ou daquelas persoas que voluntariamente están inscritas nun Rexistro de Prohibidos. E, ademais, ten que haber un sistema nos locais de hostalería que impida a participación de menores de idade nas máquinas de aposta neses locais.

Outra das principais novidades deste texto lexislativo é que os concellos poderán establecer tamén límites. Poderán establecer límites para a apertura de establecementos para evitar unha excesiva concentración. Teñen que ser uns límites proporcionados e xustificados para a apertura de novos establecementos, pero dáselles esa competencia ou dáselles esa posibilidade tamén aos concellos.

Outra das novidades é a prohibición de todo tipo de publicidade dos xogos de competencia autonómica na Radio e na Televisión pública de Galicia. Será desenvolta máis tarde regulamentariamente, pero ata entón só se pode facer publicidade en prensa escrita co nome da sala ou do que sexa dos horarios e da dirección. Pero en ningún caso pode haber ningunha mensaxe que incite á práctica do xogo ou que incite a xogar. É unha novidade posto que noutros ámbitos non se fai ningún tipo de prohibición. Por exemplo, no xogo *on line* nos outros non podemos legislar, pero a verdade é que, cando vostedes ven a televisión, sobre todo a partir dunhas horas, ven multitude de anuncios de xogo *on line* que animan a participar, pero iso non é competencia nosa, senón que é competencia do Estado, que non regulou nada.

Outra das novidades que tamén é importante é o aumento das distancias. É verdade. Neste novo texto lexislativo o que propoñemos é que as distancias pasen a ser 300 metros, pero 300 metros radiais, é dicir, non lineais. Isto supón na práctica un aumento das distancias que se viñan aplicando a día de hoxe, que variaban en función dos establecementos e estaban en 150 metros lineais, co cal cruzar dunha rúa a outra se o faciamos polo paso de peóns daba unha distancia moito máis preta que destes 300 metros dos que estamos a falar a día de hoxe. Polo tanto, aumentamos as distancias con respecto aos centros escolares e tamén duns centros a outros.



Outra das novidades importantes é a prohibición de conceder préstamos e calquera outra modalidade de crédito, bonificacións, partidas gratuítas ou elementos que poidan cambiar por diñeiro as persoas usuarias do xogo. Loxicamente, esta é unha medida que vai acorde coas propostas para unha maior protección dos colectivos máis vulnerables, que en moitas ocasións caían ante este tipo de propostas.

E outra novidade tamén importante é a creación do Observatorio Galego do Xogo, como un órgano colexiado, un órgano colexiado encargado do estudo, avaliación e seguimento das políticas do xogo. De feito, como cremos que este texto legal pode entrar en vigor ao longo do ano 2023, nos orzamentos deste ano a Xunta de Galicia xa dispuxo unha partida orzamentaria para a creación deste Observatorio Galego do Xogo.

Por suposto, no texto que hoxe presentamos hai tamén unha parte dedicada ao réxime sancionador. Claro que hai sancións e, ademais, incrementanse e poden chegar a ser máis duras. As sancións van entre os 100 euros e os 100.000 euros, segundo se trate de casos máis leves ou máis graves, pero poden chegar incluso ata os 600.000 euros. E nalgúns casos, nos que hai reincidencia e pode haber outro tipo de condicionantes, incluso se pode chegar a tomar medidas como a suspensión da autorización da actividade ou de explotación para máquinas de xogo, o peche do establecemento ou a inhabilitación temporal ou incluso a incautación das máquinas. Polo tanto, hai un réxime sancionador máis duro e máis claro que o que tiñamos na lexislación actual.

Loxicamente, para adaptar o sector e para poder adaptar todas as circunstancias á nova lei despois da entrada en vigor, terá un período, un prazo de adaptación. Despois da entrada en vigor, como dicía antes, prevista para o 2023, as empresas do xogo terán dous anos para adaptarse a esta normativa. E no caso da hostalería os locais que teñan máquinas tipo B ou de apostas teñen un ano para adaptarse á nova lexislación.

Entre estas novas adaptacións, por exemplo, naqueles salóns que aínda hoxe existen, aquel salón de xogo que está separado unicamente do salón de recreativos pois ás veces por unha pequena barreira iso xa non vai ser posible co novo texto lexislativo; teñen que ter establecementos totalmente independentes un do outro.

Como dicía, neste texto lexislativo móvenos a prevención e a protección, é o que move esta lei, e, sobre todo, buscamos un xogo responsable. Por iso hai unha implicación efectiva en actividades de prevención da ludopatía dirixidas á poboación en xeral, con especial atención aos sectores máis vulnerables.

En definitiva, a nosa actividade ao longo desta lei vai, como dicía, orientada a esa prevención da ludopatía, de desincentivar os hábitos e as condutas patolóxicas. Hai que previr esas condutas adictivas e protexer os dereitos dos menores e tamén dos usuarios.

E vímolos facendo, vimos colaborando dende hai tempo dende a Xunta de Galicia coas asociacións, con Agalure e Agaja, en diversas accións que desenvolven ao longo de todo o ano. Ademais, outras consellerías e outros departamentos da Xunta de Galicia están elaborando



normativa en materia de adición e estamos perfectamente coordinados para a inclusión no que teña que ver co xogo.

En definitiva, fixemos un esforzo inxente con todos os sectores, escoitando a todos, con moito diálogo, con todos os informes emitidos. Aquí este texto foi sometido a todo tipo de informes, a todo tipo de organismos, á diferenza doutros, e faise unha planificación e unha ordenación das novas realidades, sobre todo ofrecendo seguridade, protexendo os menores e os máis vulnerables.

Coido que poida ser mellorado, sen dúbida, e esperemos que na tramitación das emendas, se sae votado a favor hoxe, poidamos entre todos seguir mellorando un texto que é necesario para o sector, pero sobre todo é necesario para a sociedade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Ben, é unha certa mínima ledicia ver a capacidade que ten a oposición ou que dende o noso grupo celebramos ter conseguido para obrigar o Goberno a traer unha lei que non quería, e que ademais se demostra porque unicamente con ver as sinaturas dixitais e as datas foi acelerada toda vez que o Grupo Socialista propuxo hai moi poucas semanas a este parlamento a súa propia lei, rexistrada en maio deste ano; lei que debeu escocer bastante no plano político —e non debera, porque foi unha lei para contribuír—, porque hoxe o vicepresidente da Xunta fala aquí máis case da nosa proposta que da súa propia, a pesar de que demostra non tela lido moito, porque menciona algunhas cousas que son permitidas que para nada existen nesa lei. Pero, en todo caso, ou leuse e non se entendeu ou non se leu, ou leuse e entendeuse pero non se quere recoñecer, que calquera das tres podería valer.

Algunhas das cuestións que si que dende o noso grupo temos pelexado porque existan parecen intentar aparecer a través desta proposta que se fai. Por exemplo, que os concellos teñan voz e posible intervención sobre a instalación de establecementos de xogo nos seus termos municipais; cuestión que, por certo, hai moi poucas semanas algún deputado do Partido Popular cualificaba —debatendo a cuestión sobre o xogo— como unha proposta invasiva, e creo que se utilizou o termo «bolivariano», e agora aparece nesta lei tamén. Polo tanto, é bastante sorprendente a convicción de principio.



A limitación de máquinas en hostalería que este goberno fai de maneira tibia, pero que é unha idea, ou o Observatorio do Xogo, que foi aprobado neste parlamento por unanimidade a partir dunha proposta do Partido Socialista. Por tanto, agradecemos que se teñan en conta a pesar de ser anos de atraso con respecto á aprobación desa proposta.

En todo caso, este é un goberno obrigado a traer esta lei —que non quería— e, como tal, intenta reducila, aliviar o seu impacto. Hai algunhas conviccións aparentes nesta lei que parecen un pouco de usar e tirar. Entón, imos intentar desbrozar un pouco realmente que é o que se quere propoñer con esta lei, que é bastante tibia e que é certamente bastante branda; unha lei que peca de falta de ambición e de valentía.

E isto é unha evidencia, que peca de falta de ambición e valentía. Cítooo dúas veces porque non son palabras do Grupo Socialista; son palabras dun exconselleiro do Partido Popular, Agustín Hernández, a través do informe do CES, que vou parar a ler nalgún momento, pero que cita, entre outras cousas, que esta proposta de lei peca de ambición e valentía. Ao Consello Económico e Social de Galicia pedíronlle os informes, pero non lle fixeron moito caso.

O Partido Socialista fai un chamamento a non perder a oportunidade de regular ben algo que necesitamos regular e que debemos regular con convicción. E, por tanto, nós a esta lei presentámoslle unha emenda á totalidade, porque é unha lei branda, e compartimos que é pouco valente, e compartimos que non ten ambición, por varias cuestións.

En principio, porque cremos que a inconcreción que a domina é demasiado elevada, e cito novamente o CES: existen demasiadas mencións a regulamentos futuros que impiden que esta lei poida traballar no concreto sobre as cuestións que debe regular. Todo o que é polémico nesta lei queda a expensas de regulamentos futuros, regulamentos que nunca pasan por un parlamento, que se aproban sen debate público, regulamentos que se poden modificar con moita máis facilidade que unha lei, e regulamentos que se van facer probablemente *ad hoc* para cada situación. Por tanto, é unha lei que o único que fai é un marco para logo inserir regulamentos, estamos debatendo unha lei que está bastante baleira de contido.

Pero, ademais, é que ten un problema, e é que cada dúbida queda bastante curta. Como non procede entrar a debater como se foramos debater emendas parciais, vou quedar con tres cuestións unicamente para intentar simplificar isto que estamos ensinando.

Hai un problema co control de acceso, que é un elemento notorio, claro, nuclear, do debate sobre as políticas con respecto á regulación do xogo. Por exemplo, non existe en ningún caso unha medida, que é clarisimamente necesaria, que demandan as asociacións coas que se di falar, pero que probablemente cando se fala o Goberno entende que falar coas asociacións é falarlles ás asociacións pero non escoitalas. O DNI electrónico é unha medida necesaria, porque o DNI electrónico asegura dúas cuestións fundamentais no acceso ao xogo: primeiro, de ningunha maneira van xogar menores; segundo, de ningunha maneira van xogar autoprobidos.

Outras medidas son incompletas. ¿Podemos ser así de dogmáticos? Podemos. ¿Por que é posible ser así de dogmáticos? Porque outras experiencias demostraron que son ineficientes.



O sistema de control remoto das máquinas probouse coa Lei antitabaco e é insuficiente, pode servir pero é insuficiente. Traslada a responsabilidade ademais ao hostaleiro, e iso non pode ser, traslada a responsabilidade fóra do propio Goberno. E, ademais, a realidade indica —e creo que non é necesario estenderse niso— que os sistemas de control das máquinas de tabaco non funcionan, porque hai unha realidade evidente: cando un quere entrar a comprar tabaco nun bar ¿onde está o botón? Creo que esta reflexión é suficiente.

Necesitamos DNI electrónico, porque a responsabilidade debe de estar onde debe estar, non nos hostaleiros e non no usuario, senón na Administración, que debe contemplar as medidas necesarias para que non xoguen especialmente menores nin autoprohibidos. E isto é posible tecnoloxicamente, obviamente que é posible. Se eu teño un control de DNI electrónico no meu teclado do ordenador, é posible inserilo nunha máquina de xogo, e, por tanto, esta é unha medida.

Hai algunhas outras medidas que demostran iso, como a negativa permanente do Consello da Xunta —ou de parte do Consello da Xunta, e agora explicareino— en controlar o acceso a recintos deportivos ou a recintos feirais, onde existe unha grande acumulación de xente, e especialmente nos eidos deportivos, onde as apostas deportivas supoñen un problema global bastante notorio —especialmente nas idades máis novas—, para as apostas que poidamos controlar, que non exista unha facilidade de apostas sobre eventos deportivos alí onde se celebran os eventos deportivos ou os grandes eventos en recintos feirais.

Esta non é unha reivindicación que fagamos soamente nós. Voulles explicar agora quen curiosamente fai tamén a reivindicación de que se limite a presenza de máquinas de apostas en eventos deportivos ou en recintos feirais.

Hai unha segunda cuestión, ademais do control de acceso: a facilidade de implantación. É certo que este goberno presume agora de ter limitado o número de establecementos que se poden implantar. Despois de levar anos anunciando que chegaría esta lei e despois de facer o xogo do lobo —de que vén o lobo, que vén o lobo—, existiu un aumento dunha progresión elevadísima na instalación de máquinas de apostas, de tendas de apostas en Galicia, e cando se chegou a un límite xa dificilmente superable aí parouse. Pero é certo que algunhas destas limitacións permiten seguir instalando.

Para non entrar en moitas máis, limítanse a 12 bingos. ¿Cantos se instalan hoxe en Galicia? Se foran 12, estaríamos limitando a posibilidade de que houbera máis; hai menos; e, polo tanto, ábrese a posibilidade de que se instalen máis. E non é o único caso.

Por tanto, é unha normativa que está permitindo abrir aínda máis despois de ter recoñecido —como di aquí o señor vicepresidente— en 2019 limitar a instalación de máis para, a partir diso, unha vez que temos a lei, propor novamente abrir ese campo. E nós si, na limitación do acceso propoñemos 1 máquina por local de hostalería, porque os locais de hostalería non son tendas de apostas, non son casas de apostas.

Pero é que esta non é unha proposta que nós fagamos, é unha proposta que fai tamén boa parte da patronal, boa parte. E podemos coincidir cando a proposta é boa. 1 máquina por



local de hostalería, 1. ¿Por que 2? Porque se plantexamos 2, ¿por que non 3?, ¿por que non 5? 1 máquina por local, porque ¿podemos ter, se somos hostaleiros, un espazo para ocio controlado, con DNI electrónico e con medidas de control? Podemos. Pero o que non se pode é facilitar que os locais de hostalería se convertan en salas de apostas.

E agora mesmo, como todos os estudos indican, como todos os coñecedores do ámbito indican, un dos graves problemas das apostas está en idades máis temperás —tamén especialmente en menores de idade, que non poden apostar pero apostan, porque as medidas de control non funcionan se non poñemos DNI electrónico—, está nas máquinas de apostas deportivas dos bares; e é aí onde estamos poñendo un problema. (*Aplausos.*) E vostedes negan iso, e se negamos a realidade non somos capaces de traballar sobre ela.

En terceiro lugar, a dotación económica para a prevención. A dotación económica para a prevención é practicamente inexistente, por non dicir inexistente. É moi fácil falar de accións de impulso, é moi fácil falar incluso de dereitos, pero hai que poñer os cartos que os poñan a funcionar. Non hai consignación orzamentaria para accións de prevención, non existe. Esta lei non compromete nada, máis alá de que despois dalgunhas alegacións se fala da posibilidade do 25 por cento das sancións que impulsan as accións de xogo, as máquinas de xogo, as empresas de xogo, o 25 por cento.

Eu quereda escoitar do señor vicepresidente que mencione canto foi o completo das sancións económicas que se puideron recoller na Xunta de Galicia para calquera cuestión relacionada co xogo e saber de aí canto é o 25 por cento. Porque me sorprendería saber como é posible deseñar políticas con ese volume de cartos.

Nós fixemos unha proposta nesa lei que parece que ninguén leu no Goberno. E fixemos unha proposta cremos que bastante sensata, coa que non só están de acordo as asociacións senón que as empresas do xogo tamén a firman. Se nós pagamos taxas de xogo, tamén desexamos que se invista en cuestións da prevención do xogo. E teñen sentido cando o din.

Por iso nós plantexamos o total das sancións e o 1 por cento das taxas, porque iso podería habilitar algunha cuestión. Aí si que estamos falando de contías, nin sequera especialmente exaxeradas. As empresas do xogo pagan en taxas anualmente ao redor de 60 millóns de euros en Galicia; o 1 por cento son 600.000 euros, o 1 por cento. Taxas sobre as que as empresas de xogo afirman: se nós as pagamos, ¿por que non se dedican a iso? Non se dedican a iso, nada do recadado do xogo en Galicia polo de agora estase dedicando a iso, nada. E, por tanto, nós demandamos que se inclúa, pero tampouco existe nada sobre isto nesta lei. Porque todo aquilo que pode entrar nalgunha cuestión minimamente importante se desenvolverá despois a través de regulamentos...; baleiro, compromisos de usar e tirar ao final.

Polo tanto, esas inconcrecións permiten saber que esta lei está feita ao tran-tran, forzada-mente, e que o Goberno non quere, e, polo tanto, agora trata de disimular unha lei para intentar pasar como que están facendo pero deixala para posteriores regulamentos. Despois de seis anos anunciando que se traería, posteriores regulamentos. Cada un deles ¿que vai durar? ¿Seis semanas?, ¿seis meses? Sería imposible a partir de agora regular, porque practicamente consideraríamos que teríamos espazos onde aínda non existiría regulación sobre iso.



Pero todo isto que lles estamos trasladando podería ser un debate aparentemente partidista, e non o é, porque moitas destas cuestións que están aquí non as dicimos só nós. Permítanme citarles: «No anteproxecto de lei debería aludirse con máis contundencia á problemática xerada nos últimos anos pola práctica incontrolada do xogo». Cito outro texto: «Considera...» —este organismo que fai este informe— «...de todo punto insuficientes as medidas establecidas no anteproxecto. Non inciden decididamente en cuestións como publicidade, promoción, tipoloxía de establecementos onde se desenvolve o xogo, distancias entre establecementos, centros educativos, centros de organización ou prazo de vixencia das autorizacións». Vou seguir citando do mesmo informe: «Debe garantirse un marco orzamentario para o deseño das políticas de xogo responsable». Vou seguir citando: «Esta institución considera que este anteproxecto non está consonte coa realidade actual do xogo e que nace con importantes eivas». Sigo citando: «O texto peca de escasa ambición e valentía». Cito máis sobre algunha cuestión que lles teño trasladado agora mesmo: «Considera que a actividade do xogo debería estar completamente prohibida en recintos deportivos e feirais». Cito máis: «Resulta difícil entender o sentido de disposicións tendentes a limitar o acceso a establecementos específicos de xogo cando o acceso con controis máis laxos pode facerse en centros e locais abertos ao público» —léase hostalería—.

Podería seguir citando. O informe é demoledor. Este informe faino o Consello Económico e Social de Galicia, presidido por Agustín Hernández, que sinceramente creo que fai un bo traballo de análise da lei. E este informe, que é de obrigada petición, ninguén o leu neste goberno.

Pero voulles ler algunha cousa máis, porque a este goberno non lle convence a lei, este goberno ten un problema con esta lei. Porque alegan a esta lei membros do Goberno, do seu Goberno, señor Calvo, do seu Goberno. A Consellería de Sanidade alega contra esta lei. Por exemplo, ¿que pide? Como o Partido Socialista, como as asociacións: limitar, impedir a presenza de máquinas de xogo en recintos feirais e deportivos. Está nas alegacións. ¿Que fixo a súa consellería? Rexeitar, rexeitar. Vostedes rexeitan as alegacións da Consellería de Sanidade, que algo de prevención debe coñecer.

Pero é máis, alega a Consellería de Mar. Eu creo que neste goberno houbo consellerías, equipos das consellerías que, lonxe doutros debates, o que non queren é verse manchados por esta lei e alegan. Rexeitan todas as da Consellería do Mar, todas, salvo unha, respecto da que citan —por fin vemos a Consellería de Mar sufrindo un pouco, como a oposición— que «xa se está facendo». *(Aplausos.)*

Están nas alegacións. O seu Goberno, señor Calvo, o seu Goberno, excompañeiros seus, exconselleiros, o Consello Económico e Social, todos eles alegan contra esta lei, en cuestións que ademais as asociacións levan demandando hai tempo, incluso as que asociacións de empresarios do xogo tamén demandan, cuestións que dende o Partido Socialista levamos reivindicando durante moito tempo. Todos estamos de acordo. A pregunta: señor Calvo, ¿para quen fixo vostede esta lei?, porque para todos os demais non. ¿Para quen fixo vostede esta lei? A ver se nos pode responder.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Moi bo día a todas.

Grazas, señor presidente.

Debates hai arredor dun mes sobre a necesidade de actualizar a lexislación sobre o xogo do noso país. Dixen daquela —e manteño hoxe— que imos tarde, imos moi tarde, cando estamos operando cunha lei aprobada moito antes de que nacésemos máis de media ducia das que hoxe estamos sentadas nesta cámara. Unha normativa que non se foi adaptando debidamente, que non foi quen de prever o que foi pasando nestas case catro décadas, nin demasiado de axeitarse a estes cambios. Aínda así, que vaíamos tarde non é óbice para facer un traballo rigoroso e que incida sobre aqueles aspectos nos que estamos a ver que o xogo ten un impacto especialmente marcado.

A regulación do xogo non é equiparable á regulación doutras actividades económicas ou doutras actividades de lecer, sendo laxos co propio termo «lecer». Temos que ter presente que esta actividade provoca un importante fluxo económico, tamén en termos de fiscalidade, mais que ademais ten un impacto directo sobre a saúde das persoas.

Xa comentamos en moitas ocasións os estudos científicos que alertan do impacto que ten o xogo sobre a sociedade en xeral e sobre a mocidade en particular. A enquisa Edades apunta que máis da metade da poboación entre os 15 e os 64 anos apostou diñeiro no último ano, maioritariamente xogos de lotería convencional e instantánea. A enquisa Estudos indica que o xogo presencial ten unha prevalencia do 17 por cento entre o estudantado de 14 a 18 anos, menores de idade, maior que a prevalencia do xogo *on line*, aínda que menor que a prevalencia que ten na poboación xeral.

No 2020 o 1,6 por cento da poboación de 15 a 64 anos estaría enmarcada xa na categoría de xogo problemático. O 0,6 por cento atoparíase ante un posible trastorno de xogo. O 3,4 por cento do alumnado de 14 a 18 anos serían candidatos a presentar un posible xogo problemático. Reitero: todos eles, menores de idade.

Todos estes datos están extraídos do informe sobre adiccións comportamentais do 2021 elaborado polo Observatorio Estatal das Drogas e as Adiccións, informe que remata poñendo o acento sobre a necesidade de intensificar as actividades preventivas atendendo sobre todo ás cifras que presenta a mocidade.

Se atendemos ao noso país, os datos son moi similares. Estudos como o que xa foi mencionado en moitos debates nesta cámara do profesor Rial Boubeta alertan da mesma problemática.

Estamos ante un problema gravísimo que causa empobrecemento, perda de saúde mental, baixada do rendemento académico e, sobre todo, evidentemente, condutas e trastornos de



adicción, e que se ceba ademais coas persoas máis desfavorecidas da nosa sociedade. Pero tamén sabemos que estamos ante un sector co que o Partido Popular ten múltiples afinidades, un sector ao que o que é hoxe en día presidente da Xunta de Galiza se cansou de gabar pola súa xeración de riqueza, un sector que ten destacado a boa sintonía que manteñen co Executivo galego.

Xa temos falado do trato de favor que se lle deu en materia fiscal durante os primeiros anos da pandemia, permitíndolle a diminución dos tributos de casinos, bingos, máquinas de xogo e azar, ou cunhas restricións máis laxas que as que mantiñan sobre locais de hostalaría; trato de favor que se mantén ademais a día de hoxe. O artigo 7 da Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña ao proxecto de orzamentos para o 2023 e que a día de hoxe está en tramitación nesta cámara contempla manter un gravame inferior para o bingo presencial. Unha medida que seica é para axudar este subsector do xogo fronte a outros polo emprego que xera, malia a que estea en franco declive.

En palabras do voceiro do Grupo Parlamentario Popular, se hai un sector do xogo que está practicamente extinguido ou a piques de desaparecer, son os bingos. Non é o sector que xera máis problemas de adicción nin é un sector que estea expandíndose e chegando a lugares onde creamos que non debe chegar. Non é un sector relevante, senón máis ben un sector en franco declive. Así xustificaba o señor Puy Fraga esta medida, á marxe dos argumentos que tiña dado a Xunta de Galiza sobre que se trataba dunha compensación por mor da pandemia da covid.

E van tres anos nos que a Lei de acompañamento contempla algún tipo de mellora dos gravames do sector do xogo, tres anos nos que o Goberno da Xunta de Galiza deixa de ingresar unha importante cantidade de diñeiro dun sector cunha importante pegada sobre a sociedade e cun trato de favor, como digo, fronte a outros sectores económicos. Outra mostra máis de que o Goberno do Partido Popular está máis preocupado por gobernar para os seus amigos, reducindo os impostos dos que máis teñen ou de empresas de especial sintonía, que polo benestar da maioría. (*Aplausos.*)

O Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galiza, que temos por fin na Cámara, se ben era un proxecto agardado, non deixa de resultar por iso decepcionante. Un proxecto que leva máis de catro anos, catro longos anos de tramitación, entre a consulta previa, debate de anteprojecto e a emisión de todos os informes ata que finalmente se produce a entrada nesta cámara. Un proxecto de lei que, pese a isto, deixa moitos aspectos sometidos a unha regulación posterior, desenvolvemento sobre o que non se contemplan prazos concretos, sobre o cal non haberá lugar a un debate parlamentario. Aspectos tan importantes como a fiscalidade ou a publicidade quedan sen debullar neste texto lexislativo, deixándoo pouco menos que nunha cáscara baleira.

Tampouco contempla ningún tipo de medidas sobre a prevención de condutas patolóxicas, a pesar dos datos tan preocupantes que dei anteriormente. A propia Consellería de Sanidade manifestouse neste sentido nas alegacións feitas ao anteprojecto de lei. Por exemplo, Sanidade propuxo a inclusión dunha mención a que a Administración implantará actividades preventivas e asistirá as persoas con problemas de xogo, incluíndo o cribado de pacientes



en situación de risco; propuxo o control de acceso de prohibidos ás máquinas de apostas na hostalaría, de xeito análogo ao que sucede coas máquinas de tabaco; que se describise con claridade o mecanismo de control de acceso tanto presencial como telemático; ou a necesidade de prohibir a instalación de espazos de apostas en recintos deportivos e feirais pola alta presenza de menores. Propostas elaboradas pola Consellería de Sanidade que ficaron en baleiro, que non foron tidas en conta, pendentes doutros desenvolvementos normativos ben ao abeiro deste mesmo proxecto de lei ben con desenvolvementos normativos específicos na área sanitaria, pero que afondan no que xa comentei: na falta de concreción deste proxecto de lei.

Pero é que, ademais de non atender aos requirimentos da Consellería de Sanidade, tamén se deixan ás marxe as suxestións e as demandas realizadas por asociacións de pacientes, por persoas estudosas do tema ou incluso polas ANPA galegas. Unha profunda falta de ambición e de valentía ao regulamentar un sector que claramente non é inocuo.

Na exposición de motivos do proxecto de lei recóllese a consideración de que a oferta de xogo existente actualmente na Galiza é excesiva en relación coa demanda real da poboación, partindo da análise de instalacións de máquinas de apostas e recreativas en establecementos de restauración e ocio, entretemento, en relación co número amplamente superior a que están autorizadas.

Non obstante, o texto aprobado polo Consello da Xunta non só non contempla a diminución destas autorizacións senón que permite o incremento nas tendas de apostas, nos salóns de xogo ou nas salas de bingo operativas no noso país. Recoñécese que a demanda real é claramente inferior, mais aínda así habilita a posibilidade de que na Galiza se poida instalar outra nova sala adicional de casino, 4 novos salóns de xogo, 8 tendas de apostas, 2 bingos e, por exemplo, 622 novas máquinas de apostas en locais de restauración, que sumarían ás 2.978 existentes, segundo os propios datos que se desagregan na exposición de motivos. Certo é que estes datos poderían ser máis actuais, estes son do 31 de decembro do 2020, pero son os que recolle o seu propio proxecto de lei.

Comentei anteriormente o trato de favor que se lles deu e se lles segue dando ás salas de bingo, trato de favor que tamén recibiron os casinos, por exemplo, cando no 2015 se permitiu a apertura de salas adicionais, o que supuxo que o casino da Toxa tivese un novo local en Vigo, accedendo a unha poboación potencial moito maior, e que agora mantén a porta aberta para que tamén o faga o da Coruña cunha lexislación e cunha normativa máis flexible. Mais tamén sobre as máquinas de apostas en locais de hostalaría, sobre as que non pesa ningún tipo de límite de distancia aos centros de ensino, por exemplo, e nas que sabemos que, aínda que non deberan, apostan menores de idade.

O 70 por cento das apostas realizadas por mozos no noso país tiveron lugar nos bares a plena luz do día. E, por casualidade, ¿coincidiulles ás persoas que estamos a día de hoxe neste debate ir tomar un café diante dun instituto calquera día entre semana pola mañá? Porque a min si que me coincidiu de estar un día a media mañá nun bar diante dun instituto neste país e o que sucedeu foi que cando veu a hora do recreo todo o alumnado de bacharelato saíu fóra, entraron en tropel no bar directos a pola máquina de apostas que había no local. Foi —



a verdade— unha imaxe dantesca, pero que se repite día tras día por toda a xeografía do noso país. É aterrador, e sobre isto o proxecto de lei non prevé ningún tipo de actuación, lonxe da demanda realizada por asociacións para que estas máquinas deixen de ter este tipo de omnipresencia na vida pública.

Aspecto que tamén foi criticado polo Consello Económico e Social. Cito literalmente: «Tam-pouco comparte o CES o feito de que a norma non preveña a desaparición das máquinas co-mecartos e de apostas deportivas nos establecementos de hostalaría e restauración, senón xa con carácter inmediato polo menos logo da expiración do período transitorio previsto no texto. Resulta difícil entender o sentido de disposicións tendentes a limitar o acceso a esta-blecementos específicos de xogo cando o acceso con controis máis laxos pode facerse en centos de locais abertos ao público en Galicia. Subsidiariamente o CES considera que debería establecerse unha prohibición para a localización de máquinas desta natureza en establece-mentos diferentes aos dedicados propiamente ao xogo, cando se localicen a menos dunha distancia idéntica á establecida para estoutros e obrigando en todos os casos a contar cun sistema de activación remota».

A risco de repetirme co señor Torrado, quixera destacar algúns outros aspectos que tamén foron obxecto de crítica do CES no anteproxecto e que quedaron fóra deste proxecto de lei.

A publicidade. O CES considera que, «dentro do marco das competencias autonómicas, a prohibición da publicidade do xogo debe estenderse tamén aos medios de comunicación pri-vados, á prensa escrita, á vía pública e aos medios de transporte da Comunidade Autónoma». O proxecto de lei limita que serán os medios públicos os que sexan obxecto de regulación.

A distancia aos centros de ensino e de rehabilitación. «Pola maior protección que a xuízo do CES merece a saúde e a seguridade das persoas consumidoras, especialmente as máis vulnerables, considera que debe manterse o requisito das distancias mesmo nos casos en que a apertura do centro educativo ou de rehabilitación oficial sexa posterior á data de au-torización do establecemento de xogo». Todo o contrario do que se recolle neste texto, onde a prioridade é a do establecemento do xogo por riba do dereito á educación e á saúde. É dicir, condicionaremos a apertura de centros de ensino xa non só á vontade deste goberno, que non sempre é favorable, á existencia de parcelas axeitadas e que se dean as condicións téc-nicas oportunas, senón que, ademais, se pretende supeditar a existencia previa deste tipo de negocios.

A prevención. O CES bota en falta mencións específicas a actuacións de natureza asistencial das ludopatías, reforzadas cun compromiso de dotación de recursos para o seu desenvolvemento, sobre a base, por exemplo, da dedicación de parte da recadación por sancións para estes fins. O CES considera que debe garantirse un marco orzamentario para o deseño das políticas de xogo responsable, así como das actividades preventivas e asistenciais, un aspecto que xa comentei anteriormente, sobre o que tamén se ten pronunciado a Consellería de Sa-nidade, e tamén sen éxito. Ou, por exemplo, considera o CES que as reiteradas previsións a posteriores desenvolvementos regulamentarios e deseño de políticas públicas especialmente en relación co xogo responsable ou deseño de políticas de prevención, entre outros, limitan o potencial desta norma para enfrontar decididamente a problemática do xogo en Galicia.



O informe elaborado polo Consello Económico e Social a teor do anteproxecto de lei é absolutamente demoledor. Igual de demoledor é ver como as súas recomendacións fican en baleiro neste proxecto de lei que se remitiu á Cámara.

A necesidade urxente deste cambio, desta mellora normativa, a necesidade de actualizar unha lexislación que xa data de 1985 non pode ser un obstáculo, non pode ser un freo para o desenvolvemento dun proxecto lexislativo que sexa ambicioso e que actúe realmente como unha garantía de preservación da saúde da poboación e de protección da sociedade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Antes de continuar co debate, saudamos agora os alumnos de primaria do centro Mestre Vive, de Ourense, que hoxe nos acompañan e que están aquí no Parlamento; tamén os seus profesores e os invitados que temos na tribuna.

Continuamos agora, coa rolda a favor do grupo das emendas ou de portavoces do grupo parlamentario non emendante, neste caso o Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Iniciamos hoxe os debates do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia, e iniciamos estes debates con dúas emendas á totalidade, emendas en si mesmas contraditorias, xa que a do Partido Socialista di que esta proposta de lei é incompleta e, por tanto, non están proponendo un texto alternativo completo. Entendo que algunha cousa lles vale e algunha hai, porque non hai moito que este grupo, como presume o señor Torrado, trouxo unha proposición de lei a esta cámara que era bastante menos ambiciosa que esta que debatemos hoxe.

E no que se refire á emenda á totalidade do BNG, pois manifesta que estamos ante unha lei insuficiente e cativa. Por tanto, tamén hai cousas na lei aproveitables, señora Carreira, e coas que vostedes concordan, e, por tanto, poderían ter presentado emendas parciais para mellorar o texto lexislativo.

Pero non, prefiren facer un discurso destrutivo cara ao Goberno e cara a este grupo parlamentario. E, por tanto, a esquerda e os independentistas prefiren facer unha oposición pouco construtiva nun ámbito tan sensible e tan importante como este. Unha oposición frontal a unha lei que pretende adaptar unha lexislación do ano 1985 a unha realidade moi diferente no ámbito do xogo que vivimos no século XXI e que pretendemos con esta lei protexer as persoas máis vulnerables fronte a unha posible adicción.

Porque en si mesmo o xogo é unha actividade legal. Aínda non lle escoitei a ningún de vostedes que había que prohibila. Por tanto, sexamos rigorosos no debate. Estamos ante unha actividade económica legal, que debe ser regulada para promover un xogo responsable e protexer unha posible situación de adicción ás persoas máis vulnerables, como son os me-



nores, para os que si está prohibido e son os que teñen a nosa prioridade e a prioridade desta regulación, así como as persoas que sofren algún tipo de ludopatía ou adicción ao xogo.

E nós o que imos facer é un debate serio e rigoroso, porque o tema o merece, e non imos entrar na forma de facer política do Partido Socialista, porque xa nos advertiu o señor Torrado o pasado pleno cal era a súa forma de debater, ¿non? Dixo que a súa forma de facer política era construír un relato, modificación dos feitos ocorridos e desprezo dos datos. E dixo máis: facémolo todos. Pois non. Señor Torrado, esa é a especialidade de vostedes, os socialistas: repetir unha mentira mil veces a ver se se converte en verdade. E nós non traballamos así, e por iso a xente valora a nosa forma de facer política, de traballar, e por iso nós seguimos gañando eleccións e vostedes pois cada vez perden máis apoios.

E vostedes claro que desprezan os datos. Mire, no Informe Estudos 2016-2017, publicado o 25 de maio de 2018, cando aínda era presidente do Goberno o tan deostado Mariano Rajoy e un mes antes de que fixeran vostedes a moción de censura, pois os datos eran os seguintes: a porcentaxe de xogo na internet no ano 2014 e 2015 era do 10,2 por cento e no 2016-2017 do 6,4 por cento; é dicir, baixouse un 3,8 por cento o xogo *on line*. E no presencial, no 2014-2015 estaba no 20,6 por cento e no 2016-2017 no 13,6 por cento, é dicir, unha baixada do 7 por cento.

¿E que pasou dende que goberna o señor Pedro Sánchez? Pois temos o Estudos 2021 —e son informes do ministerio, non os fai o Partido Popular—. No 2021 pois mire: na internet o xogo é do 9,4 por cento, é dicir, unha subida do 3 por cento respecto á do 2016-2017; e o presencial un 17,2 por cento, isto é, unha subida do 3,6 por cento. Pero é que, ademais, o Estudos 2021 incorpora un novo apartado, que é posible xogo patolóxico. É dicir, estamos nunha situación de risco real de que cada vez hai máis menores con posibilidades de ter un xogo patolóxico por determinadas condutas adictivas, fundamentalmente polo xogo *on line*, que vostedes tanto desprezan.

Por tanto, señorías, nada mellorou dende que os socialistas están no Goberno de España; máis ben empeorou, e moito, como lle acaban de dar os datos: empeoraron os índices de adicción ao xogo por parte dos menores de idade. E, por primeira vez, como lle dicía, o Informe Estudos fala de posible xogo patolóxico.

Nós non imos desprezar os datos, señor Torrado. Efectivamente, no xogo presencial hai riscos e hai moitos menores que xogan, pero hai control de acceso. Despois falaremos de que controis está poñendo o Goberno de España no xogo *on line*, para o que si ten competencia e para o que non está facendo absolutamente nada, tan preocupados que están os socialistas por esta materia.

E se están tan comprometidos coa protección dos menores e das persoas vulnerables ás adiccións, ¿por que non fan algo no xogo *on line*, señor Torrado? Certamente é moi difícil xogar *on line* se non es maior de idade; só hai dúas opcións: ou a través dunha suplantación de identidade e cun DNI doutra persoa ou que un maior de 18 facilite o acceso ao xogo *on line*.



Eu non sei se vostede o intentou algunha vez, eu nunca xoguei *on line*, pero si é certo que para preparar estes debates que temos durante esta temporada metinme na internet para ver que controis hai, e a verdade é que, se non es maior de idade, é moi difícil se non tes un DNI dun maior. (*Murmurios.*) Faille moitísima graza, non sei, debe ser moi gracioso. Pois a min non me fai ningunha graza, señor Seco. Ríase vostede, ríase, que o que ri último ri mellor. (*Murmurios.*)

Mire, sobre o DNI electrónico... (*Murmurios*) Non, non, é que se está rindo. ¿A vostedes párecelles gracioso o debate? A min paréceme un debate moi serio. Pero ben, eu dos socialistas a verdade é que espero calquera cousa.

Sobre o DNI electrónico, mire, señor Torrado, a lei non específica o sistema, só di que as máquinas deben contar cun sistema de control que impida o xogo de menores; pode ser o DNI electrónico ou calquera sistema que se instale nas máquinas e que previamente ten que ser homologado e autorizado pola Dirección Xeral de Emerxencias.

Critican moito vostedes os informes do Consello Económico e Social. ¿Que dirían os informes do Consello do Estado e dos diferentes ministerios do Goberno de España? Pois non o sabemos, porque, como no Estado non hai ningunha lei despois de que levamos dende o ano 2018 gobernando o Partido Socialista con Podemos, e iso que no seu acordo de goberno da coalición progresista PSOE-Podemos teñen un apartado sobre prevención de adiccións: *Reorientaremos la tasa por la gestión administrativa de juego que pagan los operadores en línea con el fin de destinar un porcentaje a iniciativas preventivas de sensibilización, intervención o control.* Iso mesmo que o señor Torrado lle pide á Xunta de Galicia que firmou cos de Podemos para levarlo a cabo no Estado e que non están a facer, señor Torrado.

¡Por favor! Política son feitos, vostedes están gobernando. Cando gobernan ¿que fan? Eu pregúntome, porque aquí no xogo hai dúas partes competenciais. No xogo presencial ten competencia a Xunta de Galicia, pero no xogo *on line* ten competencia o Goberno de España, e vostedes están gobernando no Goberno de España. E todos os expertos apuntan a que este formato é o máis perigoso. Pero o que é peor é que imos cara a máis xogo *on line*, a dixitalización da sociedade é imparable e implica unha menor presencialidade en todo, non só nos hábitos de consumo senón tamén no xogo, e pechar os ollos a esta realidade é a súa forma de modificar o relato.

E tratan de modificar o relato ata o absurdo, intentando facernos crer que esta lei é posterior á proposición de lei que trouxo a esta cámara o Partido Socialista. Pero, señor Torrado, se nós levabamos no programa electoral do ano 2016 esta lei. Vostedes non. Nós trouxemos a esta cámara máis iniciativas e moito antes que vostedes, moitísimo antes. E esta lei leva unha tramitación longa, efectivamente, pero levamos varios anos coa tramitación. Non se creou da noite á mañá en quince días, porque vostede trouxera aquí unha iniciativa que rexistrou o 5 de maio, señor Torrado.

Mire, o mundo non xira ao redor de vostede, ¡eh! Eu creo que vostede debería tamén facer unha curiña de humildade e empezar a pensar que non, que vostede non é a persoa que marca o paso nin da Xunta de Galicia nin deste grupo parlamentario no ámbito da Lei do xogo. Non.



Tiñámola moito antes, e vostede coñecía, que xa tivemos aquí varios debates. Eu ensineilla un día, aínda estaba vostede sentado aí, porque foi na pasada lexislatura, e quedou sorprendido. ¡Ah!, ¿de onde a saquei? Pois mire, da internet, estaba colgada na Xunta de Galicia en exposición pública. Así que, mire, señor Torrado, se quere falar en serio, falamos en serio.

Mire, vostede trae aquí un discurso absolutamente demagóxico, porque mire, sobre a súa proposición de lei tan marabillosa que vostede di eu voulle dicir tres cousas fundamentais. Primeiro, esta lei pecha o mercado por lei, aos quince anosponse o contador a cero e a partir de aí aplícase a distancia de 300 metros. Con vostedes, na súa lei, aplican as distancias ás novas licenzas e pechan o mercado a cinco anos. Dígame vostede: se pechan o mercado e non hai novas licenzas, ¿a quen lle van aplicar a lei? A ninguén, a ninguén, señor Torrado. Esa é a súa proposición de lei.

Propoñen o control do DNI para menores. Nós, ademais dos menores, propoñemos o control para os prohibidos, para as persoas rexistradas no Rexistro de Prohibidos.

E, claro, tamén di o señor Torrado: nós propoñemos unha soa máquina nos establecementos de hostalaría. Pero, claro, é que vostedes permiten que sexa unha máquina tipo C, señor Torrado, isto é, máquinas exclusivas de casino sen límites de aposta nin de premio, é dicir, as máis adictivas, señor Torrado.

Despois resúltame moi sorprendente que vostede fale de que na política de prevención non temos compromiso orzamentario. Mire, eu non sei se vostede leu o artigo 4, que é o referente á política de prevención. Está redactado polo grupo de traballo de xogo responsable, no que participaban representantes das distintas consellerías, a Universidade de Santiago e asociacións de loita contra a ludopatía. E nós dicímoslle, señor Torrado, que os galegos poden estar tranquilos, nós non imos frivolizar coas terapias de grupo, como si fan vostedes con esa nova campaña de *Derrochólicos*. Por certo, hai que ter pouca sensibilidade coas persoas que van a terapia de grupo e coas súas familias, alá vostedes, alá vostedes! (*Aplausos.*)

E sobre o compromiso orzamentario, neste ámbito o artigo 4 relata oito apartados de política de xogo responsable, no ámbito da sensibilización, da concienciación, do control, da información, as prohibicións. E no apartado 9 di textualmente: «As consellerías con competencias en materia de xogo e sanidade consignarán crédito nos seus orzamentos correspondentes para financiar respectivamente o Observatorio Galego do Xogo e as actividades dirixidas á prevención da ludopatía». Na súa marabillosa proposición de lei, na súa, só falaba no artigo 14.3 para dotar o Observatorio.

Pero mire, en técnica lexislativa, cando se di: «consignarán crédito», é moi distinto a «poderán consignar». «Consignarán crédito» é imperativo, teñen que facelo; pero é que, ademais, o fai. Porque mire, a Xunta eleva as súas axudas para programa de prevención das adicións un 8 por cento, ata os 4,5 millóns de euros, que vostede di que non hai nada.

E, postos a modificar os feitos e construír o seu relato, pois tamén di que hai numerosas cuestións que quedan a expensas de futuros regulamentos normativos e que a lei permite un marco moi amplo sen pretender acoutar moitos deles. Entón, eu fun á súa proposición



de lei e dixen: a ver o señor Torrado como fai a técnica lexislativa. E, ¡oh, sorpresa!, xa no artigo 1: «A práctica do xogo obxecto desta lei pode realizarse de forma presencial ou a través de medios electrónicos, telemáticos ou de comunicación a distancia nas condicións e cos requisitos que se determinen nesta lei e nos regulamentos que a desenvolvan». Artigo 9, sobre xogos autorizables: «Regulamentariamente estableceranse as regras esenciais para o desenvolvemento de cada modalidade de xogo». No punto 5: «Por decreto do Consello, por proposta da consellería competente, poderanse incluír no catálogo outros xogos». Artigo 10, en relación cos xogos prohibidos. Artigo 14, composición organizativa e funcionamento do Observatorio do Xogo. Artigo 21: «Regulamentariamente estableceranse o contido, a organización e o funcionamento do Rexistro de Persoas Excluídas». O 23, o 24, o 26.9, o 27, o 28, o 29, o 30, o 32.3...

Señor Torrado, deixe de facer demagogia, ¡deixe de facer demagogia!, teña un debate serio e rigoroso. Deixe de dicir aquí que esta lei traslada todo ao regulamento cando a que vostede presentou hai quince días ten máis de vinte artigos que se remiten á regulación, a regulamentos e decretos do Consello. Acábollos de dicir, non teño tempo de lerllo todo.

Mire, señora Carreira, teña moito coidado ao sinalar os empresarios do xogo como amigos do PP, porque logo á súa lideresa xa lle está marcando o camiño para que os vaia visitar. Xa vimos o que pasou con Inditex, que pasou de ser unha empresa explotadora de mulleres a ser un referente económico. Teña coidado e non teñamos que ver a señora Pontón proximamente nun salón de xogo alabando os empresarios do sector. Porque mire, ¿sabe que pasa, señora Carreira? Eu creo que á señora Pontón se lle está empezando a poñer un pouco cara de Yolanda Díaz. (Murmurios.)

Mire: *El sector del juego advierte que la nueva ley gallega complica su futuro. La futura Lei do xogo debe cambiar porque estrangula al sector del juego. Mire, eses son os nosos amigos.*

O sector non está contento e vostedes tampouco. Eu xa lle dixen un día: creo que no equilibrio, na moderación e na centralidade está o éxito. E creo que esta lei non é tan mala cando temos enfadado por desgraza o sector e temos enfadadas por desgraza as asociacións, temos enfadada por desgraza a oposición... Parece que está enfadado todo o mundo. Pois debe ser que imos en dirección contraria.

Eu, señorías, fago aquí unha proposta: poñamos o marcador a cero, fagamos unha política seria e responsable, teñamos altura de miras e deixemos a un lado as críticas demagóxicas e baleiras que nada contribúen a axudar a quen realmente o merece: as persoas máis vulnerables, os menores...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e as persoas con adiccións. Traballaremos pensando neles.

Eu téndolles a man para sacar esta lei por consenso, para chegar a acordos nesta materia tan sensible. Aparcar a demagogia e deixar de retorcer os datos, que, por desgraza, son moi significativos, e todos estamos de acordo en que, se non poñemos freo ás adiccións, se non



impulsamos políticas de sensibilización, de concienciación, de non demonización do sector, se non apostamos pola información e a formación e a protección dos menores e persoas vulnerables, non estaremos cumprindo co mandato que temos da sociedade. A sociedade quere políticos útiles. Fagamos que esta lei sexa útil á sociedade e poñámonos de acordo e saquemos esta lei por consenso, porque será bo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...para todos. Será bo para Galicia, para os galegos e para as gallegas.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda de réplica. Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Estou encantado de que vostede fale. Ten algunha resposta que dar aínda, señor vicepresidente.

Grazas, presidente.

En fin, despois de escoitar que... A ver, todo o demais vale, pero desprezar os datos... Se eu o que creo é que moitas veces utilizo datos de máis sobre as cousas e traballo pouco niso do relato, no que o Partido Popular é un campión mundial. (*Aplausos.*) ¡Home!, vir aquí dicir que utilizo poucos datos e que desprezo e tal, en fin, ben.

En todo caso, podemos debater da nosa proposta. Recoñézolle, señora Prado, que debateu hoxe vostede máis da nosa proposta de hai un mes que hai un mes. (*Aplausos.*) Xa que leron agora a metade da lei, cando lean a outra metade, se quere, podemos volver metela en debate. En fin, xa a poderían ter lido enteira e entón xa podemos debater da verdade.

E, efectivamente, algunha cousa está ben neste debate. Por exemplo, que veña esta lei, que veña é unha oportunidade. Xa llo dixen a última vez: fixo vostede máis en seis meses que o señor Rueda en seis anos. E isto está ben. Eu creo que é un avance.

Outra cousa é que nós cremos que está sendo ou estamos ás portas dunha oportunidade perdida. Isto é o que nós cremos. ¿Por que? Pois basicamente polas cuestións que vimos de relatar, as que relataremos no debate das emendas parciais. ¿Por que non fixeron vostedes emendas parciais? Porque iso vai despois. Eu de técnica xurídica é unha cousa, pero de técnica parlamentaria algo xa fun aprendendo; pouco, ¡eh!, que eu son duro de mollera, pero primeiro vai o debate á totalidade, despois vai o das emendas parciais. En fin, xa sabe, vai todo iso por partes, en todo caso.

Pero nós —que si nos interesa debater da lei— seguimos insistindo en cousas das que aquí non se faloron. O PP falou de Pedro Sánchez e da lei dos socialistas. Está ben, fala a des-



tempo, un mes máis tarde, pero está ben. Con esta proposta, se nós non implantamos algunhas medidas ou se non somos ambiciosos, imos seguir tendo os problemas que temos.

¿Que problemas temos que non imos resolver? Imos seguir tendo menores xogando, que non poden, pero é que xa non poden agora, pero xogan. E se non poden agora pero xogan e non modificamos aquelas cuestións que fan que se lles permita xogar, van seguir xogando. Se hai que ir á realidade, non a quedar contentos con ver que mellor expresión está nun papel. Os menores están xogando e isto é evidente. Citei un montón de datos, citounos a señora Carreira, hai estudos que temos habitualmente; se os cito, vanme dicir que non utilizo datos; entón, case non o vou facer.

Pero é que varias das cuestións sobre controis de acceso que nós estamos propoñendo proponas tamén o Goberno: a Consellería de Sanidade, a Consellería do Mar. Eu preguntome onde están os demais conselleiros e conselleiras, ¿onde están? Pero, en fin, hai conselleiros e conselleiras aquí neste goberno que non están de acordo; esta debe ser a lei da metade do Goberno, da metade do señor Calvo. O señor Rueda non a fixo, esta é da metade do señor Calvo. Entón, a de Mar e o de Sanidade discuten esta lei.

Entón, ao final nós o que propoñemos é: se estas cousas, se o Consello Económico e Social, que dirixe Agustín Hernández, exconselleiro, discute moitas das cuestións que nós tamén estamos discutindo, ¿non sería bo que puideramos falar desas cuestións para incorporalas á lei? ¿Ou é que tamén o conselleiro de Sanidade, a conselleira do Mar e o CES son demagóxicos e populistas? Porque igual tamén é que son demagóxicos e populistas, porque se o somos nós por dicir o mesmo... Claro, ese non é o debate político do PP, o debate político do PP é que o Partido Socialista é demagóxico populista, dá igual o que diga, porque, total, non nos enteramos do que di, pero dá igual o que diga, que son demagóxicos populistas, e despois a partir diso xa empezamos a construír o debate. *(Aplausos.)*

Non corresponde entrar no particular, pero, por seguir desenvolvendo as ideas que defendemos, cremos que é unha lei baleira e é unha lei que deixa moitísima inconcreción. Por exemplo, si cos regulamentos. Non é o mesmo falar dos regulamentos e as sancións, que son a posteriori, pero si dos regulamentos, de como controlamos o xogo. Por exemplo, o Observatorio do Xogo. ¿Non poderíamos na lei establecer quen o compón, como se compón, que competencias ten? *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: Señora Prado, a nosa lei propoñía a composición exacta do Observatorio do Xogo. Pero, se quere mentir, minta, pero non me interrompa no meu debate. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Lea a lei e despois debatamos. Pero unha cousa é o debate e outra cousa é mentir.

O Observatorio do Xogo desenvolverase regulamentariamente.

Xogo de apostas, artigo 28.2, non se trata de ir ao concreto agora, pero 28.2: «A organización e os requisitos deste xogo serán obxecto de desenvolvemento regulamentario». Os xogos



de apostas, os requisitos que teñan as máquinas xa os desenvolveremos despois. ¿Pero non é a lei o lugar para explicitar como serán as máquinas, como se poderá xogar, como imos poder acceder, quen vai ter prohibido acceder, como imos prohibir? «Desenvolverase regulamentariamente». Claro, así é imposible regular; «desenvolverase regulamentariamente».

¿Que quere dicir esta lei, basicamente? Imos sacar unha lei rápido, porque estamos presionados politicamente para sacala, porque levamos seis anos anunciándoo, o Partido Socialista meteu unha e agora temos que sacar unha nosa, pero imos dicir que a lei é moi bonita, pero despois o que imos facer é meter aquí na lei o relato para dicir «xa o desenvolveremos regulamentariamente», que é que xa o faremos nós no Consello da Xunta, ou nin sequera no Consello da Xunta, facendo o que nos dea a gana, sen publicitalo e sen traelo ao debate. Isto é o que propón esta lei: que deixemos a regulación do xogo outra vez en *stand by* a teor de que a regulamentación despois se poida escribir nalgún despacho sen vir debaterse.

Nós defendemos que a lei é inconcreta, que pode devolverse para traer un marco máis amplo, non para quedar na casa, senón para traer unha lei mellor, unha lei que parta dun marco mellor, e que nesa lei traballemos sobre cuestións esenciais, como o DNI electrónico, como o acceso que temos á hostalería, que non poden converterse en locais de apostas, e limitemos a unha máquina —por certo, que non se di nas outras propostas, nas que fixemos nós, o que se di aquí—, unha máquina, e que na dotación económica figure o 1 por cento das taxas, que figure o completo das sancións, porque si, iso é o que nós propoñiamos e nós cremos que ademais está de acordo co que di o sector completamente: as asociacións, os empresarios e todos os sectores involucrados, menos a Xunta de Galicia. ¿Que quere facer que? Desenvolvelo despois regulamentariamente.

¿Para quen fixeron esta lei?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Para quen? Porque non hai ninguén. Se non quedou ninguén por alegar, incluso o propio Goberno. E eu querría saber cal é a opinión dun goberno que ten unha lei que alega o propio Goberno. Porque ao final a realidade é que a Consellería de Sanidade, que algo debe saber de prevención, alega sobre cuestións de prevención e rexéitase. Que o CES, que algo debe saber, alega moitísimas cuestións e rexéitase ou non se teñen en consideración. ¿Para quen fixeron esta lei, señor Calvo? Esa é a pregunta clave desta historia, e a partir de aí podemos empezar a construír.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Señora Prado, dicía vostede que tanto pola emenda do Grupo Socialista como pola propia nosa se deducía que considerabamos que dentro do proxecto de lei remitido había cousas



aproveitables. É certo, o señor Torrado explicitoullo agora e tamén llo explico eu: hai cousas aproveitables. O que non me poderá negar é que a lei non é mellorable.

Partimos dunha normativa que data do ano 1985. Eu nacín no 1991. ¡Anda que non mudaron cousas nestes case corenta anos! (*Aplausos.*) Unha lei que se foi adaptando a base de normativas posteriores pero que non eran suficientes. É certo que melloramos, aínda o camiño que nos queda é longo e, polo que proxecta esta lei, vai ser demorado.

Seica o problema é a oposición política deste país, que somos os dous grupos que aquí estamos representados malos malísimos, porque non lles facemos a ola. O problema é que non lle fan a ola as asociacións, non lle fai a ola o Consello Económico e Social e tampouco lle fai a ola tan sequera o seu propio Goberno cando vemos que a propia Consellería de Sanidade alega a este proxecto de lei.

E permítame volver incidir no que recolle a Consellería de Sanidade. Sanidade pide a inclusión dunha mención a que se van implementar actividades preventivas e se vai asistir as persoas con problemas de xogo, que se vai controlar o acceso de prohibidos nas máquinas de apostas na hostalería, que se describa con claridade o mecanismo de control de acceso tanto presencial como telemático e que se prohiba a instalación de espazos de apostas en recintos deportivos e feirais pola alta presenza de menores. E todo iso, todo iso caeu en saco roto.

Falaba vostede do control de acceso ao xogo presencial. ¿Cal é o control que existe a día de hoxe na hostalería ou cal é o control que vostedes prevén? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale. Pero ¿cal é o control que vostedes prevén para a hostalería? ¿Que sexa o hostaleiro, igual que sucede coas máquinas de tabaco, que dependa dos locais de hostalería, igual que sucede coas máquinas de tabaco? Porque voulle trasladar o que me comentou un amigo que traballa nun bar. El é camareiro, taberneiro, barman, como queiran chamalo; o que non é é inspector nin é persoal de seguridade.

Nós tampouco criticamos en ningún momento o informe do CES, todo o contrario: citamos o informe do CES, que é demoledor. E a min o que me resulta a verdade decepcionante é que a voceira do Grupo Popular estea máis preocupada polo que fai ou non fai o Goberno do Estado que polo que fai ou non fai o seu propio Goberno. Eu non sei que é o que fará o BNG no futuro; non podo prever o que pasará de aquí a dez anos, por exemplo, pero o que teño é a conciencia moi clara de que non foi a señora Pontón quen se desfixo en alabanzas cara ao sector do xogo, como si que fixo (*Aplausos.*) o que a día de hoxe é o presidente da Xunta de Galicia do Partido Popular, o señor Rueda.

E xa para ir rematando, nun exercicio a verdade de argumentación interesante, dicía que temos enfadado a todo o mundo, tanto ao propio sector, ás asociacións, á oposición política; polo tanto, a lei é boa. Primeiro, pobre Aristóteles, porque o razoamento que fixo en boas acabou; e, despois, co impacto que este sector ten sobre a saúde, eu creo que, cando menos, a opinión da Consellería de Sanidade e a opinión das asociacións de pacientes deberían ser tidas algo máis en conta; e vaia por diante que sabe que moitas veces eu discrepo coas opinións da Consellería de Sanidade.



Falaba tamén do Observatorio do Xogo, da diferenza entre «consignará» e «poderá consignar». Agardo de verdade que con este observatorio non suceda o mesmo que xa vimos que sucedeu con outros observatorios, por exemplo aquel que está operativo contra a discriminación por motivos LGBTfóbicos, que vemos que a consignación cada ano nos orzamentos é mínima, pouco menos que para fotocopias, e que o seu labor se limita a un órgano pouco menos que testemuñal.

Nós se temos rexistrado esta emenda á totalidade é porque cremos que si que é urxente un cambio na normativa, unha actualización, pero que esta actualización na lexislación ten que ser ambiciosa, ten que actuar como garantía de preservación da saúde da poboación e ten que actuar como unha garantía de protección da sociedade.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

(Aplausos.)

(O señor Calvo Pouso pide o uso da palabra.)

Pediu o turno o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Déanlle voz ao escano do señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Sen ánimo de reabrir pero si que creo que é necesaria unha aclaración. Que un proxecto fose debatido como foi este échenos de orgullo por falar con todos os sectores e escoitar todas as aportacións. E, evidentemente, nun proceso de diálogo hai que escoitar as aportacións, discutir as aportacións, e algunhas téñense en conta e outras non. Iso é un proceso de diálogo.

Teñan vostedes a seguridade de que todas as observacións de legalidade foron tidas en conta no proxecto final que hoxe presentamos aquí. Hai outras observacións nas que non se fai referencia a ningunha normativa legal que se infrinxa ou a ningún precepto contrario á normativa, e, polo tanto, hai algunhas que son consideradas opinións e non se teñen.

Pero, xa para rematar, dicirlle que hai unha Comisión Interdepartamental na Xunta de Galicia na que previamente todas as consellerías fan aportacións co ánimo de mellorar o texto que esta consellería presenta, e esas alegacións loxicamente algunhas —como dicíamos— téñense en conta e outras non, pero pódolle asegurar que todas as consellerías aprobaron o texto que hoxe lles presentamos aquí; todas. Teña vostede a seguridade de que non hai consellerías en contra disto. Quero deixalo claro, porque hai algún no debate que parece que pretendía que houbo unha cousa distinta. Así que nesa Comisión Interdepartamental se aprobou e se trae aquí.



Eu espero que no proceso que parece ser que comezará a día de hoxe con esas emendas parciais se poida mellorar. Dende logo, este goberno está disposto a mellorar o texto, sempre, como o estivo en toda a tramitación; que non lle caiba dúbida a ninguén. E poderanlle dicir todos aqueles sectores cos que falamos que aceptamos moitas suxestións, non todas, é verdade, porque a lei é deste goberno e non é dunha parte soa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Punto segundo, lexislativo.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda á totalidade de devolución polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Bo día, presidente.

Bo día, señorías.

Presento hoxe ante a Cámara o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, un proxecto que é necesario e urxente.

A urxencia vén dada polos propios prazos recollidos na Lei estatal 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, por ser unha exixencia derivada da última xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Supremo, que comprometen a lexislación básica actual, e por ser un compromiso de reforma da Administración pública recollido no Plan para a recuperación, transformación e resiliencia, de cuxo cumprimento dependen en parte os reembolsos do mecanismo de recuperación e resiliencia.

E a necesidade está xustificada polos tres principais obxectivos que persegue esta norma: axilizar e dotar de seguridade xurídica os procesos de estabilización autonómicos que se desenvolverán ao abeiro da Lei 20/2021, salvar todas as eivas e imprecisións que contén esta lei e garantir a convocatoria antes do vindeiro 31 de decembro do ano 2022 de todos os procesos de estabilización que se desenvolverán no marco desta normativa.

Presentamos este proxecto de lei porque queremos facer compatibles os principios xerais de acceso ao emprego público e a igualdade de mérito e capacidade co obxectivo de favorecer



que o persoal interino de longa duración poida seguir traballando na Administración autonómica de xeito regular.

E o primeiro que me gustaría salienta é que se trata dun texto amplamente consensuado cos representantes dos empregados públicos. De feito, contou co voto favorable de tres das catro organizacións sindicais que forman parte da Comisión de Persoal: Comisións, Unión Xeral de Traballadores e CSIF. Aspectos tan relevantes como os criterios de baremación para os procesos de estabilización ou a puntuación que representará a fase de oposición naqueles procesos que se realicen mediante o sistema de concurso-oposición foron negociados coas organizacións sindicais.

Señorías, hai que ter en conta que a Lei 20/2021 distingue dous tipos de procesos de estabilización. Un primeiro, que se materializará mediante o sistema de concurso de méritos, polo que se valorarán exclusivamente os méritos que se recollan nas convocatorias; e outro, a través do sistema de concurso-oposición, que comporta adicionalmente á fase de concurso a realización de exames eliminatorios.

O primeiro dos procesos, o que se levará a cabo a través dun concurso de méritos, empregase para ofertar e cubrir todas as prazas que xa estivesen ocupadas de forma temporal e de xeito ininterrompido con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano 2016. En canto ao segundo, pola modalidade de cobertura de concurso-oposición, será de aplicación ás prazas ocupadas de forma temporal e ininterrompida polo menos os tres anos anteriores ao 31 de decembro do ano 2020.

Dende o Goberno galego xa levamos meses traballando para poder levar á práctica esta estabilización o antes posible e dentro dos prazos legais establecidos. Neste senso, o Consello da Xunta xa aprobou o pasado mes de maio os decretos de oferta de emprego público da Administración, nos que se inclúen un total de 10.338 prazas para estes procesos de estabilización de emprego. Destas máis de dez mil trescentas prazas, un total de 8.703 seleccionáronse polo sistema de concurso de méritos, e outras 1.635, a través do concurso-oposición.

Señorías, en canto á valoración e o cómputo dos servizos prestados, nos procesos selectivos que se realicen mediante o sistema de concurso-oposición a fase de oposición representará o 60 por cento da puntuación total e serán eliminatorios os exercicios desta fase; e o resto —que estamos a melloralo mediante unha emenda polas últimas negociacións cos representantes dos traballadores—, ata un 30 por cento, será a valoración da experiencia, e o 10 por cento restante por formación. No caso dos procesos selectivos por concurso de méritos tamén se poderán facer probas puntuais se se considerase preciso para determinar a aptitude física, por exemplo.

En canto á data de valoración dos méritos, este proxecto de lei fixa a data de publicación da convocatoria no DOG como data para valorar estes méritos. Ademais, para o cómputo dos servizos prestados, nas bases das convocatorias só se valorarán os servizos prestados ás administracións públicas ou entidades do sector público no grupo, escala ou categoría profesional obxecto de cada convocatoria.



Igualmente, con este proxecto de lei buscamos unha mellor adecuación ás funcións e tarefas concretas a desenvolver polos aspirantes. E por esta razón nas convocatorias outorgárase unha valoración superior aos servizos prestados na propia Administración autonómica nese grupo, escala ou categoría profesional obxecto de cada convocatoria concreta.

Así mesmo, os procesos selectivos, tanto os materializados polo sistema de concurso-oposición como de concurso, incluírán unha proba previa de coñecemento da lingua galega para aqueles aspirantes que non acrediten o nivel establecido nas bases da convocatoria.

Por outra banda, tamén recolle a lei a incompatibilidade de compensación económica pola finalización dunha relación interina ou temporal coa Administración autonómica por non superar un proceso selectivo de estabilización no caso de que se supere outro proceso selectivo ao abeiro desta lei. A razón, como é obvio, é que, de producirse este caso, o empregado público mantería o seu posto de traballo na Administración autonómica.

Señorías, o máis importante deste proceso é que, cando se resolvan estas convocatorias, unha vez que se incorpore o persoal fíxo nestas prazas de estabilización e se sumen as prazas convocadas, a taxa de temporalidade da Administración galega situarase por debaixo do obxectivo do 8 por cento. Esta redución da taxa de temporalidade é unha prioridade do Goberno galego dende sempre e xa quedou plasmada no Acordo de concertación social do ano 2019.

Loxicamente, este proceso viuse afectado, como tantos outros, pola irrupción da pandemia, que era incompatible con celebrar procesos masivos de consolidación. Pero, aínda así, Galicia a día de hoxe é a comunidade autónoma con menos temporalidade de España, segundo os últimos datos do Ministerio de Hacienda y Función Pública.

Neste senso, quero lembrar que o Goberno galego sempre incorporou nos correspondentes decretos de oferta o número máximo de prazas autorizadas pola lexislación estatal de taxas de reposición. Ademais, Galicia ten reiterado en todos os foros institucionais en materia de función pública nos que está presente a nosa Comunidade Autónoma a necesidade de eliminar as taxas de reposición, nomeadamente en sanidade, así como a posibilidade de incluír nas ofertas de emprego público as vacantes que se prevexa que se van producir por xubilación no exercicio correspondente e no seguinte. Desgraciadamente, o Goberno central nunca atendeu estas demandas que permitirían anticiparnos e baixar esa taxa de temporalidade.

Precisamente coa finalidade de acadar unha efectiva redución da temporalidade no emprego público, o proxecto de lei que presenta o Goberno establece que unha mesma persoa aspirante non poderá ser proposta para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo en máis dunha escala ou categoría profesional, tanto na Administración xeral como nas entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico. Co mesmo obxectivo, aqueles que adquiran a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, tamén como consecuencia destes procesos selectivos previstos na lei, deberán permanecer en servizo activo na dita escala, grupo, subgrupo ou categoría un mínimo de dous anos dende a toma de posesión. O texto tamén prevé que estes procesos de estabilización ofertarán ao persoal un destino provisional. A nosa in-



tención é convocar un concurso de traslados e despois ofertar o destino definitivo a estes empregados públicos.

Por outra banda, e co obxecto de promover a eficacia, a eficiencia e a axilidade nos procesos selectivos, incluímos a posibilidade de que a Administración autonómica aprobe bases comúns para os procesos selectivos suxeitos a esta lei e tamén que a Administración autonómica poida nomear un ou varios tribunais nos procesos de concurso.

Señorías, antes de rematar, quixera subliñar a vontade de acordo e de consenso que practica este Goberno galego cos representantes das organizacións sindicais e que —como xa dixen— queda de manifesto neste proxecto de lei. Por iso, de xeito breve, lembrarei algúns dos últimos acordos pactados coas organizacións sindicais. Hai máis de tres anos asinamos o acordo de concertación social, un pacto global con UXT e con Comisións Obreiras para a mellora do emprego público. Considero que é o acordo máis importante da historia da Comunidade Autónoma en materia de emprego público, pois estableceu unha serie de medidas moi importantes para a mellora das condicións de traballo público elevando, por exemplo, a vinte e dúas semanas a baixa por maternidade, para o incremento das retribucións, para o desenvolvemento dos procesos de funcionarización ou, como xa avancei, para a aposta pola estabilización do emprego público.

Outro acordo importante en plena pandemia foi o asinado coa CIG para implantar o novo réxime de teletraballo dos empregados públicos. Con este pacto Galicia converteuse na primeira comunidade autónoma en adaptarse á normativa básica.

E, por citar dous máis recentes, o pasado mes de outubro asinamos o acordo de desenvolvemento do sistema de progresión da carreira administrativa do persoal funcionario, pactado con Comisións, UXT e CSIF; trátase dun sistema voluntario consolidable que recoñece o desempeño dos empregados públicos e a súa formación continua. E o acordo para o complemento do persoal laboral, este con Comisións e UXT, para establecer un complemento de desempeño dos postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia, similar ao de carreira administrativa do persoal funcionario.

E seguiremos traballando con este afán de mellora continua das condicións dos empregados públicos e co ánimo e a vontade de consenso cos seus representantes. De feito, o Consello da Xunta aprobou a semana pasada o proxecto de lei para materializar a suba adicional do 1,5 por cento das retribucións dos empregados públicos para compensar os efectos da inflación. Ese texto, que xa entrou nesta cámara e que queremos debater o antes posible para que esta suba se poida facer efectiva antes de que remate o ano, aplicarase con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro do ano 2022.

Se temos en conta este incremento extraordinario do 1,5 por cento e o aumento que está previsto no artigo 11.2 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, o aumento total das retribucións dos empregados públicos neste ano ascenderá ao 3 e medio por cento. *(Aplausos.)*

Remato xa, señorías, pedindo o apoio dos grupos parlamentarios para unha lei que, como dicía antes, é urxente, é necesaria, é necesaria para a Administración autonómica, dotará de



seguridade xurídica os procesos de estabilización que se desenvolverán ao abeiro da Lei 20/2021 e —o máis importante— permitirá situar a taxa de temporalidade de emprego público da Comunidade Autónoma ben por debaixo do 8 por cento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas, señor conselleiro.

Rolda de defensa da emenda á totalidade e de posicionamento respecto ao proxecto de lei.

Por parte do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra dona Iria Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Bo día de novo.

Grazas, presidenta.

Certamente, como xa denunciámos desde o BNG en diferentes ocasións, tanto neste pleno como nas comisións, na Administración pública galega existe un grave problema polo que se deu en chamar fraude de lei por abuso da temporalidade, que non é outra cousa que postos estruturais que responden a necesidades permanentes e son necesarios para o funcionamento dos servizos públicos estean cubertos por persoal con contratos dunha duración determinada. Ás veces o mesmo contrato temporal prolóngase durante décadas, noutras existe unha continua sucesión de contratos temporais para ocupar o mesmo posto de traballo.

Esta fraude de lei por abuso da temporalidade provoca unha deterioración no funcionamento dos servizos públicos, ao tempo que precariza o traballo da Administración pública, con grave afectación para as traballadoras, e, por outra banda, facilita as posibilidades de externalización e de privatización dos servizos públicos.

Xa que logo, o incremento da fraude de lei por abuso na temporalidade na Administración pública con esta precarización do traballo dos servizos públicos é algo que non se produce por acaso nin por unha causa única, senón que é algo profundamente ideolóxico. E, neste sentido, hai datos obxectivos que ilustran á perfección a situación na que nos atopamos a día de hoxe.

En xullo de 2009 o sector público galego dispuña aproximadamente dunhas oitenta e nove mil traballadoras, das que soamente 14.750 tiñan vinculacións temporais; supón o 16,57 por cento. Hoxe, cun número de traballadoras lixeiramente inferior ao de hai trece anos, o número de traballadoras temporais duplicouse, superando as vinte e sete mil traballadoras a día de hoxe na Administración, acadando case o 30 por cento do cadro de persoal.

E a esta situación chegamos pola falla de transposición da Directiva 1999/70, do Consello Europeo, do 28 de xullo de 1999, relativa ao Acordo marco sobre o contrato de duración determinada, pola imposición con carácter básico das taxas de reposición e tamén polos reiterados incumprimentos dos prazos de ofertas públicas de emprego ou dos procede-



mentos selectivos, nos que non é infrecuente que nin sequera cubran a totalidade das prazas ofertadas. Xa que logo, foi tanto a pasividade do Goberno do Estado coma a da propia Xunta de Galiza que permitiu o incremento da situación de fraude de lei por abuso de temporalidade.

E ante esta situación foi o Tribunal de Xustiza da Unión Europea quen en marzo de 2020 instou o Estado español á transposición da directiva comunitaria, quen instou a pór fin a esta situación de abuso da temporalidade e a dotarse de mecanismos para evitar que se reproduza a situación de precariedade, debendo atender ás persoas abusadas.

Diversas sentenzas deste tribunal da Unión Europea non foron abondo para cumprir co que se indicaba desde a UE, sendo a necesidade de aprobación dos plans de recuperación e de resiliencia o que provocou que o Estado se comprometera a adoptar medidas para evitar a temporalidade na Administración pública, algo que anos antes fixera no emprego privado.

Finalmente, foi o 29 de decembro de 2021 cando se publicou a Lei 20/2021, de medidas urxentes para reducir a temporalidade no emprego público, norma coa que pretende eliminar o abuso de temporalidade existente e xerado durante moitos anos e evitar a súa reprodución no futuro.

A vixencia desta norma, que pode ser cuestionable en non moi poucos aspectos, estableceu os camiños a seguir para a estabilización do emprego temporal que atinxa ás prazas de carácter estrutural.

Dez meses e medio despois entra neste Parlamento de Galiza o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público na Comunidade Autónoma de Galiza.

A primeira dúbida que suscita a propia actitude do Goberno é se considera este proxecto realmente necesario para a posta en marcha dos procesos selectivos para a estabilización do persoal. A propia presentación conduciría a pensar nunha resposta afirmativa, mais a inactividade da Xunta durante tantos meses cuestiona que a Xunta tivera tal consideración.

Se a norma marco na que se desenvolve este proxecto de lei entrou en vixencia o 30 de decembro de 2021 e os procesos de estabilización ao abeiro desta norma deben convocarse antes de finalizar o ano 2022, ¿como é que a tramitación do anteproxecto non se inicia ata o 4 de outubro?, máxime cando a propia Xunta o considera un proxecto de reducidas dimensións e solicita a tramitación urxente do mesmo. De ser necesario para a convocatoria dos procesos de estabilización, ¿non incorreu a Xunta nunha total e absoluta falta de previsión?

Como resultado da demora no inicio do proceso de elaboración e tramitación da norma, semella que se produciu unha certa precipitación na Xunta de Galiza. O tempo co que contaron as organizacións sindicais para analizar e estudar o anteproxecto nalgún caso apenas chegou ás corenta e oito horas para poder contrastar toda a proposta no seu conxunto ou para so-



licitar informes sobre a legalidade de aspectos do propio proxecto de lei. E isto o que acaba é por reflectir unha escasa vontade real de negociación e de acordo.

E quixera indicar que existen aspectos que a primeira vista resultan cando menos conflictivos. Así, no procedemento de selección por concurso contémpase a celebración dunha proba que se intúe con carácter eliminatoria. O EBEP establece que o concurso como o proceso selectivo consistirá unicamente na valoración de méritos. A Lei da función pública de Galiza indica que o concurso consistirá na valoración exclusiva dos méritos que se indiquen na convocatoria. Por tanto, semella que o proxecto de lei contradí tanto a regulación básica do Estado como a da propia Xunta de Galiza.

Ademais, ofrece dúbidas de legalidade e imposición dun sistema de embargo sobre o salario de traballadoras para eventualmente recuperar a compensación por cesamento que puidera ter percibido a traballadora que finalmente logrou unha praza nun dos procesos de estabilización; un embargo sobre o salario que non respecta nin o salario mínimo nin a prelación dos bens que establece a lei.

Igualmente curioso resulta que vostedes excepciónen toda a posibilidade de introducir medidas para impedir a discriminación por razón de maternidade ou de paternidade, aínda que sexa algo aprobado por vostedes mesmos neste parlamento hai apenas un ano; recóllese deste xeito no artigo 51 da Lei de impulso demográfico. Resulta cando menos curioso que vostedes aproben en solitario unha lei e ás primeiras de cambio sexan vostedes mesmos os que impidan sequera a posibilidade de que esta norma se aplique.

E sobre a esencia do contido da norma, indicar que, regulando de xeito practicamente análogo á norma estatal, apenas se ocupa nin mellora a situación das persoas abusadas nalgúns casos durante décadas nin tampouco valora o traballo desenvolvido na praza cuxa estabilización se pretende.

Tampouco contempla o que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea denomina «indemnización suficientemente disuasoria», para, por unha banda, desincentivar as administracións do abuso destas prácticas e, por outra, compensar a traballadora dun xeito superior ao que podería corresponderlle con carácter xeral, aspectos que non colidirían coa normativa básica do Estado e, en todo caso, respectarían as condicións mínimas establecidas pola Lei 20/2021.

Incorre o proxecto de lei en contradicións en prexuízo das persoas obxecto de fraude por abuso na contratación temporal. Así, considera os procesos de estabilización rematados para efectos de consolidar a compensación por cesamento cando finalice o último dos convocados ao abeiro da lei. Porén, ao ser proposta a unha praza debe renunciar a todas as demais ás que concorrera. O normal é que sexa o mesmo momento para ambos os efectos, o que permitiría poder optar antes da resolución final dos procesos pola praza que mellor satisfaga as súas expectativas.

Igualmente resulta curioso que na constante inactividade por parte da Xunta de Galiza para axilizar os procesos se introduza un sistema de autoavaliación no canto de que sexan as comisións de avaliación as que cuantifiquen os méritos de todas as aspirantes, situación agra-



vada ademais pola posibilidade sen opción a corrixir posibles erros materiais ou de interpretación de ser excluída do proceso considerándoa para todos os efectos como non participante, é dicir, sen darlle posibilidade á obtención da praza e/ou á compensación por cesamento.

Aínda que resulte coherente co procedemento de elaboración da norma e coa falla de diálogo propio da Xunta de Galiza, entendemos inaceptable a escasa participación das organizacións sindicais na elaboración e na aprobación das convocatorias, agás de existiren nas bases comúns ou mesmo nas comisións de avaliación, previsión que evitaría a posibilidade de que se reproduzan situacións deste pasado recente.

En suma, logo de tantos anos incrementando a temporalidade e precarizando o traballo no sector público, logo de tanto tempo sen cumprir a directiva da Unión Europea, sen escoitar as traballadoras abusadas, as organizacións sindicais e os distintos partidos políticos, e mesmo despois de tantos meses da publicación da Lei 20/2021, non se entende este resultado.

Consideramos desde o BNG que, visto o contido desta norma, resulta procedente devolver esta norma ao Goberno a fin de que proceda, co necesario diálogo coas organizacións sindicais, a reformular os seus obxectivos e o seu contido, así como a súa legalidade, coa solicitude dos informes necesarios para este fin. Entendemos desde o BNG que este sería o procedemento máis axeitado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, señoras e señores deputados.

Os socialistas temos un claro compromiso co emprego público e co Estado do benestar, un compromiso con ter un Estado potente e suficiente para dar resposta ás necesidades que existen na sociedade e que o mercado por si mesmo non é quen de prover á cidadanía do noso país.

E cremos que iso é unha diferenza coas políticas que ten o Partido Popular; un Partido Popular que está amosando ao longo dos últimos meses o seu ideario xenuíno, na súa política de ataque continuo aos servizos públicos, na súa política de ataque continuo ao Estado do benestar, na súa política de hipocrísia fronte á recadación intentando sempre dicir que están dispostos a elevar os orzamentos da Xunta de Galicia ao maior nivel de gasto pero á vez sempre rexeitando calquera tipo de recadación; unha hipocrísia política dun Partido Popular que opta polo cinismo, que opta por dicir qué boas son as nosas políticas porque gastamos moito, pero á vez un Partido Popular que non asume a corresponsabilidade fiscal en Galicia. (*Aplausos.*)



E iso, que ten que ver co emprego e cos servizos públicos, ten moito que ver tamén con esta lexislación e con este proxecto de lei que entra hoxe no Parlamento de Galicia. Porque eu non me fío do Partido Popular cando falamos dos servizos públicos, do Estado do benestar e cando falamos de estabilidade laboral.

E sei que vén esta lexislación ao Parlamento de Galicia porque hai unha lexislación que os obriga, unha Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público do país. E claro que é importante tomar medidas para dotar de estabilidade laboral os traballadores e traballadoras das administracións públicas. É importante porque é un dereito dos traballadores, moitos deles concatenando contratos en fraude de lei, pero é importante tamén porque permite a estabilidade laboral, ter servizos públicos que funcionan mellor, provisión de servizos á xente con maiores garantías. E eu sei que a vostedes isto non lles gusta. Sei que é unha lei, a 20/2021, que dá solucións para dar estabilidade ás bolsas de interinos e de temporais, para evitar xerar maiores bolsas de interinos e bolsas crecentes, como ten acontecido en trece anos de goberno do Partido Popular en Galicia, co señor Feijóo e co señor Rueda.

Pero con esta Lei 20/2021 hai trescentos mil interinos no conxunto do Estado que poderán consolidar unha praza a través dos requisitos de concorrencia e concurso-oposición que están establecidos. E é necesario, ademais, poñer en valor que esta lexislación, que busca estabilidade no emprego público, é moi importante para todos os traballadores públicos pero é especialmente importante para as mulleres.

É unha lei que leva un compromiso feminista claro, porque hai nesas bolsas de interinos debido á función que teñen esas prazas un maior nivel de mulleres traballando que de homes. E, polo tanto, tamén na fenda de xénero, na fenda laboral que existe entre mulleres e homes esta lei é un avance, e é un avance porque vai facer sacar a concursos, convocar prazas, para reducir a temporalidade de todas as administracións por debaixo do 8 por cento, porque regula a imposibilidade de contratos temporais de máis aló de tres anos.

E ¿que votou o Partido Popular? ¿Que fixo o Partido Popular cando o Goberno de España levou adiante este proxecto de lei para dar estabilidade aos traballadores que teñen contratos interinos e de temporalidade? Non o apoiou. (*Aplausos.*) O PP en España non apoiou unha lexislación fundamental para dar estabilidade aos traballadores e traballadoras públicas que non teñen estabilidade.

E esa é a hipocrisía do Goberno da Xunta e da consellería hoxe neste parlamento, que intentan buscar un argumento daquilo que non fan e amosando como este goberno ten inconsistencias e ten incumprimentos. Claro que non nos fiamos. Non nos podemos fiar, porque nós queremos ter traballadores que teñen un emprego estable, no mercado laboral privado ou no ámbito público, e vostedes non. Vostedes votaron tamén poñéndose de perfil en contra dunha reforma laboral que está amosando a importancia que ten para a estabilidade dos traballadores, con datos tan importantes que logo vostedes queren poñer en valor.

Porque coa reforma laboral do Goberno de España en Galicia recortouse case nun 36 por cento o número de asalariados con contrato eventual nos últimos doce meses; unha re-



dución importantísima para tantos traballadores galegos co voto en contra do Partido Popular. E cando vemos a evolución da contratación en Galicia, vemos como o número de temporais que no último ano se xeraron vai moito máis aló do que ía noutras fases; é dicir, que reducimos a contratación temporal para aumentar a contratación indefinida; que o facemos reducindo a contratación temporal a xornada completa en cincuenta e tres mil persoas en Galicia pero aumentando en sesenta e catro mil os indefinidos; que se reduce no tempo parcial en catorce mil pero conseguimos indefinidos a tempo parcial nun número crecente; e que, polo tanto, no ámbito do mercado laboral a reforma laboral deu garantías para ter traballadores con estabilidade, co voto en contra do Partido Popular. (Aplausos.)

Por certo, voulle dar tamén un recordatorio a este goberno da Xunta que fala sempre de tantas cousas de emprego. E téñano claro na bancada do PP, igual non llo din moi claro e non entenden a realidade do país. Cando falamos da recuperación do emprego, se nós comparamos as cifras de Galicia de poboación ocupada de inicios da pandemia, agora Galicia está na cola de España. Tomen nota. O que funciona coa reforma laboral e que ten que estar apoiado por políticas de emprego, políticas económicas e políticas industriais do PP aquí non vai.

E iso é o que ten que dicirnos o Goberno da Xunta, porque, facendo a comparación prepandemia entre o terceiro trimestre de 2022 e o terceiro trimestre de 2019, en España o número de traballadores ocupados creceu un 3,4 por cento; en Galicia, un 0,7 por cento. Somos a terceira comunidade pola cola na que conseguimos unha menor recuperación, e iso si, conseguimos con maior nivel de contrato indefinido, porque crecen en base a unha reforma laboral á que vostedes votaron en contra.

E, polo tanto, eu sei que, cando falo de estabilidade laboral no sector público, o Partido Popular non é de fiar, aínda que hoxe aquí nos veña facer un discurso de dobre cara do que non votan en Madrid e do que non fixeron en trece anos.

Eu quéroilles preguntar: se o Partido Popular de Galicia, este goberno da Xunta, tan magnífico, que sabe facer tan boa xestión no laboral e na Administración pública, leva trece anos con gobernos de maioría absoluta, e agora di que está tan a favor da estabilización dos traballadores temporais, ¿por que nunca aplicaron unha lexislación como esta ata que o Goberno de España os obriga a facelo?, por certo, co voto de lado do Partido Popular. Díganme vostedes por que non o quixeron (Aplausos.) facer. Puidérono facer no 2010, no 2011, no 2012, no 2013, pero non, porque ¿saben cal é a cuestión? Que vostedes teñen outra política laboral. E eu sei que o Sergas queda á marxe desta lexislación, pero é un exemplo moi importante.

Eu voulles ler dous titulares que representan o compromiso que ten o PP coa estabilidade laboral en Galicia, dos que temos repetido moito, pero hai que recordarllelo sempre, porque é a realidade do país co PP.

Alba, la enfermera que ha encadenado cuatrocientos contratos en nueve años. Su vida sin días libres ni vacaciones. Alba Rodríguez no sabe hasta las nueve y media horas de ese mismo día si va a trabajar o no, tampoco dónde va a tener que hacerlo ni a qué se va a tener que enfrentar.



Ou doulle outro: *Condenan al Sergas a hacer interina a una ginecóloga que llevaba más de siete años encadenando contratos.* Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Esas son as políticas que representa o Partido Popular.

E quérolles tamén dar un dato: a temporalidade do sector público en Galicia case duplica a taxa de temporalidade que teñen as empresas galegas no noso país. A Xunta de Galicia vai por detrás das empresas do país. O nivel de compromiso coa estabilidade laboral que teñen vostedes é moi inferior ao que ten a sociedade económica do noso país. Porque vostedes están aínda nun ideario antigo e nun ideario non acorde coa estabilidade laboral.

E pódolles recordar máis. É que miren, os traballos temporais na Xunta de Galicia disparáronse dende que están vostedes na Xunta hai trece anos. Por cada catro que había vostedes aumentaron en tres máis, por cada catro traballadores temporais que había no ano 2009 vostedes sumaron nestes trece anos tres máis.

Ou voules dar outro dato se queren velo dende a perspectiva da estabilidade, que tamén pode ser ilustrativa para todas estas cuestións. A porcentaxe de traballadores fixos e de funcionarios de carreira caeu en máis de dez puntos no total do emprego público na Xunta de Galicia dende 2009, dende que goberna o Partido Popular.

Estes son datos, señor conselleiro, esta é a evidencia do país. ¡Que levan gobernando trece anos, que parece que veñen agora aquí descubrirmos a realidade distinta dunha sociedade! Esta é a realidade que vivimos en Galicia con este goberno do Partido Popular.

Por certo, xa tamén lles vou recordar que as cinco xuntas de persoal funcionario da Xunta pediron xa hai un ano a dimisión do director xeral de Función Pública do Goberno de Galicia. Hai un ano, todos os funcionarios, as cinco xuntas de toda Galicia, de todas as cidades, pediron a súa dimisión pola incapacidade de xestión da función pública en Galicia. (*Murmurios.*)

E é por iso que nós sabemos que é o que está ocorrendo. O Goberno da Xunta saca adiante unha lei necesaria para a estabilidade do emprego público, que é algo básico para o Estado do benestar. Fano arrastrados pola lexislación estatal. Non cren nos servizos públicos. Non teñen compromiso coa estabilidade do emprego público. Prefiren facer rebaixas fiscais, como a do imposto de patrimonio, aos sete mil setecentos galegos máis ricos, aos que lles fan un regalo fiscal de 35 millóns de euros. Ese é o ideario do Partido Popular.

E eu sei que o relato que vostedes fan é falar do miúdo para que ninguén fale da realidade do groso. E hai que falar no Parlamento de Galicia do groso para que non nos inunden coas súas farsas, coas súas mentiras, poñéndose os carnés e as caretas de grandes defensores do benestar do público, das mulleres, do emprego, cando as políticas do Partido Popular lles dan as costas sempre aos traballadores que piden estabilidade, aos que defendemos o Estado do benestar e a unha Galicia que necesita do público en vez dunha Galicia a carón dos millónarios aos que lles rebaxan o imposto do patrimonio. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza entre a dereita e a esquerda, entre o Partido Popular e o Partido Socialista, e vostedes van detrás.



Eu sei que vostede nos dixo hoxe, señor conselleiro, que baixa a taxa de temporalidade con esta lexislación a menos do 8 por cento, e dende logo nesa liña nós estamos. E dinos que ese era o compromiso de sempre do Goberno da Xunta, de sempre, disparando a temporalidade no emprego público de Galicia e incrementando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Gústame que o conselleiro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, a min gústame o Parlamento participativo, non me parece mal, *(Risos.)* gustaríame un parlamento máis á británica, ¿verdade?, non tan encorsetado. Pero claro que comparamos. É que vostedes con toda esa dimensión que din de campións de todo, que poñen a Feijóo como gran campión en todo tipo de políticas, cando vimos aquí, vemos a realidade do país.

¿Que lle vai dicir vostede á enfermeira Alba, que cada día lle teñen que dicir onde vai e que leva catrocentos contratos nun ano? ¿Téñenlle algo que dicir de emprego público? Pero ¿teñen algunha credibilidade para lle dicir ao país algunha realidade co que está pasando máis alá de facernos un discurso moi bonito, moi pomposo e con grandes hipocrisías que logo non se cumpren coa realidade?

Este é un goberno que trae unha lexislación ademais con atraso. O propio artigo 14.2 desta lexislación reflicte tamén as dúbidas que ten o lexislador sobre que vaian ser capaces vostedes mesmos de cumprir coa lexislación estatal en tempo e forma, e intentan cubrirse cun artigo que creo que ten insuficiencia xurídica. Pono o propio texto: poñémolo por dar seguridade, por se non podemos cumprir a lei. É que xa o din vostedes, lean a lei. Polo tanto, lexislan mal e lexislan a destempo.

Este goberno do Partido Popular é un goberno que xa coñecemos. O Goberno do PP en Galicia é un goberno de zancadilla e a remolque. De zancadilla sempre, porque está disposto a intentar botar a baixo todo o que fai ben o Goberno de España cando beneficia os galegos e as galegas. Cando chegan máis diñeiros a Galicia, vostedes primeiro a zancadilla; cando chegan os fondos europeos, primeiro a zancadilla; cando chegan máis fondos para vivenda, primeiro a zancadilla; sempre a zancadilla. E logo, cando saen adiante, vostedes póñense a remolque, a ralentí, detrás, tarde, mal e arrastro. Pero queren dicir que son a locomotora, cando son o último vagón e sen rodas para rodar.

E case aquí hoxe nos veñen dicir que vostedes son a mellor garantía para a estabilidade do emprego. Nin na estabilidade do emprego privado nin na estabilidade do emprego público o Partido Popular pode dar ningunha lección. Porque vostedes no fondo seguen aplicando esa política que aquí repetiu xa este conselleiro e o presidente da Xunta actual, Alfonso Rueda, esa máxima de que os cartos onde mellor están é no bolsillo dos cidadáns, que é dunha hipocrisía e dunha indecencia política, moral e económica inadmisíbel, porque é unha demagogia moi fácil de dicir que os cidadáns onde teñen mellor son os cartos, cando teñen cartos, pero, cando un cidadán non ten cartos e necesita as políticas sociais ou necesita a sanidade pública ou ten que ir á universidade ou a un centro de atención social, os cartos onde mellor están é no Estado, que garante a igualdade, a dignidade e a liberdade das persoas. *(Aplausos.)*

E esa máxima xeneralista que vostedes aplican é unha falacia, porque claro que ten que haber cartos que onde mellor están é nos petos dos cidadáns, pero hai tamén cartos que onde mellor poden estar é nos servizos públicos e no Estado do benestar, e para iso necesitamos un



Estado de benestar potente que aplique tamén políticas de compromiso cos traballadores e coas traballadoras.

Así que nós cremos que esta lei é unha lei que algo tarde, ao ralentí, unha lexislación que amosa as debilidades do Partido Popular, que chega a última hora e que hai que sacar adiante para cumprir esa estabilidade. Pero sen dúbida nós non nos podemos fiar nin podemos lavar a cara dun goberno do Partido Popular que non ten nin compromiso cos servizos públicos nin co Estado do benestar nin coa Galicia que nós queremos.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Creo que despois do mitin, ¡perdón!, intervención do señor Caballero, podemos chegar á conclusión de que o Partido Socialista non presentou emenda á totalidade por orde da superioridade, supoñemos, ¿non?, porque, despois do que acabamos de escoitar, sorprende que digan que non se opoñen á lei; é unha cousa sorprendente. Pero tamén valeu para algo máis. Valeu para coñecer cal é o seu concepto de Autonomía, que consiste basicamente en que asumir a responsabilidade fiscal consista en permitir que o Estado invada as competencias fiscais de Galicia e ademais que teñamos que apoiar a Lei 20/2021 e que se faga como se faga e a pesar de que non se mantivo ningún diálogo cunha soa das comunidades autónomas directamente afectadas por esa lei. Esa é a súa maneira de entender a política, señor Caballero. Nós temos outra.

En primeiro lugar, eu quero dicir, falando do texto —porque alguén terá que falar deste texto—, que hoxe se somete a valoración desta cámara un texto cun carácter preminentemente técnico. Estamos a tramitar unha iniciativa lexislativa que pretende completar a normativa básica xa existente e que regula o novo proceso de estabilización de emprego público no conxunto de España. En consecuencia, parece lóxico supoñer que este debate debера ser abordado de xeito desapaixonado, sen apriorismos de carácter partidista ou ideolóxico, e procurando un entendemento de todos en prol da mellora técnica do proxecto de lei, e dende logo con ese ánimo se aproxima o Grupo Parlamentario Popular a este trámite.

Porque nós entendemos que o marco legal no que se debe desenvolver o proceso de estabilización do emprego público da Administración galega xa está determinado pola normativa europea e pola lexislación española. Por certo, señor Caballero, como ben dixo a señora Carreira, porque nos obrigou a Comunidade Europea e non por, en fin, esa infinita bondade do señor Sánchez, que quixo acabar con esta situación.

En fin, a realidade, en todo caso, esa realidade normativa, non nos debe levar á errónea conclusión de que as institucións galegas non teñan nada que aportar a este proceso, tal e como



demostra este debate que estamos a manter hoxe, co ánimo de mellorar a normativa, aclarando as eivas e imprecisións da lexislación estatal, que as ten.

Señorías, todos, absolutamente todos —estou seguro de que sen excepción—, compartimos a necesidade de abordar o proceso de estabilización do emprego público na Administración, porque resulta evidente que algunhas das disposicións orzamentarias e organizativas derivadas da normativa básica estatal incluídas nos presupostos xerais do Estado dos últimos anos pois levaron a taxa de temporalidade a niveis non desexables no conxunto do Estado, e tamén en Galicia, aínda que sexamos a comunidade autónoma con maior estabilidade laboral na súa Administración. Si, señor Caballero, sorpréndase. O Goberno con traballo público máis estable de toda España é o Goberno galego, é un goberno do Partido Popular. Vostede vén aquí compararme coas entidades privadas ou coa empresa privada; compárese con gobernos e dígame que goberno mellora a taxa de estabilidade laboral de Galicia. Xa llo digo eu: ningún.

Polo tanto, parecería que, se coincidiramos no obxectivo que perseguimos, o razoable sería que centrásemos o debate en cal é a mellor fórmula para acadar ese obxectivo. Porque no caso que nos ocupa o como resulta certamente importante, e isto é así debido á necesidade de conciliar dous principios non direi antagónicos pero si que precisan dunha especial sensibilidade para ser axeitadamente equilibrados.

Por unha banda, debemos atender á lexítima demanda dos funcionarios eventuais, que viñan reivindicando que se lles dote de estabilidade profesional, e, ademais, que se faga valorando adecuadamente a importancia do servizo público que levan prestando á Administración, nalgúns casos durante moitos anos. E, por outro lado, temos a obriga de desenvolver estes procesos de estabilización salvagardando en todo momento os principios de igualdade, mérito e capacidade. En definitiva, nin deixar de valorar os servizos prestados por persoas que levan anos traballando na Administración nin negar a oportunidade de concorrer a esas prazas a quen lexítimamente aspira a elas sen ter acumulado esa experiencia previa.

E o Goberno galego abordou esta problemática con dúas ferramentas que sempre lle deron bo resultado: sentidiño e diálogo. Sentidiño para non crear leas absurdas, buscando unha innecesaria confrontación co Estado, que nunca se busca. Galicia sempre foxe de polémicas estériles e actúa con total lealdade institucional, respectando o marco lexislativo estatal e desenvolvendo as súas competencias de conformidade co establecido na normativa básica. Falar aquí de zancadillas, e ter xa, en fin, o desaforo de falar de zancadillas aos fondos europeos cando a Galicia non chegou nin un euro, é que, señor Caballero, con todo respecto, córtese un pouco. Córtese, ¡eh!, dígolle de verdade, é que hai cousas que non se poden dicir na tribuna do Parlamento. (*Murmurios.*) ¡Perdón!, ¡perdón!, ¡perdón! Non sabía que o privilexio de non ser interrompido no uso da palabra era exclusivo da bancada da esquerda. Prégolles desculpas.

Falaba de sentidiño e falo tamén de diálogo. Diálogo para tentar desenvolver a normativa autonómica das mans dos lexítimos representantes dos traballadores, evitando conflitos innecesarios e buscando a colaboración cos representantes sindicais para dotar de maior seguridade xurídica posible todo o proceso. E creo, sinceramente, que ese sentidiño e ese



diálogo se fan moi presentes neste proxecto de lei que hoxe, señor conselleiro, vai superar este trámite polo menos co apoio do grupo maioritario da Cámara.

E a pouco que reflexionemos, poderíamos concluír que, se o sentidiño e o diálogo fixeron que este texto chegase ao Parlamento de Galicia nun clima xeral de consenso e paz social, pois deberíamos aplicar as mesmas ferramentas para completar os trámites parlamentarios e aprobar definitivamente unha lei útil, garantista e alonxada de polémicas innecesarias. Dende logo, nós ímolo tentar, e por iso quero tender a man aos grupos parlamentarios para acadar ese obxectivo.

Pero, señor conselleiro, confeso que non as teño todas comigo, porque dende a óptica do consenso non resulta sinxelo entender a presentación da emenda á totalidade que hoxe está enriba da mesa. Non se alcanza a entender a oportunidade da mesma e aínda menos se entenden os argumentos que pretenden fundamentala. Porque de todos é coñecido que o proceso de estabilización está sometido a prazos concretos e a publicación das convocatorias debe producirse antes do 31 de decembro de 2022. Se facemos un sinxelo cálculo dos prazos necesarios para completar a tramitación do proxecto de lei, apoiar a súa emenda suporía na práctica incumprir eses prazos. Polo tanto, resulta moi pouco oportuna a presentación desta emenda á totalidade, salvo que o seu obxecto sexa atrasar a publicación das convocatorias, poñendo en risco todo o procedemento de forma absolutamente irresponsable. A outra alternativa posible que explicaría isto é que nos atopemos ante un simple exercicio de posturoo parlamentario sen máis obxecto que engadir algo de ruído nun proceso tal vez demasiado tranquilo para os intereses partidistas do BNG.

En calquera caso, e sexa cal sexa a motivación desa emenda á totalidade, resulta evidente que non está plantexada pensando nos intereses xerais nin do país nin dos traballadores. Porque, señorías, se a oportunidade da emenda é escasa, a súa fundamentación é simplemente inexistente. Nin unha soa das razóns que argumentan na proposta do BNG xustifica unha emenda á totalidade, nin unha soa. Calquera deses argumentos tería cabida nunha emenda parcial, que pode ser compartida ou non, pero en ningún caso xustifica poñer en risco un proceso tan importante, tan agardado como este.

Así que, se mo permiten, analicemos algunhas das cousas que se din nesa emenda.

En primeiro lugar, permítanme considerar pouco afortunado que afirmen que o contido da lei evidencia certa improvisación e aínda menos que aseguren que non dá resposta ás eivas da actual regulación. Porque cómpre recordar que o proxecto de lei que hoxe debatemos é froito dun longo proceso de diálogo entre a Xunta de Galicia e as distintas representacións sindicais e conta co apoio da maior parte delas, nomeadamente de Comisións Obreiras, UXT e CSIF. Polo menos si lle imos pedir ao BNG un certo respecto polos sindicatos que ratificaron este acordo.

Pero permítanme ir ao fondo das súas alegacións. En primeiro lugar, afirman que non se valora o traballo desenvolvido na praza concreta obxecto de estabilización. Claro que se valora o traballo desenvolvido na praza, pero non de maneira específica para esa praza, porque iso sería tanto como designar con nomes e apelidos o beneficiario da mesma. Atender á súa



pretensión provocaría que os procesos selectivos derivados desta lei fosen restrinxidos e non procesos abertos. E a existencia de procesos de carácter restrinxido está taxativamente prohibida pola lei e pola xurisprudencia.

En segundo lugar, parécelles escasa a ponderación dos servizos prestados na praza, corpo, escala, especialidade, dos méritos obxecto de avaliación. Estamos ante un exemplo evidente do que lles dicía antes aludindo a que as súas propostas teñen cabida en emendas parciais pero non xustifican unha emenda á totalidade. En primeiro lugar, a xurisprudencia establece un límite máximo para avaliar eses méritos, concretamente o 31 por cento. Establecer puntuacións superiores como por certo pretenden vostedes na emenda parcial que rexistraron sobre esta cuestión sería contrario á dita xurisprudencia, e o que pretendemos con esta lei é dotar de maior seguridade xurídica estes procesos, non poñelos en dúbida.

Dentro da marxe legal permitida, o Goberno galego atribuíu un peso do 28 por cento da puntuación total a eses méritos. Razoable, susceptible tamén de mellora, e de feito o propio grupo parlamentario presentou unha emenda parcial elevando a puntuación deses méritos ata o 30 por cento. Se traballamos para buscar un equilibrio razoable nesta materia, poderemos chegar a un acordo, pero, se o que pretende o BNG é vir facer un exercicio de soberanismo lexislativo que supoña saltar a xurisprudencia nacional, pois non vai resultar posible.

En terceiro lugar, afirman que o proxecto de lei non atende ás circunstancias do persoal con vinculación temporal. Debo negalo, porque o proxecto de lei si regula o concepto de ocupación ininterrompida aínda cando tivese lugar algún cambio na persoa que ocupa a praza sempre que volva ocuparse efectivamente no prazo de tres meses, e soamente se computan os servizos prestados con vinculación temporal. Pero cómpre insistir, novamente, en que o que se estabilizan, señorías, son as prazas, non as persoas, porque non me cansarei de repetilo: os procesos selectivos non poden ser restritivos.

Cuarto. Non modifica as contías de compensacións por cesamento no posto de traballo cando participando no proceso non se obtivera praza, obviando o manifestado polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea —din vostedes—. A compensación económica polo cesamento de persoal funcionario, interino ou persoal laboral xa foi establecida por unha normativa nacional. O Real decreto lei 14/2021 establece unha compensación de vinte días de salario de retribucións fixas por ano de servizos ata un máximo de doce mensualidades. E, tendo en conta que resulta de aplicación no conxunto do Estado, pois parece bastante razoable pensar que se cumpre coas premisas establecidas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Por certo, non quixera deixar de sinalar que, a pesar de que a actual situación de exceso de temporalidade ten bastante que ver coas restricións impostas dende o Goberno central durante os últimos anos, o Estado estableceu esta compensación, pero non transferiu fondos ás comunidades para o seu pagamento.

Quinto. Acusan o Goberno de falla de coherencia por adiar as posibles compensacións económicas por cesamento ata que remate o último dos procedementos, ao tempo que se impide que un aspirante poida ser proposto para dous ou máis postos. ¡Home!, eu creo que parece razoable que, para saber se procede compensar ou non un traballador ou traballadora por



non conseguir praza, haxa que esperar a coñecer se obtivo ou non obtivo praza nalgún dos procedementos.

Señorías, porque é que calquera traballador ou traballadora pode concorrer a todos os postos que desexe, a todos os que desexe. Iso si, só pode acceder definitivamente a un. O que si parece incoherente é que vostedes se queixen de que este proxecto de lei non atende ás circunstancias persoais e ao mesmo tempo se queixen por impedir que unha mesma persoa poida ser proposta para dous ou máis postos. Porque na práctica, señorías, iso suporía que outra persoa non se estabilizase e que, ademais, non se reducise a temporalidade, dado que unha das dúas prazas tería que ser ocupada por un temporal. Non semella que iso sexa compatible co obxectivo desta lei.

En sexto lugar, lamenta o BNG o que considera unha escasa intervención das organizacións sindicais no proceso, plantexando incluso a súa participación nas comisións de valoración. En relación con esta cuestión, sinalar que a Consellería de Facenda xa negociou coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de empregados públicos uns criterios comúns aos baremos destes procesos selectivos, contando co voto a favor de dous dos catro sindicatos. Polo tanto, ¡home!, resulta evidente que si se tomaron en consideración as aportacións da representación dos traballadores.

E respecto da posibilidade de que as organizacións sindicais formen parte da comisión de valoración, lémbrolles que o Estatuto básico do empregado público non permite esa posibilidade. Polo tanto, non parece razoable que nunha norma que pretenda aportar garantías xurídicas se poña en risco todo o proceso por contravir normativa básica de obrigado cumprimento, salvo que novamente prioricemos o soberanismo lexislativo do BNG sobre o interese dos traballadores.

Por último, cuestionan o sistema da autobaremación de méritos en base a unha suposta posibilidade de sanción de exclusión en caso de erro, sen contemplar posibilidade de rectificación. O sistema de autobaremación xa se vén empregando nos procesos selectivos desenvolvidos pola Consellería de Educación. Con ese sistema preténdese dotar dunha maior axilidade a resolución dos procesos e, en todo caso, o proxecto de lei establece que soamente en caso de cometer unha falsidade esencial e logo de audiencia do interesado se procedería á súa exclusión. Isto desbota por completo que exista un ánimo de sancionar o erro e acredita que a realidade do texto dista bastante do que vostedes afirman na súa emenda.

En definitiva, señorías, faltan razóns de peso para apoiar a súa emenda á totalidade e sobran razóns contundentes para apoiar este proxecto de lei, froito —non me cansarei de repetilo— dunha intensísima negociación cos representantes sindicais.

E, señorías, as cousas teñen que facerse nos prazos que teñen que facerse, porque, aínda que a vontade do Goberno galego de diálogo sexa case infinita, o tempo para alcanzar un acordo si é limitado. E por iso lles pido que reflexionen, señorías do BNG, porque creo —e dígollelo sinceramente— que o mellor servizo que poderían prestar hoxe a Galicia e aos funcionarios eventuais sería retirar esta emenda á totalidade e sumarse a un proceso de mellorar esta lei, que é o que temos que facer agora todos os grupos. En todo caso, e no ámbito dos



seus dereitos, se vostedes libremente deciden non facelo, señor conselleiro, quede tranquilo, porque polo menos o Grupo Parlamentario Popular si estará unha vez máis ao servizo dos traballadores, ao servizo do interese xeral e ao servizo de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Réplica, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Señor Corgos, vostedes son os principais responsables da alta temporalidade que existe na Administración pública de Galiza, levan anos facendo oídos xordos ante as reclamacións que se veñen facendo desde as organizacións sindicais, desde o BNG; reclamacións para que se tomasen medidas para a redución da temporalidade, para coñecer as circunstancias das prazas, das persoas que ocupan esas prazas, e para determinar un sistema de estabilización.

Deille antes os datos, pero permítame que os reitere unha vez máis; son datos do Instituto Galego de Estatística: en xaneiro de 2021 o total das traballadoras da Xunta eran 91.779; as traballadoras temporais, 27.379, un 29,83 por cento de porcentaxe de temporalidade, lonxe do que había en xullo de 2009, que era un 16 por cento.

A figura da temporalidade é un mecanismo ao que se acolleu sistematicamente o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza durante todos estes trece anos. ¿Queren evitar a temporalidade? Avante, estamos de acordo con vostedes; tiveron moitas medidas para tomar ao longo de todos estes anos e, aínda así, non as fixeron. A primeira, querer evitar o enfeblecemento e a precarización da Administración pública; despois, eliminar a taxa de reposición, colocada e mantida por gobernos do Partido Popular e do Partido Socialista no Goberno do Estado; establecer responsabilidades por estas prácticas e por incumprir os prazos nas ofertas públicas de emprego e nos procesos selectivos; e, como diría o Tribunal de Xustiza europeo, establecer indemnizacións suficientemente disuasorias que non fagan rendibles este tipo de abusos.

Ao tempo —e como dixemos en máis dunha ocasión— cómpre atender ás persoas abusadas durante tanto tempo, a convocatoria de procesos de estabilización nos que non se obvие a praza, o tempo traballado nela, o sistema de acceso á mesma ou mesmo a existencia de oportunidades de acceso á condición de funcionaria de carreira ou de fixo, a consideración dos procesos de estabilización como un todo para efectos de indemnización por cesamento pero tamén á hora de optar por unha praza no caso de que se propuxera para máis dunha; no caso de cesamento involuntario, a indemnización para a persoa abusada debe ser superior á que lle correspondería noutro caso.

Non foi a vontade de ningún goberno, nin do estatal nin do da Xunta de Galiza, rematar coa temporalidade; foi a Directiva de xuño de 1999 da Unión Europea a que os obrigou. O contido da directiva nas cláusulas cuarta, do principio de non discriminación entre temporais e fixos,



e a quinta, sobre a necesidade de establecer medidas destinadas a evitar a utilización abusiva da contratación temporal, son as que obrigan a esta eliminación da temporalidade. O prazo da transposición das directivas é de dous anos; esta directiva é de 1999; no sector público a transposición non se fixo ata o 2021, logo de que por parte do Tribunal de Xustiza da Unión Europea se deran varios tiróns de orellas e de que a Unión Europea exixira en certo modo esta transposición para a aprobación dos plans de recuperación e de resiliencia. Ademais, no proceso selectivo poderían mellorar as compensacións para as funcionarias que cesen. Estamos a falar de casos nos que chegamos a ter persoas que levan máis de vinte anos nunha situación de temporalidade.

E para resumir e para rematar, non se discute a necesidade desta norma, o que se discute é o moito moito que tardaron en elaborala; unha negligencia que deriva dunha norma precipitada. Non é responsabilidade do BNG a demora nin por presentar esta emenda á totalidade nin por exixir que se faga doutro xeito, a responsabilidade é única e exclusivamente súa. Van vinte e tres anos desde a directiva da Unión Europea, tiveron vinte e tres anos para facer esta lexislación e empezaron a traballar nisto en outubro. Ou sexa, non é en ningún momento culpa nosa.

Falaba o señor Pazos de sentidiño e de diálogo. Non vou entrar no do sentidiño, alá a valoración de cada unha das súas señorías, pero falaba de sentidiño e de diálogo. No proceso de elaboración da norma aos sindicatos déuselles moi pouco tempo para analizar a proposta; no caso da modificación de escalas trasladóuselles a proposta con corenta e oito horas de antelación, sen tempo para reunirse cos delegados de persoal; para o resto houbo tres reunións con moi pouca marxe de tempo. ¿Esa é a vocación de diálogo realmente? Porque eu creo que é francamente mellorable.

Revise realmente a norma que vostedes propoñen, revise a nosa emenda á totalidade, e creo que é perfectamente comprensible o porqué desta emenda.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Rematados os textos lexislativos, procedemos á votación dos mesmos.

Comezamos votando as emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia.

Comezamos votando a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.
Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, rexeitadas as emendas á totalidade, este proxecto de lei continuará o seu trámite parlamentario.

Votamos agora a emenda á totalidade de devolución presentada ao Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Votamos a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 37; abstencións, 14. O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Este proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Agora continuamos cunha alteración da orde do día, que xa coñecen, que é que debatemos agora as mocións.



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc núm. 43031).

Emenda de modificación

<<O punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

1. A que os centros educativos que segreguen por sexo inicien o procedemento para ser coeducativos e dar cumprimento á LOMLOE, disposición adicional 25>>.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Moitas grazas, presidente.

Estamos ante un debate que xa veu en varias ocasións a esta cámara, pero, a raíz do que escoitamos hai quince días na interpelación neste mesmo parlamento, pois eu creo que hai tres reflexións que eu creo que son obrigadas e que poden contribuír a clarificar de que é do que vimos falar.

A primeira destas reflexións é que, en función do que aquí lle escoitamos ao conselleiro hai escasos quince días, se é entendíbel que un goberno que está a dicir nos últimos tempos que... —presidente, estou sen tempo. Grazas—. Decía que, a raíz das reflexións, se é entendíbel que un goberno que nos últimos tempos e cada inicio de curso nos está a trasladar a necesidade de adecuar os fondos en educación e que está a negar dereitos do alumnado —como poden ser, por exemplo, as bolsas para afrontar o inicio de curso—, pois que si admita como normal e que exista disposición, por exemplo, para dar case 2 millóns de euros cada ano para financiar centros privados clasistas, machistas e elitistas que separan os nenos das nenas.

A segunda destas reflexións —e aí queremos centrar tamén parte do debate— é se a estas alturas do século XXI podemos entender como, seica no nome da liberdade, que a unha se lle impida que se matricule nun centro do noso país, un centro financiado con fondos públicos, por iso, por ser unha nena.

E a terceira das reflexións que queremos traer —porque ademais o conselleiro non tivo a ben respondela hai quince días; agardamos que a señora Pomar, se non me engano nesta ocasión, pois si poida clarificárnolo— é: ¿como é posíbel que para o Partido Popular a segregación racial, por exemplo, ou a segregación por orientación sexual si que poida ser considerada unha discriminación e, en cambio, para o señor Román Rodríguez a segregación por sexo sexa literalmente —sic— «a liberdade das familias para escoller o modelo educativo que mellor se adapte aos seus valores»?



E dicimos que estas son as tres reflexións que centran o debate, señores do Partido Popular, porque cando baixamos ao terreo do concreto, á realidade que se vive nos centros educativos, eu creo que calquera galega, calquera familia do noso país o que se pregunta é: ¿como é posíbel que cos seus impostos se estea a pagar un ensino elitista, se estea a financiar as elites que pretenden un modelo educativo exclusivo, no que ademais se está a contribuír a perpetuar os roles de xénero e o patriarcado, ao tempo que se detraen fondos para o financiamento do ensino público?

E estas digamos que son as tres pólas que nós consideramos centrais neste debate, as tres pólas que cremos que van determinar o futuro do modelo educativo ao que aspiramos para o noso país.

Pero eu creo que, ao pouco que repasemos a intervención do conselleiro do outro día, pois é ben nidio que o Partido Popular abraza este modelo por dous motivos fundamentais: primeiro, para o Partido Popular isto é unha cuestión ideolóxica. É certo que este modelo clasista e segregador se fai ao abeiro dun goberno —como o do Partido Popular— que pretende un modelo educativo para favorecer os seus amigos, neste caso os seus amigos do Opus Dei. Pero disto falaremos a continuación.

Pero fíxense que neste caso o señor Rodríguez, ao tempo que defendía esta cuestión ideolóxica, viña traer ou puña enriba da mesa a falta de solidez argumental e a falta —digamos— de calado á hora de expoñer os seus postulados, cando trataba de agocharse sistematicamente —e veremos se agora somos capaces de ter un debate máis do que require unha iniciativa deste tipo, de modelo educativo, de cal é a perspectiva e o valor que debe ter o ensino de cara a conseguir unha igualdade real e efectiva entre homes e mulleres no noso país—, mais moito tememos que outra vez teremos que irnos agochar o que é unha decisión ideolóxica, como é financiar centros que separan os nenos das nenas, en argumentos técnicos, en argumentos de legalidade.

Pero vexamos un pouquiño como estes argumentos teñen a febleza que se demostra e que teñen a falta de consistencia que se evidenciou o outro día.

Porque legal, señora Pomar, señores do Partido Popular, eu creo que tamén é que por parte deste goberno se aprobe unha partida para dar bolsas anticrise ás familias. ¿Iso é legal ou non é legal? Pero o Partido Popular decidiu non facelo. Polo tanto, non estamos a falar de legalidade, estamos a falar de ideoloxía, dunha ideoloxía clasista, rancia e conservadora (*Aplausos.*) que favorece un ensino no que se separan os nenos das nenas.

E tamén é legal, señores do Partido Popular, que se dea a gratuidade de libros de texto —ademais agora que temos a sorte de ter aquí alumnos e alumnas dun centro educativo—, pois, ata onde nós sabemos, iso é legal tamén. Pero o Partido Popular négase a implementar esta medida, como é a gratuidade universal dos libros de texto. Polo tanto, señora Pomar, señores do Partido Popular, non é un debate de legalidade, é un debate de ideoloxía; (*Aplausos.*) de ideoloxía clasista, rancia e conservadora. (*Aplausos.*) Polo tanto, nós o que nos preguntamos é por que lle chaman legalidade cando queren dicir ideoloxía e cando queren dicir que están favorecendo os seus amigos do Opus Dei.



E tamén cómpre sinalar que, claro, este argumento da legalidade tanto lles vale para un roto como para un descosido, porque cando a legalidade lles permite financiar este tipo de centros que separan os nenos das nenas, para vostedes a legalidade é o argumento central; agora, cando a legalidade non llelo permite, pasan por riba dela as veces que sexa necesario, e, cando non lles vale, mesmo pasan por riba dela e, se fai falta, modifican os preceptos legais que sexa necesario para poder seguir financiando este ensino clasista e segregador. E fixámonos no que dicía o propio conselleiro nas declaracións a posteriori do debate do outro día: «A Xunta cumprirá a legalidade e non renovará os concertos aos centros educativos que segregan por sexo». E engadía unha conclusión ao final, que é: «...*si finalmente así se acuerda*». Isto é como aquilo de *Rebelión en la granja*, de Orwel, aquel que escribiu un libro en 1984 —non sei se se lembran—, (*Aplausos.*) cando dicía que todos os animais son iguais, pero uns máis iguais que outros. (*Murmurios.*) Pero, claro, cando vemos iso de «...*si finalmente así se acuerda*», pois, claro, un pode ter a tentación de botar a vista a atrás e ver que foi o que aconteceu cos gobernos do Partido Popular: todos os gobernos financiando os centros do Opus Dei, que segregaban, que separaban os nenos das nenas. O Goberno Fraga, no ano 2005, dúas semanas antes de ter que marchar de San Caetano, un goberno en funcións, ¿que fai?, ¿que fai o señor Fraga? *Atar, dejar atado e bien atado* os concertos para con estes centros do Opus Dei, non fose ser que a igualdade se abrise paso no sistema educativo deste país. (*Aplausos.*) E non satisfeitos con isto, cando estes concertos caducan —ano 2009—, chega o señor Feijóo e volve renovar estes concertos, e esta vez contra o que estaba establecido na Lei orgánica de educación, o que se establecía na lexislación educativa daquel entón. Pero até o punto de que tivo que ser o Tribunal Supremo o que dixo que estas renovacións eran unha fraude de lei e que o que estaba facendo o Partido Popular era saltar a lei á toureira para beneficiar unha vez máis os centros que separaban os nenos das nenas.

E até aquí o derroche de coherencia do Partido Popular, cando se trata de botar man do argumento da legalidade. Pero despois hai un argumento *bis* que, non por repetido, deixa de ser menos necesario —eu creo— para traer a este Parlamento, que é o argumento da liberdade. Porque para o Partido Popular seica é liberdade —é importante que aquí se perciba que temos a sorte de ter o alumnado deste país (*O señor Lourenzo Sobral sinala a tribuna de convidados.*)— prohibir que nun determinado centro educativo unha nena se poida matricular. ¿E por que? Pois porque é unha nena. Iso é o que entende o Partido Popular por liberdade.

Señora Pomar, señores do Partido Popular, ¿é admisíbel que a estas alturas do século XXI se lle poida chamar liberdade a tamaña barbaridade? Iso non é liberdade. Cando menos, non é a liberdade nos termos que nós entendemos, señores do Partido Popular. Iso, en todo caso, é a súa liberdade, que llela regalamos toda para vostedes; a liberdade das elites para que o resto dos mortais lle paguen un ensino machista, (*Aplausos.*) clasista, e segregador, (*Aplausos.*) para que sexan as familias dos traballadores as que teñan que pagar o ensino das elites, (*Aplausos.*) o ensino —repítoo, porque vexo que lles molesta moito— machista, clasista e segregador. (*Aplausos.*) Por iso, se cadra, señores do Partido Popular, terán que respondernos por que, con legalidade ou sen ela —porque a vostedes tanto lles tiña; se había legalidade, pois renovaban concertos e, se non a había, renovábanos tamén—, separar un alumno branco dun alumno negro nunha aula ou nun centro educativo resulta que é unha discriminación —e así o entendemos— (*Protestas.*) e, en cambio, separar os nenos das nenas é liberdade. (*Aplausos.*) Esa é a



indignidade que vostedes teñen que levar ás súas costas, e esa é a explicación que vostedes teñen que darnos, señores do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E pídoglle que, se o ten a ben, entremos neste debate, porque, ademais, é un debate de modelo educativo, é un debate do ensino, e moito máis, da sociedade que queremos para os nosos fillos. Porque cremos que o que nos estamos a xogar é a liberdade en termos reais e efectivos, pero, sobre todo, estamos a xogarnos algo central, unha sociedade máis xusta, unha sociedade máis igualitaria e unha sociedade na que ninguén sexa discriminado nin pola súa lingua, nin pola súa cor de pel, nin, por suposto, polo seu sexo. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: Polo tanto —e remato, presidenta—... *(Protestas.)* Eu creo que falar de liberdade nestes termos resulta tremendamente difícil. En todo caso, nós o que propoñemos con esta iniciativa é, primeiro, que se arbitren as medidas para que...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...dunha vez por todas, desterremos os concertos que separan nenos de nenas e que, por suposto, non se lles permita a estes centros que...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...perpetúen ese ideario clasista e conservador que...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...tanto dano lles fai aos nosos nenos. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Antes de darlle a quenda ao Grupo Parlamentario dos Socialistas, damos a benvida aos alumnos de 3º da ESO do IES Monte das Moas, na Coruña. Benvidos ao Parlamento. Ten a palabra agora dona Noelia Otero por un tempo de dez minutos.

A señora OTERO LAGO: Moitas grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

E bo día tamén ás alumnas e alumnos de 3º da ESO que nos acompañan.

Imos comezar con algo tan básico para todas e todos os que estamos aquí, e é que con esta moción e este debate do que se trata —salvo algúns matices á parte— é de cumprir a lei. E cómpre lembrar que estamos a falar de dar cumprimento a unha lei educativa que xa hai máis dun ano que se aprobou. Pero, vista a postura da Xunta durante todos estes anos, da Consellería de Educación, non está de máis aclarar algo tan básico no inicio deste debate.



É unha nova Lei de educación, a LOMLOE, aprobada e que está en vigor desde hai xa meses e por primeira vez é unha lei educativa clara e que recolle no seu texto ese avance cara á cohesión social, cara á eliminación de calquera tipo de desigualdade; unha lei que vén ser, aplicando o seu contido, o verdadeiro antídoto para que calquera alumno, a pesar de calquera tipo de desigualdade ou diferenza por razón de sexo, persoal, económica ou social, non vexa condicionado o seu acceso, a súa permanencia e o seu progreso a nivel educativo no exercicio do seu dereito á educación. E, ademais de dicilo a lei, hai que dicir que hoxe en día non hai ningún parámetro, non hai ningunha evidencia contrastada, hai absolutamente acordo en que aqueles sistemas educativos que separan, que clasifican, non só non son equitativos, senón que obteñen peores resultados. E, polo tanto, a LOMLE —insistimos, a nova lei educativa que está en vigor— establece con claridade nos seus principios reitores, de cara aos gobernos autonómicos, de cara á Xunta de Galicia, que é o que ten que facer e ha de ter en conta para garantir no exercicio destas competencias a educación cimentada na equidade.

E tal e como sinalou o propio comisario europeo de Dereitos Humanos no Consello de Europa, nun documento oficial, *Combater a segregación escolar en Europa por medio da educación inclusiva*: «A segregación escolar é unha das peores formas de discriminación e supón unha violación grave dos dereitos dos nenos e das nenas afectados, xa que as súas oportunidades de aprendizaxe se ven seriamente prexudicadas polo illamento e a falta de inclusión nas escolas convencionais. É un signo inequívoco de inxustiza.». Polo tanto, non hai argumentos científicos que digan o contrario a estas alturas, nada que avale defender o contrario ao que recolle esta nova lei educativa, salvo o interese partidista a ese boicot que vemos durante todos estes meses por parte dos gobernos do Partido Popular, da Xunta de Galicia, do propio conselleiro de Educación e do Grupo Popular arredor desta lei.

E, ante a ausencia de argumentos, imaxino —agardo que hoxe non— que se centrarán nos grandes mantras: que o ministerio é malo malísimo e que a lei é mala malísima; e non iremos ao debate de fondo e sacarán o que xa podemos definir como o comodín do público do Partido Popular, se falamos de educación... Dá igual que falemos de asuntos tan concretos coma este, dá igual que falemos de recortes de profesorado, dá igual que falemos de casos concretos como as deficiencias no transporte escolar, dá igual que falemos de que non chegan as axudas de libros de texto, de materiais, e máis nun contexto de crise para a maioría das familias galegas; dá igual, sacamos o comodín do público, do Informe Pisa, e dicimos que somos os campións e as campioas de absolutamente todo.

Pero hoxe agardamos —como dicíamos—, se collemos parte da interpelación, das palabras do conselleiro de Educación neste Parlamento, que a pesar de que dicía «se toca, cumpriremos; se non, non», tamén chegou a dicir, literalmente: «A Xunta de Galicia vai cumprir co establecido na normativa, cumpre e cumprirá». Ben, agardamos que sexa así. Polo de agora —insisto— o que temos é a gran desvergoña durante meses de estar boicoteando de xeito sistemático e de criticar a lei.

Polo tanto, cinguíndonos a este debate, a obriga que ten o Goberno da Xunta, en cumprimento desta nova lei educativa e de camiñar cara a unha coeducación efectiva, é obter a in-



formación detallada xa a estas alturas —informes, estudos, con transparencia— arredor deses concertos deses colexios privados concertados que segregan nas aulas; ter esa radiografía e información obxectiva, con transparencia; insistimos, unha diagnose feita para dar cumprimento a unha lei que leva xa máis dun ano aprobada.

E nós aproveitamos este debate tamén, xa que falamos de equidade e de igualdade, para pedir que dunha vez por todas se poñan serios e poñan as pilas, porque, en canto á igualdade, en educación, estamos nesta comunidade autónoma absolutamente en cueiros. (*Aplausos.*) Veñen de presentar con dous anos de atraso, sen inmutarse, un documento como esa *Estratexia galega de acoso escolar* que practicamente aínda ninguén coñece. Cando falamos de que fagan efectivo o dereito á educación afectivo-sexual nas escolas, en educación, non só como marca a LOMLOE, senón como marcan e recomendan todos os organismos internacionais, frivoli-zan, fan bromas —o propio conselleiro neste Pleno—, cando sabemos que as expertas e os expertos están a dicir que a nivel educativo non se está a garantir o dereito do alumnado galego a unha educación afectivo-sexual. E sabemos tamén que as expertas e os expertos están advertindo de que a carencia desa información e desa educación está suplida pola pornografía, que está detrás de moitas actitudes violentas en canto a machismo tamén ou agresións sexuais. Non é unha broma. Cando falamos de igualdade tamén temos reclamado, nesa nova *Estratexia galega de formación profesional*, saber cal é o traballo, porque nada fala de arran-xar esa fenda de xénero na matriculación na formación profesional entre homes e mulleres.

Estamos nun contexto de crise, e sabemos que o dereito á educación, ademais, é un dos grandes dereitos para conseguir unha igualdade real e efectiva. Estamos en plena tramitación de orzamentos nun momento —dicíamos— de crise, no que sabemos que o 33,5 % das mozas e dos mozos, da adolescencia galega, dos nenos e das nenas, están en risco de pobreza e de exclusión social. E vostedes, no Partido Popular —e o conselleiro—, cada vez que falamos de educación, veñen aquí empregar a educación única e exclusivamente como arma arroxadiza contra o Goberno central. De nada vale neste contexto de crise, no que presumen de ter o orzamento expansivo máis grande da historia —por certo, que o orzamento da Consellería de Educación, que comparte, ademais, as competencias con Cultura e con Patrimonio, medra moi por debaixo do que medra o conxunto do orzamento xeral da Xunta de Galicia—... Pero, aínda así, ademais de medrar menos, se collemos capítulos e programas absolutamente básicos neste contexto de crise para falar de equidade, como o 423A —no que falamos de axudas ás familias, ás ANPA, aos concellos, no que falamos de libros de texto, de material, de transporte escolar—, vemos que apenas experimenta cambios.

Dende logo, dende o Grupo Parlamentario Socialista, seguiremos defendendo que a educación sexa un dereito público, efectivo —libros, materiais, comedores— e que os centros de ensino, tal e como recolle a nova Lei orgánica de educación, a LOMLOE, sexan coeducativos, sexan inclusivos e sexan o maior garante da equidade.

E nese compromiso da LOMLOE, ante situacións de inequidade e exclusión, é necesario —ademais, como contempla a propia lei— que os centros teñan non só autonomía na organización dos currículos, senón que tamén conten con recursos económicos e persoais para atender os alumnos con diversidade, con necesidade de apoios educativos. E neste comezo de curso vimos denunciar neste Parlamento e escoitar tamén nas rúas arredor de todo o país como moitos cen-



tros, por poñer un exemplo como o de Bergondo, a comezo de curso se atopan cunha situación que pese a ter informado ao final do curso pasado que tiñan un aumento dese alumnado con necesidades de apoio especiais, mesmo con alumnado con graos elevados de discapacidade, ven como se lles recorta profesorado e especialistas.

A nova Lei de educación, que a Xunta boicotea, ten entre os seus principios reitores a igualdade entre mulleres e homes; reforza este enfoque a través da coeducación e impulsa en todas as etapas educativas a igualdade efectiva de mulleres e homes.

A LOMLOE, que a Xunta boicotea, introduce unha nova materia en primaria e secundaria sobre valores cívicos e éticos, que prestará especial atención á igualdade. En bacharelato incorpora entre os obxectivos da etapa consolidar unha madurez persoal afectivo-sexual que permita prever, detectar e resolver posibles situacións de violencia.

A LOMLOE insta a fomentar a presenza de alumnas en estudos de ámbito das STEM e dos ensinados de formación profesional con menor demanda feminina. Recolle que as administracións deben promover os currículos, os libros de texto e demais materiais educativos que fomenten a igualdade entre homes e mulleres e non conteñan estereotipos sexistas ou discriminatorios.

A nova lei, que a Xunta boicotea, sinala que o consello escolar debe ter unha composición equilibrada entre homes e mulleres e fomentar a igualdade real e efectiva. A nova lei, que a Xunta boicotea, di que os centros deben incluír e xustificar no seu proxecto educativo as medidas para favorecer e formar en igualdade en todas as etapas educativas.

Nós non podemos máis que poñer en valor a importancia dunha lei que camiña na liña do papel da educación como pilar da igualdade real, que elimina a segregación no seu texto por primeira vez a todos niveis —xénero, social e económico— e que, polo tanto, non hai máis que cumprir porque é o marco normativo. Pero permítannos que ademais engadamos que é a lei que por primeira vez enfoca a equiparación das oportunidades sen que exista discriminación ningunha, porque parte dunha concepción desde a que se aborda a inclusión como símbolo garante da equidade pero tamén da calidade educativa. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Otero.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra dona Carmen María Pomar.

A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día, señorías.

Bo día, señor Lourenzo.

Téñolle que confesar que, de verdade, sinto moito que as compañeiras e compañeiros dos nosos respectivos grupos parlamentarios, así como as compañeiras e compañeiros do PSdG, teñan que volver escoitarlle a vostede falar unha e outra vez sobre o mesmo tema, cos mesmos mantras e as mesmas preguntas retóricas. E o problema é que a oposición non se pon



de acordo en se este é un tema legal ou un tema ideolóxico. Falen entre vostedes a ver se o arreglan.

E ademais, señor Lourenzo, con ese ton sensacionalista, melodramático, facendo ilexítimas comparacións entre a educación diferenciada e a segregación por raza ou cor de pel, ou as actitudes e comportamentos racistas e xenófobos, non serei eu quen entre nesa sorte de trampa que vostede utiliza como estratexia (*Murmurios.*) para darlle máis autoridade ao seu discurso. Eu creo que cando se teñen argumentos sólidos que sustentan un posicionamento non son necesarios alborotos para resultar convincente, (*Aplausos.*) nin sequera no debate parlamentario.

¿De verdade que non é unha pose cando vostede cuestionaba no pasado pleno se existía liberdade nas familias para dicir que non queren que un neno negro entre nunha escola para brancos, equiparando esta situación co feito de que tres centros escolares ubiquen en edificios separados a nenos e a nenas cuxas familias o escollen así libremente?

Mire, señor Lourenzo: deixe de falar aquí de demos e de anxos, presentando o seu grupo parlamentario e a súa organización política como se vostedes estiveran no poder da bondade moral absoluta. Vostedes colocan a énfase na legalidade ou na ideoloxía segundo lles convén; porque é así, van mudando segundo lles convén.

E non digo todo isto por subestimalo nin a vostede nin á moción que presenta, senón polo convencemento de que este tema ten sido sobradamente explicado tanto na Comisión 4^a como polo conselleiro de Educación interpelado no pasado pleno. Pois ben, sendo así, unha de dúas:

Ou é que vostedes non entrenan a súa paciencia á hora de esperar resolucións xudiciais, pois como xa se lle explicou aínda que vostede veña ampararse unha e outra vez na disposición adicional vixésimo quinta da LOMLOE. Hoxe non o fixo porque hoxe mudou e pasou ao debate ideolóxico. Vostedes ignoran constantemente tamén que esta cuestión é obxecto de recurso ante o Tribunal Constitucional e en tribunais ordinarios. Tamén é certo que vostedes acoden ao marco constitucional e á xurisprudencia segundo lles vai na feira.

Ou a segunda das opcións é que no seu grupo non teñen outras cousas das que falar de maior calado sobre o panorama educativo que se aveciña ante a recente aprobación dunha lei tan polémica —aínda que a señora Otero diga que non— como a LOMLOE, ou non queren facelo, porque no Congreso abstivéronse da votación, pero cando calan sempre outorgan.

A LOMLOE —voulle informar, señora Otero, dalgunhas cousas— é unha lei que foi presentada, deberíamos dicir «colada» en plena pandemia; foi aprobada sen consenso das comunidades autónomas nin da totalidade da comunidade educativa. Unha lei non exenta de riscos, sen marxe para o estudo das emendas e co freo das comparencias de expertos solicitadas. Unha lei que baixo a demagogia tópica dun ensino máis flexible e modernizado esconde unha gran falacia, que contribuirá —anote, señora Otero—, por unha banda, ao autoengano dos datos referidos ao abandono e ao fracaso escolar —e disto sabe moito o seu voceiro o señor Álvarez— e, por outra, a un camiño esvaradío cara á falta de



equidade —dígoo porque vostede é experto en educación—. Unha equidade que o Estado democrático conseguiu progresivamente nestas últimas décadas e que Galicia ten a gala liderar. Somos a comunidade co sistema educativo máis equitativo, por diante de todos os países da OCDE. Falta de equidade que xa é constatada en países veciños como Francia, nos que o nivel do ensino público está a descender desde hai anos estrepitosamente, abrindo unha fenda moi significativa a nivel socioeconómico entre aquelas familias con recursos que envían as súas fillas e fillos a escolas privadas e as que teñen que facelo a escolas públicas por falta de recursos. Isto, señor Lourenzo, no país galego non ocorre, e no Estado español aínda tampouco, afortunadamente. Pero o panorama futuro non se intúe tan optimista.

Porén, lonxe de abrir debate nesta liña, que daría para moitas e interesantes horas de conversa, e para que non nos acusen como adoitan facer de esquivar o tema, quero comezar a análise do mesmo con algunhas definicións que supoño que coñece, pero que poden servir como punto de referencia para evitar erros ou equívocos.

Segregar: consiste en separar unha cousa doutra da que forma parte, para que siga existindo con independencia dela. Este é un verbo coñecido por vostedes, porque é o que pretenden facer con Galicia, segregala do resto do Estado para que siga existindo con independencia del. (*Aplausos.*)

Diferenza: calidade, característica ou circunstancia que fai que unha persoa ou cousa sexa diferente doutra. Este substantivo tamén é coñecido porque vostedes levan por bandeira como se fora só súa a do respecto á diferenza.

Desigual: o que non é igual ou diverso ou variable. Denotación que por si mesma non parece ir unida a algo negativo. Outra cousa é que cando a acompañamos dun complemento preposicional como «de oportunidades» ou «de dereitos», esa connotación sería que implica inconstitucionalidade, porque para nós a Constitución segue a ser a referencia.

Diversidade: variedade de semellanza, diferenza. Isto está moi relacionado co que defendemos todas e todos os que nos dedicamos ao mundo educativo desde a política ou desde outras esferas, que é o respecto e a atención á diversidade. E xa remato co glosario para non cansalos.

Liberdade: facultade que ten o xénero humano para obrar dunha maneira ou doutra, ou non obrar. Estado do que non é escravo.

Creo que é importante deixar estes conceptos claros antes de meternos de cheo no texto da moción. Por deformación profesional, sendo docente coma vostede, gústame rebuscar información sobre os temas que preparo, e teño que informar dun par de curiosidades que pode ser que vostede descoñeza.

A primeira é sobre a orixe histórica —agora que se leva tanto isto da «memoria histórica»— das primeiras escolas para nenas cando non tiñamos as mulleres dereito á educación, que datan do século XVII e XVIII. En Europa foron impulsadas por ordes católicas e filántropos



protestantes. En Estados Unidos xurdiron das primeiras correntes feministas. Un dato cando menos interesante para saber quen abriu o camiño á educación das mulleres.

A segunda curiosidade que hai que ter en conta é que nalgúns países cuxo réxime gobernativo descansa no marxismoleninismo, polo tanto que comparte berce coa doutrina da que se nutre o BNG se aludimos aos estatutos da UPG, o sistema educativo baséase no control ideolóxico e no illamento do resto do mundo, mantendo no día de hoxe —non querían ideoloxía, imos con ideoloxía— temas prohibidos no currículo de humanidades, recibindo as estudantes de sexo feminino —jollo ao dato!— capacitación básica de ama de casa e os de sexo masculino adestramento de traballo en fábrica, sen entrar en aspectos como a ideoloxización das matemáticas ou o alistamento dos nenos e nenas na Garda Vermella Xuvenil.

Estes son simplemente datos para ilustrar o tema e á vez tratar de incorporar elementos ao debate que resulten novos e descoñecidos para as súas señorías, para que non teñan que escoitar sempre o mesmo, que unha vez máis consiste en explicarlles a vostedes que o propio texto da moción busca a confrontación e relata inexactitudes intencionadamente, e faino porque xa se cumpre coa lexislación vixente en materia de concertos. Os centros xa cumpren coa normativa de coeducación e igualdade e co marco internacional.

Parece que con esta moción o BNG pretende e exige unha aplicación inmediata da disposición vixésimo quinta da LOMLOE, sen ter en conta o conxunto do marco xurídico. Neste sentido, aludindo á emenda presentada polo PSdG, señora Otero, vostedes insinúan que nos centros de educación diferenciada non se aplica a LOMLOE no ámbito da coeducación. E iso vostede, señora Otero, ten que saber que non é certo. Todos os centros educativos de Galicia financiados con fondos públicos, —reitero— todos os centros educativos de Galicia aplican o mesmo currículo, e non se fai un currículo á carta para cada centro.

Reitérolles, por outra banda, que os concertos en Galicia están vixentes e que o período de vixencia dos concertos educativos en Galicia finaliza, como recolle o artigo 2 da orde do *DOG* do 21 de agosto do 2017, ao remate do curso 2022-2023. Será nese momento cando corresponda a renovación do novo período de concertos educativos. Nese momento a Xunta vai cumprir coa normativa vixente respectando os prazos e estando atentos á xurisprudencia.

A normativa educativa de igualdade está vixente, é de aplicación —insisto— nos centros de educación diferenciada; normativa que loxicamente están a cumprir e da que dan debida conta a través das súas programacións.

Despois do glosario que sentou as bases da miña intervención instámolos, señor Lourenzo, a que non confundan este Parlamento nin a opinión pública enmarañando conceptos. A coeducación está vixente na educación mixta e na educación diferenciada. A coeducación vai moito máis alá da educación mixta nas aulas. Este obxectivo está a ser e será sempre de importancia fundamental para o Goberno galego, tanto por parte da Consellería de Educación como por parte da Secretaría Xeral de Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade.

Está claro que se o BNG non está de acordo coa resposta dada polo conselleiro o pasado pleno. O que se desprende é que o BNG non está de acordo nin cos acordos internacionais nin coas



sentenzas dos tribunais. É obvio que vostedes precisan seguir facendo ruído con este tema, sentando este debate na defensa da igualdade entre homes e mulleres, respondendo a intereses ideolóxicos.

Presumen de que sempre están a pé de país. Nós entendemos que estar a pé de país conleva trasladar os problemas reais á casa da palabra, a esta, a esta casa da palabra, e non facer unha sorte de siloxismo trucado ou de entimema erróneo —xa que se falou de Aristóteles—, no que poida chegar a formularse unha premisa sobre o todo, cando a poboación do alumnado destes centros sobre o total é do 0,36. ¿De verdade, señor Lourenzo, que a pé de país esta é unha das maiores preocupacións das familias galegas?

Señorías, Galicia ten un Goberno responsable, e reforzo é algo que vostedes xa adiantaban. A Xunta cumpre, cumprirá coa normativa vixente. E nos casos de educación diferenciada tamén o fixo e o fará.

En todo caso —e remato xa, presidenta—, señor Lourenzo, déanlle unha volta nese permanente proceso de busca da identidade na que están inmersos, agora que visitan as instalacións de multinacionais que antes demonizaban. Pode chegar un momento no que levadas ou levados por certa confusión ou ataque de disonancia cognitiva acaben matriculando un fillo ou unha filla nun centro educativo concertado ou non que separe por sexos. Decisión que o noso grupo entendería no marco da liberdade de elección de centro. Porque mire como di Jorge Drexler, un dos meus cantautores favoritos —para que vexan que son imparcial nos gustos musicais—: «*El velo semitransparente del desasosiego / un día se vino a instalar entre el mundo y mis ojos. / Yo estaba empeñado en no ver lo que vi, / pero a veces la vida es más compleja de lo que parece*».

Moitas grazas. Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para pechar de don Manuel Antonio Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidenta.

Ben, pois eu creo que é de agradecer, señora Pomar, que vostede viñese aquí dicir, poñer enriba da mesa, evidenciar con esa claridade que que se lle prohíba a unha nena entrar nun centro educativo por ser unha nena, para vostede non é un problema real. Pois alá vostedes, porque vostedes consideran o que é problemas reais e o que non. (*Aplausos.*) Para nós pode ter claro que a segregación e a discriminación por suposto que é un problema real, afecte o 10 por cento, o 20 por cento, o 30 por cento ou o 0,36 por cento como vostede acaba de dicir.

Pero, claro, aquí hai unha cuestión que nós cremos que é xa para analizar un pouquiño devagar. Porque eu creo que cada vez que o Partido Popular fala de cumprir as sentenzas xudiciais e de respecto pola legalidade, señora Pomar, eu creo que morre un unicornio. Fíxese: Ano 2007, a respecto do que nos ocupa de igualdade, vostedes levan quince anos incumprindo a lexislación vixente a respecto de dotar os centros de ensino de plans de igualdade



para o profesorado. ¿E vostede vén aquí a falar de respecto pola legalidade? Pero é que fíxese, ano 2009 —víñallo dicir na anterior intervención—, o propio Goberno de Feijóo renovou os concertos cos centros que segregan, incumprindo o que estaba establecido na lexislación vi-xente. E isto non o di o BNG, isto díxoo o Tribunal Supremo cunha sentenza absolutamente demoledora, que non me estraña que agora vostedes queiran falar desa legalidade. Cando non lles viña ben a legalidade incumpríana, cando lles vai ben a legalidade tratan de alegala. Sempre o que sexa necesario —incumprila, modificala— para beneficiar os seus amigos do Opus Dei, que é o que está debaixo deste debate, e para beneficiar os centros que segregan por sexo. (*Aplausos.*)

E, claro, xa que vostede nos viña falar de semántica, señora Pomar, (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) falemos de educación diferenciada, xa que de educación a secas se ve que non se pode falar. Cando falamos de educación diferenciada, falaba vostede de que, claro, iso non é o mesmo que separar brancos de negros nun centro de ensino, porque, aínda que en tres centros deste país se poñan nenas nun edificio e nenos noutro, iso seica é —*semántica de la buena*— educación diferenciada. En cambio, se neses mesmos tres centros se separase o alumnado branco do alumnado negro, ¿que sería iso, señora Pomar? Se nese centro de ensino separasen alumnado xitano de alumnado non xitano, señora Pomar. Claro, jé que vostedes son de discriminación selectiva! Cando é o dos seus amigos aos que lles financian os centros educativos (*Aplausos.*), para vostedes iso é liberdade; cando é doutro tipo, a vostedes non lles gusta.

E suponse, claro, que hai que cumprir as leis. Fíxense se hai que cumprilas, que vostedes botaron do 2009 ao 2015 incumpríndoas para poder permitir que se mantivesen estes concertos.

E, claro, a vostedes parécelles que iso hai que respectalo. E nós dicimos que a nós non nos parece respectable nin consideramos que sexa un exercicio de liberdade o feito de que nun centro educativo se prohiba a entrada dun neno ou dunha nena polo mero feito de selo. Non nos parece que iso poida ser chamado liberdade, pero o que xa nos parece unha absoluta obscenidade é que isto se pague cos diñeiros de todos os galegos e de todas as galegas ao tempo que lles están a dicir que non hai fondos, por exemplo, para financiar bolsas anticrise.

E cando vostede nos falaba do seu modelo de segregación, da súa definición de segregación, a min alédame —á parte xa imos botando un pouco en falta a lexicoloxía—. Pero cando falamos desa separación de identidades, nós estamos absolutamente convencidos de que vostedes son os campións da segregación. Son os campións da segregación, cando se trata de separar os homes das mulleres, e son os campións da segregación cando se trata de separar os ricos dos pobres, porque ese é o seu modelo educativo e iso é o que vostedes pretenden financiando estes centros do Opus Dei, que separan os nenos das nenas. (*Aplausos.*)

E vostede di que, claro, que estas cuestións... (*Murmurios.*) —É que non lles gusta que se lles diga aos señores do Partido Popular que financian os centros do Opus Dei que separan os nenos das nenas. Pero se non lles gusta, o que teñen que facer é deixar de financiarlos e non enfadarse porque aquí digamos que os financian, señores do Partido Popular—. Polo tanto, cando dicían que iso non tiña ningún tipo de impacto e que era un modelo educativo coeducativo, eu simplemente os insto a que boten unha ollada á hemeroteca e vexan as du-



cias de páxinas web que hai sobre as lecturas obrigatorias que se daban neses centros de ensino —ou lecturas mesmo optativas, en moitas ocasións—. O que dicían neses textos a respecto, por exemplo, da homosexualidade. O que se dicía neses textos a respecto de cal debe ser o papel da muller na sociedade. O que se di neses textos a respecto do modelo social e do papel que lle corresponde. Pois iso é o que se implementa neses mesmos centros, señores do partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...—e remato, señora presidenta—. Estamos a falar, claro que si —péselle a quen lle pese—, de ideoloxía, estamos a falar de modelo educativo, estamos a falar da sociedade que queremos, estamos a falar de igualdade, de respecto por todas as persoas, independentemente de si son brancas, negras, homes ou mulleres. Ese é o seu modelo educativo, o da segregación, o da discriminación; o noso —non teñan ningunha dúbida— está no da liberdade real, e sobre todo, no da igualdade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Sobre a emenda, señor Lourenzo?

O señor LOURENZO SOBRAL: Si, aceptámola.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Acepta a emenda.

Continuamos coa orde do día. Imos ao punto 4.2.

Moción do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación cos proxectos eólicos que vulneran a normativa ambiental

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se lle presentaron emendas.

E para a súa exposición...

(*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten agora dez minutos para o seu debate.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Grazas, presidenta.

Se tivéssemos que resumir a política eólica do Partido Popular destes catorce anos con tres palabras, estas palabras serían parálise, incerteza e obediencia; obediencia aos poderosos.



Este é o resumo da política eólica do Partido Popular en catorce anos, señorías do Partido Popular. (*Aplausos.*) Porque vostedes empezaron no 2009 anulando un concurso eólico que a xustiza demostrou que era legal. E a continuación, no 2010, fixeron un concurso eólico que anunciaron como un auténtico maná. E voules recordar unha frase pronunciada nos medios de comunicación e tamén neste Parlamento: «*Estamos hablando del plan industrial más importante de la historia de Galicia*». Voulo repetir un par de veces máis: «*Estamos hablando del plan industrial más importante de la historia de Galicia. Estamos hablando del plan industrial más importante de la historia de Galicia*». Podería estar aquí unha hora repetíndoo cen veces, porque isto é o que merecen vostedes, que lles descubran as mentiras, que lles descubran as trampas, que lles descubran todos os enganos.

Miren, ímoslle poñer cifras a ese plan industrial máis importante da historia de Galicia, 2.325 megawatts, 6.000 millóns de investimento, 13.266 postos de traballo. ¿Sabe cal é o resumo, o balance? O balance é unha fraude, un grande engano e a ruína para o país. Isto foi o balance disto que anunciaron como o maior plan industrial da historia de Galicia. (*Aplausos.*)

E vostedes saénnos moi caros, porque en todo este tempo perdemos moitas oportunidades de investimento e de postos de traballo.

E levamos catorce anos de parálise eólica, que son responsabilidade do Goberno do Partido Popular, non de ninguén máis, non de ningunha plataforma, non de ningún grupo político, son responsabilidade de decisións do Partido Popular en Madrid e en Galiza.

¿Saben cantos megawatts había en Galiza instalados no ano 2010, despois dese Goberno tan desastroso? Eramos unha potencia, estabamos no ranking, na cabeza. Tiñamos 3.290 megawatts. ¿Saben cantos había instalados en 2018? 3.412. É dicir, que vostedes en oito anos instalaron 122 megawatts. É dicir, un auténtico fiasco, un auténtico desastre, unha auténtica calamidade e un balance absolutamente ruinoso e desastroso dos Gobernos do Partido Popular. Ese é o seu haber, o seu balance, porque vostedes son moi malos xestores, son un fiasco absoluto e son profundamente sectarios na súa política, e tamén na política eólica.

E, claro, despois deste balance ruinoso e desastroso que é o seu haber —e a vostedes móléstalles profundamente que se lles diga claramente a verdade—, despois dese anuncio do maior plan industrial da historia de Galicia, o maior plan industrial da historia de Galicia foron 122 megawatts. Esa é a realidade do seu balance e da súa política. (*Aplausos.*)

E, claro, despois, a partir do ano 2018 e ata o 2022 veu o grande acelerón; acelerón no que houbo un tremendo patinazo, o aluvión de proxectos, por diversas causas, sobre todo por todos os cambios legais que vostedes introduciron —derivados, por certo, da lei do sector eólico do 2013, que liberalizou o sector. Desapareceron as poxas e entón iso foi o gran casino eólico, é dicir, o primeiro que chegue aprópiase dos montes, aprópiase dos vales e monta o seu polígono eólico, industrial, efectivamente, en zonas de desenvolvemento eólico elásticas, que se poden ir ampliando á medida dos intereses—. Pero, claro, o problema é que nestes catro anos, que ían ser os anos dun grande acelerón eólico, vostedes instalaron menos de 400 megawatts cando a previsión era instalar arredor de 400 ou 500 megawatts por ano. Polo tanto, seguen vostedes na parálise, no desastre e no fiasco, e iso é responsabilidade de



decisións do Partido Popular, non é responsabilidade de ninguén que lle estea aí atrancando os proxectos. O que pasa é que teñen un grande atasco administrativo, tamén un grande atasco xudicial porque fixeron as cousas mal, porque fixeron un efecto chamada e entón houbo unha avalancha de peticións. Están tramitando case trescentos proxectos e non dan feito, non dan abasto; por moita xente que dixeron que contrataron, non dan abasto.

E esta é a realidade, a realidade é que neste momento un de cada catro parques que se tramitan no Estado están en Galiza, por algo será. Porque houbo parón durante oito anos e porque houbo despois a avalancha concentrada en moi pouco tempo. E isto é toda responsabilidade súa. Por non falar xa dos miles de megawatts que veñen tamén na eólica. En fin, 11.000 en terra e máis de 3.000, cando menos, anunciados xa para a eólica.

Segundo termo-resumo: incerteza. Incerteza e inseguridade xurídica. Esta é outra das etiquetas destes anos, da política do Partido Popular. Incerteza e inseguridade xurídica pola auténtica maraña —que vostedes, eu creo que xa se perderon— de cambios regulatorios introducidos sistematicamente —sesenta e dous cambios legais, a maioría deles pola lei de acompañamento, na lei de aproveitamento eólico de Galicia, sesenta e dous cambios, creo que xa se perderon vostedes tamén—; incerteza e inseguridade xurídica polo aluvión de sentenzas en contra, que son auténticamente demoledoras, que son unha auténtica moción de censura xudicial á política eólica do Partido Popular da Xunta de Galiza. Están vivindo vostedes —como dixo o medio de comunicación *Praza Pública*, ao César o que é do César— un auténtico *annus horribilis* xudicial coa cantidade de sentenzas que están botando abaixo literalmente a política eólica fraudulenta do partido Popular.

Primeiro, sentenza xudicial —hai que repetilo mil veces— do Tribunal Supremo que anula o parque eólico do Oribio en Rede Natura. Un parque eólico incluído en Rede Natura no que vostedes intentaron facer pasar por legal unha declaración de impacto ambiental do ano 2005, que lles botou abaixo primeiro o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e agora o Tribunal Supremo.

Sentenza da anulación do parque eólico de Sasdónigas, en Mondoñedo, ¿por que?, por unha fragmentación ilegal de dous parques nun e porque non fixeron unha correcta avaliación ambiental. Nin sequera tiveron en conta o impacto no Camiño de Santiago que é o seu *sanc-tasanctórum*. Nin sequera protexen o Camiño de Santiago, ata tal punto chegan á hora de beneficiar determinados intereses.

Mais isto non pode quedar en censura xudicial nin sequera en censura política. Pedimos responsabilidades políticas e ceses por estas atrocidades que cometeron e que lles botaron abaixo os tribunais de xustiza. E tamén exiximos a reparación dos danos causados. Porque o mal xa está feito, xa hai unha destrución irreversible, ou case irreversible, nesa serra, que está protexida baixo a figura da Rede Natura.

Pero é que non queda aquí a cousa desta moción de censura xudicial. Acabamos de ver recentemente como o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza despois de anular o parque eólico do Roncudo en Corme, que xa está feito —o mal está feito de novo—, resulta que acaba de decretar a suspensión cautelar de dous parques de Greenalia, que vostedes lle puxeron o ca-



rril rápido de tramitación, acelerando os prazos, reducindo os prazos de trinta a quince días na información pública e cometendo unha ilegalidade. Porque vostedes chegan a este punto, de retorcer a lei para cometer ilegalidades para intentar favorecer intereses particulares e privados. E vulneraron a lei da avaliación ambiental e a normativa da directiva europea que exige cando menos, por garantías de participación pública, un trámite de información pública dun mes. E agora temos eses dous, Campelo e Bustelo, en suspensión cautelar, o terceiro de Greenalia —que están os tres nun cambalache, de tres parques feitos da fragmentación dun parque— que tamén vai ser decretada a suspensión cautelar, e todos os que seguiron este mesmo procedemento, que son máis de vinte, varios deles por certo de Greenalia, con esas portas xiratorias que vostedes tan ben fan xirar de conselleiros e conselleiras que se sentan un día no Consello da Xunta e despois séntanse no consello de administración dunha empresa como Greenalia. E iso explica moitas cousas tamén, ¡eh!

En fin, que temos moitas preguntas sen resolver sobre a exconselleira Bea Mato e ese gran portalón xiratorio que vostedes lle puxeron, e por iso tamén propoñemos nesta iniciativa que nos dean explicacións sobre todo isto.

E por último, está o que cualificamos como unha auténtica obediencia a eses intereses desas grandes empresas. E, claro, ao final encontrámonos que a xente está farta. A xente fartouse, cansouse deste *modus operandi* e estalles dicindo que non, que por aí non, que xa basta. E teñen unha auténtica fronte social, administrativa, política, xudicial dos concellos, mesmo do Partido Popular, dicíndolles que por aí non. E por iso, quero rematar apelando a unha cousa que dixo no seu día o presidente da patronal, o ano pasado: «*O llegamos a un pacto social por la eólica o perdemos el tren de la inversión y miles de empleos*».

Pois miren, ímoslles aceptar o invite. O BNG está a favor dun pacto de país pola eólica...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...pola enerxía como motor de desenvolvemento deste país, con equidade e con garantías, con garantías de participación pública e da sociedade —non só en sufrir os impactos, senón en repartir os beneficios para que non vaian sempre para o mesmo lado, para os poderosos que vostedes representan—, e con proxectos industriais asociados.

En resumo, o modelo do BNG é eólica si, pero non así.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Bo día, señoras e señores deputados.



Hoxe, o BNG tráenos unha moción na que solicita á Xunta de Galicia tres cuestións fundamentais.

A primeira é que cumpra a lei. Que deixe sen efecto as autorizacións dos proxectos dos parques eólicos de Campelo, Bustelo e Monte Toural. Que ademais asuma responsabilidades polas sentenzas firmes do Tribunal Supremo, que anula os acordos da Xunta de autorización dos parques eólicos da Serra do Oribio e de Sasdónigas. E que garanta o cumprimento estrito da lei de información e participación da sociedade e a protección dos espazos naturais en todos os proxectos de parques eólicos en tramitación.

Evidentemente os socialistas estamos totalmente de acordo, posto que non podería ser de ningún outro xeito.

O que temos que resaltar é que, durante este ano, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulou en xaneiro a autorización da Xunta para repotenciar o parque eólico do Roncudo en Corme, ao considerar que o prazo para a consulta pública sobre o impacto ambiental debía ser de trinta días e non de quince, e que ademais carecía dos informes sectoriais.

Posteriormente, o Tribunal Superior de Xustiza tamén paralizou de forma cautelar a instalación do parque eólico de Campelo, nos termos municipais de Coristanco e Santa Comba, polos mesmos motivos: redución do prazo para consulta pública e carencia de informes sectoriais.

Posteriormente, tamén paralizou o de Bustelo, que afecta aos concellos de Carballo e Coristanco e por idénticos motivos.

E con toda probabilidade vai acontecer o mesmo co do Monte Toural e por idénticas razóns.

¿E que teñen en común estes tres parques: Campelo, Bustelo e Monte Toural? É que ademais da redución deses prazos e a carencia de informes sectoriais, pois parece que estamos falando tamén dunha fragmentación dos parques.

Mentres, vemos como neste Parlamento galego, tanto o señor Conde, o vicepresidente primeiro, como os deputados e deputadas do Partido Popular, cada vez que saen aquí a falar de eólicos, primeiro atacan o Goberno todos os días —primeiro pola aprobación do Real decreto 6/2022 deste mesmo ano, despois pola súa modificación—. Despois manifestan unha e outra vez que a Xunta de Galicia é a gran garante do medio ambiente e que non sairá ningunha autorización sen exposición pública e sen informes sectoriais. E din tamén que como o fan tan ben, esa é a razón pola que tardan tanto.

O que pasa é que a realidade ás veces, señores e señoras do Partido Popular, é teimuda. E resulta que nin garanten a exposición pública nin achegan os informes sectoriais e empregan a utilidade pública nos proxectos segundo a vostedes lles conveña. E parece que pretenden fragmentar estes parques para que sexan resoltos pola Comunidade Autónoma e que non teñan que ser autorizados polo Estado.

Hoxe mesmo, o presidente da Xunta de Galicia e o vicepresidente primeiro van a Madrid a entrevistarse coa ministra de Transición Ecolóxica. Si, xa vexo que me fai que si, que si. E



nas declaracións que escoitaba eu esta mañá nunha emisora de radio o señor Conde interveu para dicir que ían a Madrid e, unha novidade, para dicirlle ao Goberno que axilizase a autorización dos tres parques eólicos que precisa Alcoa. Agora con moita présa —si, señora Nóvoa— agora con moita présa. Cando acaban de impulsar a súa tramitación nun acordo do Consello da Xunta hai tres días. E agora vénlles a présa.

E como sempre, o Partido Popular nos ten acostumados, agora inténtao colocar no tellado do Estado para que o fagan inmediatamente, sen facer absolutamente ningunha autocrítica pola tardanza que acumula a Xunta de Galicia na tramitación de todos os proxectos dos parques eólicos que ten sen tramitar; que teñen máis de 4.000 megawatts pendentes de tramitar, dos que 2.323 aproximadamente veñen dese concurso do Partido Popular tras anular o do Bipartito. É dicir, ¿a Xunta de Galicia, dende o ano 2010, non tivo tempo de tramitar? O que pasa é que cando teñen interese aproban en tempo exprés, e pódolles poñer algún exemplo: no caso dos 500 megawatts do ano 2019 ou cando foi o parque eólico do Oribio, que tardaron un mes e vinte catro días en aprobalo e ademais en Rede Natura.

Esas son as garantías do Partido Popular, unha cousa é o que din e outra moi distinta é o que fan. Vostedes, unha vez máis, amosan que vostedes gobernan segundo lles conveña e, sobre todo, para os que vostedes consideran amigos, pero que a protección do medio ambiente para vostedes non é máis que unha escusa e que a saltan cando iso entorpece os seus fins. Máxime cando nos atopamos —e non é baladí— que resulta que estes tres proxectos que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ten paralizados de xeito cautelador son da empresa Greenalia, cuxa directiva, como dicía o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, é a señora Beatriz Mato, que foi precisamente titular de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio na Xunta de Galicia do Partido Popular durante os anos 2015 a 2018 e deixou a súa acta de deputada hai dous anos.

Pois ben, se vostede lle dá á cabeza, non terán ningún inconveniente en achegar a documentación que se pide nesta moción, posto que o que se pide é que se manden os acordos do Consello da Xunta nos que participou a exconselleira Beatriz Mato e nos que se autorizou a declaración de parques eólicos como proxectos de especial interese —se non hai nada que ocultar, non vexo cal é a razón pola que non poidan presentalos—, e tamén ese informe da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas sobre as limitacións ao exercicio de actividades posteriores ao cesamento, neste caso, da mesma señora.

A verdade é que o noso grupo parlamentario ten solicitado esta cuestión en varias ocasións e que entendemos que debера ser entregado sen máis dilación. Aínda que tamén é verdade que os socialistas temos que volver manifestar o noso rexeitamento a esa forma de actuar da Xunta de Galicia, que aínda que se pregunte, ou a través do artigo 9 se pidan determinados expedientes ou determinada documentación, nalgúns casos nunca chegan, nunca chegan. E ademais iso entorpece o labor que temos que desenvolver os deputados e deputadas desta Cámara.

Por último, o que pide esta moción é abrir un proceso de diálogo e participación para un novo marco legal. Unha cuestión que vai totalmente na mesma liña do manifesto adoptado polo Partido Socialista xunto con Comisións Obreiras, UXT, Unións Agrarias, Fademur e Ventonoso.



Os socialistas defendemos nese manifesto un despregamento da enerxía eólica ordenada, non de calquera xeito, non en calquera lugar e non sen condicións. E pedimos que participe tanto a cidadanía como os concellos e que se dea toda a información.

E defendemos un despregamento da enerxía eólica racionalizada, desenvolvida de xeito estratéxico para reforzar outros piares da economía, vinculada ao territorio e aos seus habitantes e respectuosa co medio ambiente. Nós si que pedimos que o noso compromiso coas tramitacións medioambientais debe ser rigoroso e con respecto á Rede Natura.

Este é o acordo e o compromiso político do Partido Socialista. A nosa posición sobre o futuro de Galicia, da nosa terra e dos seus habitantes.

E nós, os socialistas, preguntámoslle unha vez máis á Xunta de Galicia: ¿Cal é a estratexia enerxética da Xunta de Galicia? Eu xa llo podo contestar: Ningunha. ¿Que ten feito a Xunta de Galicia dende que a Comisión Europea acordou en decembro de 2019 o Pacto Verde Europeo? ¿Que ten feito dende que se aprobou a Lei do clima da Unión Europea? ¿Que ten feito dende que o Goberno de España aprobou a Lei de cambio climático e transición enerxética? ¿Que ten feito dende a Declaración de Versalles? ¿Que ten feito dende o Plan REPower? ¿Que ten feito durante este tempo? Máis alá —iso si— de aprobar unha lei, a Lei 9/2021, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Por certo, gustaríanos que o Goberno da Xunta de Galicia fixera unha comparativa para ver se esta lei ten mellorado esa simplificación administrativa e ten servido para esa reactivación económica. Posto que unha cousa é aprobar e lexislar, e outra —que tamén debería de ser obrigatorio— é avaliar se esa lexislación está cumprindo cos fins que foron marcados.

Pois miren, vostedes, a Xunta de Galicia, e neste caso amparados polos deputados e deputadas do Partido Popular, non ten feito nada. Nada máis que esperar a ver como pasa o tempo e buscar a quen lle botan as culpas de todos os problemas que poden ir xurdindo. Porque vostedes carecen dunha estratexia para o noso país.

Mire, hai uns días o señor director xeral veu presentar a este Parlamento a Axenda enerxética de Galicia 2030. Veu no mes de outubro. No mes de xuño foi presentada ante os clústeres do sector e os deputados e deputadas deste Parlamento enterámonos a través dos xornais de que prevén investimentos de máis de seiscentos trinta millóns de euros ata 2024, sen que a día de hoxe estes deputados e deputadas dos grupos da oposición teñan recibido esa Axenda enerxética 2030. Esperamos realmente que non aconteza como coas Directrices enerxéticas de 2018-2020, que despois de ser solicitadas reiteradamente polos grupos da oposición, o que nos entregaron foron dous papeliños. Unha auténtica vergonza. Esa é a súa estratexia de país, dous papeliños.

Polo tanto...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: —Remato xa, señora presidenta—.



Este Goberno galego non ten estratexia de país, non ten unha estratexia enerxética, cun sector fundamental para a nosa comunidade. E vostedes saben que as últimas novas que aparecen durante todos estes días nos xornais pasan por ter un desenvolvemento da enerxía eólica que axude a esa revolución industrial galega, da que a Xunta de Galicia leva trece anos sen facer caso e parándose; sen facer absolutamente nada, sendo unha competencia propia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Dona Marta Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Bueno, o que xa me faltaba por escoitar, señora Rodríguez Rumbo, é que agora lle solicitamos ao Goberno de Madrid que axilice os parques eólicos para Alcoa. Miren, a responsabilidade de solucionar o prezo enerxético altísimo que leva Alcoa soportando e vostedes paralizados durante tres anos é súa, señoría. ¿De quen é a responsabilidade do prezo da enerxía? ¿Non é unha competencia do Goberno central? ¡Teñen abandonada Alcoa dende hai tres anos, señora Rodríguez Rumbo! *(Aplausos.)* E o Goberno da Xunta xa non sabe como axudar a Alcoa. *(Aplausos.)* Ten que volver reabrir as cubas en 2024 e seguen sen ter un prezo estable e competitivo. E é a súa responsabilidade. Señora Rodríguez Rumbo, tócalle agora mesmo escoitar... *(Murmurios.)*, agora mesmo tócalle escoitar, eu escoitei e non fixen nin mu. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, iso, escoite un pouco. Pero logo volveremos sobre o tema.

Señor Bará, unha vez máis vostede veu aquí coa pancarta de Stop eólicos, esa é a súa pancarta, a súa camiseta amosando vivir fóra da realidade. E sobre todo sabe que temos que instalar a enerxía renovable e vén agora cambiar aquí o discurso, facer unha caricatura de si mesmos. Vostedes, xunto co Goberno de España —si, os seus cómplices—, pecharon a central térmica das Pontes. Pecharon as centrais térmicas antes de tempo, señor Bará, e non nos queda outra que instalar e axilizar os proxectos das renovables. ¿E que fixeron vostedes? ¿Pero pódese vir aquí falar dun concurso eólico anulado polos tribunais...? *(O señora Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Anulado polos tribunais, si, respaldado Si, señor Bará. Si, tivo oito obxeccións do Consello Consultivo e varios recursos da industria. Pero ¿sabe o que fixeron? O que fixo o Bipartito, que levaba a Consellería de Industria naquel momento, foi instalar 35 parques eólicos —de 36 que se estaban tramitando— e ¿sabe con que normativa?, coa tramitación do señor Manuel Fraga, señor Bará. Vostedes instalaron os parques eólicos en Galicia coa tramitación iniciada polo Goberno do señor Fraga, máis de 800 megawatts de enerxía eólica, señor Bará. Coa tramitación do señor Fraga, polo tanto non estaría tan mal.

Mire, e vostede vén aquí presumir de que defenden a Galicia e o único que fan é unirse a grupos radicais en contra de sectores clave para Galicia: en contra de sectores como son a minería, en contra do sector gandeiro, en contra da enerxía, en contra do turismo; e, si, moito máis recente en contra da pesca, mantendo a súa alianza cos Verdes, tras o veto ao



palangre de fondo galego. Si, señor Bará, esa é a súa realidade, (*Protestas.*) a alianza cos Verdes. (*Murmurios.*) Si, señor Bará, esa é a súa realidade, (*Murmurios.*) a realidade dun BNG do non polo non, do non a calquera infraestrutura enerxética que se queira instalar na nosa comunidade. (*Murmurios.*)

E, miren, por moito que lles pese, Galicia ten un modelo eólico propio sustentable e ordenado que achega 500 millóns de euros ao PIB e que xera máis de cinco mil empregos. Si, señor Bará, e esa comunidade que está tan mal é a segunda comunidade en xeración de enerxía renovable en España, só por detrás de Castela-León; (*Aplausos.*) ou sexa que moi mal non debe estar.

E, señora Rodríguez Rumbo, é que Galicia xa ten cumprido o Plan de enerxía e clima dende hai dous anos. É que Galicia xera o 74 % de enerxía renovable. (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*) Oia, mire, señora Rodríguez Rumbo, estude, de verdade, (*Murmurios.*) e mire os datos, o 74 %. Os obxectivos do Plan nacional de enerxía e clima, Galicia xa os ten cumpridos, ¡xa os ten cumpridos! Pero aínda así imos seguir traballando pola enerxía renovable e imos seguir traballando dende o consenso. E o que a vostedes e ao BNG lles fastidia é que unha empresa como Maerks elixa Andalucía e Galicia para querer... (*Murmurios.*) si, instalarse; bueno, anunciouno o seu presidente de España —creo que si—. Si que lles molesta, moléstalles. E se elixe Galicia é porque está nunha posición privilexiada, ¿ou non?, e porque ten un sector eólico respectado e que dá traballo a moita xente, e a vostedes iso fastídalles.

Mire, Galicia é unha das seis comunidades autónomas que... (*Murmurios.*) (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*) É imposible, digo eu, ¿non?, tócalle escoitar... (*Murmurios.*) tócalle escoitar un pouco porque, bueno. Galicia —cóntolle— é unha das seis comunidades autónomas que teñen un plan sectorial eólico, que define onde se poden colocar os eólicos e onde non; e grazas a iso temos o 77,5 % do territorio blindado, si, pese á súa fatídica zonificación ambiental que crearon no Ministerio de Transición Ecolóxica. Nós estamos a garantir un marco de estabilidade para compatibilizar un medio natural e un medio rural compatible coa instalación de enerxía, coa instalación de empresas que dean traballo ao rural galego.

E claro que temos un modelo eólico con retorno e a vostedes fastídalles porque foi o Goberno do Partido Popular o que puxo un modelo con retorno. Un modelo que é o canon eólico ao que vostedes se opuxeron, que leva recadados case trescentos millóns de euros na nosa comunidade e que o fixo un Goberno do Partido Popular e non un Goberno do Bloque Nacionalista Galego; e iso é ao que vostede lle fastidia, señor Bará. E nós, o que queremos é un modelo eólico como ata o de agora, que leva trinta anos convivindo en Galicia, un modelo de paz social. E vostedes o único que queren é unha revolta social tratando de enganar a poboación coa instalación, dicindo que hai trescentos proxectos en tramitación e que se van instalar todos. E xa llo teño repetido en moitas ocasións, eu e o vicepresidente primeiro, tramitar, señor Bará, non é autorizar; e fala aquí dun montón de proxectos que uns se autorizarán e outros non. E declarar un proxecto de especial de interese tampouco significa autorizar, non; significa estudalo e ver se se pode instalar, se cumpre a normativa ou non. E non se aprobará nada que non se axuste á normativa.



E a verdade é que o que mostran aquí unha vez máis vostedes é a incompatibilidade de dous grupos que se mostran aquí ante a cidadanía para querer optar a un Goberno. E aquí queda clarísimo que vemos un BNG totalmente belixerante coa Xunta de Galicia e, oia, impórtanlle moi pouco os máis de sesenta e cinco proxectos que se queren instalar en Galicia, incluso en Rede Natura, que son de tramitación estatal. E vostede aquí non di nada, e a Xunta freou 65 parques, señor Bará, que o Goberno do Estado quería instalar en Rede Natura. E o mapa que vostede ten que ver, ese que ten que ver é este, mire, *(A señora Nóvoa Iglesias amosa un documento.)* Este que temos aquí é o que arrasaría Galicia, que son os proxectos do Estado que incumpren a normativa sectorial eólica, *(Aplausos.)* incluso en Rede Natura. Pero vostede é moi belixerante coa Xunta e moi manso co señor Sánchez, ¿por que será, señorías?, ¿por que será? Son mansos ata incluso cando o Partido Socialista de España cita a avaliación ambiental. E vostedes, nada, incluso votaron nun primeiro momento a favor do real decreto; si, que despois tiveron que emendar para modificalo.

Pero, si, hai moitos proxectos. E vostede, que fala aquí de fragmentación, se fosen tramitados polo Estado nin sequera se someterían á avaliación ambiental ordinaria, señor Bará. Vostede fala aquí dos proxectos da Xunta —o xuíz Bará e a señora Rodríguez Rumbo falan aquí de fragmentación, unha letanía de sempre— dicindo que hai proxectos fragmentados, se foran proxectos do Estado pois, oe, non serían nin sometidos á avaliación ambiental. Entón móstrase aquí unha vez máis a incoherencia de dous grupos que queren gobernar pero un é «non a todo o eólico» e o outro é «barra libre ao eólico». Iso si, señora Rodríguez Rumbo, isto é dun tempo a esta parte, porque ata hai ben pouco cando o portavoz de Enerxía —que antes podía falar, o señor Seco, agora parece que non— falaba aquí nesta tribuna era un día si e outro tamén «non ao eólico». E vostede agora, dende que o señor Formoso chegou á Secretaría Xeral do Partido Socialista é barra libre a todo o eólico. Si, señorías, ¡oh!, home, vostede antes non levaba Enerxía, pero cando ao portavoz de Industria e Enerxía o deixaban falar nesta tribuna, pois, naquel momento amosábase en contra da maioría de parques eólicos na nosa comunidade.

Miren, a verdade é que o que vai ocorrer é o que está ocorrendo ata o de agora, que van seguir moitos anos aí na oposición e nós vamos estar gobernando. Claro, entón non van ter que enfrontarse a ese problema de decidir se instalamos todos os eólicos ou paramos todos os eólicos. *(Murmurios.)* Non se van ter que enfrontar, señoría, a esa decisión porque os van seguir colocando aí por moitos anos.

Miren, señor Bará, vostede que agora parece que no seu grupo, bueno, intentan ir visitar empresas privadas. E ao día seguinte sobre esa empresa privada pois collen a pancarta e maniféstanse en contra desa mesma empresa. Pero, bueno, vostede con esa letanía; a letanía do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará, coñecémola todos e coñécea a poboación de Galicia e non a empresa privada. Vostedes están en contra, e están en contra mesmo dunha empresa que ten 120 traballadores en Galicia e que vai instalar uns parques que queren subministrar enerxía, por exemplo, para Alcoa; co prezo que está a soportar Alcoa e coa situación que ten Alcoa e a vostedes dálles igual, dálles igual manifestarse en contra das empresas. E pregunta cal é o modelo enerxético do Partido Popular, que lle expliquei hai un momentinho, pero o máis sorprendente é o modelo enerxético do Bloque Nacionalista Galego, un modelo enerxético totalmente modernizado, con esa tarifa galega de hai séculos, que antes era dun 30 % e agora é dun 10 %, e con esa empresa pública de enerxía que, oia,



como vostede dixo aquí, os eólicos teñen que ser públicos; porque se os eólicos son públicos, señorías, xa non contaminan o medio ambiente, xa non molestan nin lle van facer dano á xente, nin van facer ningún tipo de dano. Porque se a empresa pública xestiona a enerxía eólica ou a enerxía hidráulica...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...da que tamén están en contra, pois non contamina.

Mire, señor Bará, a verdade é que teñen tan pouco rigor ao falar de temas tan importantes e cruciais que a verdade é que caen polo seu propio peso. E o que lles fastidia, o que lle proe ao BNG, é que empresas punteiras elixan Galicia para querer instalarse en Galicia. Si, señor Bará, pese aos atrancos que o señor Sánchez...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...lle está poñendo á nosa comunidade.

Pola nosa parte, obviamente...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...imos votar que non á súa iniciativa. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Turno para o peche do autor da moción.

Ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora Nóvoa, vina un pouco confusa porque lle cambiamos o guión e vostede non sabía un pouco como... ten pouco reprís na argumentación. E vostede vén aquí repetir os mesmos mantras, as mesmas mentiras que xa non cre ninguén. Ademais, dixo vostede que nós pechamos Endesa, (*Murmurios.*) ¿o BNG pechou Endesa? As Pontes pechouna Endesa —xa veremos por que intereses—, en todo caso, é unha normativa de aplicación... Por certo, vostede non está moi informada porque Endesa volveu reabrir agora no novo contexto da crise enerxética, volveu abrir, como están abrindo centrais térmicas. O que non pode ser é presumir de que baixan as emisións e ao mesmo tempo culpar a non sei quen de que pechou Endesa. Non foi culpa do BNG, iso póde ter claro, non nos atribúan méritos que non temos.

E, mire, estamos no Parlamento galego. Isto, se non me confundo, é o Parlamento galego, polo tanto, aquí vimos fiscalizar a política da Xunta do Partido Popular. (*Aplausos.*) É a nosa función. (*Aplausos.*) E vostede, se ten aspiracións de ir ao Congreso, pois preséntese a unhas eleccións e vaia alí fiscalizar. E nós temos quen fiscaliza alí tamén, un deputado que representa, e moi ben, os intereses de Galiza. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Miren, vostedes anuláron o concurso eólico do Bipartito por dúas razóns, por sectarismo e por obedecer a intereses dos grandes grupos económicos que lles dan ordes e que lles mandaron



ir contra ese modelo porque era un modelo que beneficiaba o país, que beneficiaba as empresas do país e que tiña participación pública, algo que non poden aturar eses grandes grupos económicos. E as súas decisións sectarias saénnos moi caras, porque o que dixo a xustiza é que ese plan eólico, ese concurso eólico, era legal. E por iso os obrigaron a vostedes a pagar indemnizacións millonarias ás empresas prexudicadas, levan pagados máis de tres millóns de euros de diñeiro público por anular ese concurso. Entón, tiñan que pagalos vostedes dos seus bolsillos, (*Murmurios.*) tiñan que pagalo vostedes e non pagalo do diñeiro e do erario público; (*Aplausos.*) esa é a realidade, e así ao mellor non actuaban con ese sectarismo. (*Aplausos.*)

E despois estamos esperando aínda que pidan perdón, que pidan perdón, e que lle pidan perdón a un señor como Fernando Blanco que vostedes e moita outra xente levaron a un auténtico linchamento persoal, profesional e político por encabezar ese Goberno e ese plan eólico. Estamos esperando polas súas desculpas (*Aplausos.*) e que pidan perdón por iso. (*Murmurios.*)

Mire..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, non, non... É que estamos esperando que pidan perdón, (*Murmurios.*) porque foi un auténtico linchamento. Porque vostedes non poden soportar que haxa un Goberno neste país que defenda os intereses de país e que poña a enerxía ao servizo do país, como fixo o BNG cando estivo traballando co tecido empresarial do país. (*Aplausos.*) Ese é o modelo do BNG. Iso significa a participación pública, que o Goberno se poña ao lado do tecido empresarial do país para desenvolver un proxecto de país; desenvolvemento económico e social do país. Ese é o modelo do BNG, ir da man do tecido empresarial do país. E iso fíxoo o BNG cando estivo no Goberno. E iso volverá. Non lle metan medo vostedes a ninguén porque a xente sabe perfectamente o que fixo o BNG cando estivo no Goberno. E pode ir preguntando por aí nos sectores económicos e empresariais, pode ir preguntando por aí nos sectores do medio rural (*Murmurios.*) o que din dos Gobernos do BNG na Xunta de Galiza, que os botan de menos, que os botan de menos. (*Murmurios.*) Esa é a realidade que a vostedes lles molesta...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Por favor, por favor...

O señor BARÁ TORRES: ...profundamente, que lles molesta profundamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, sábeo perfectamente, e iso moléstalle profundamente.

Inseguridade xurídica. E que é como unha catedral. Vostedes crearon unha armazón xurídica liberalizada e con trampas e con enganos e con atallos que lles está botando abaixo o Tribunal Supremo e o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. E que non somos nós a oposición, a oposición téñena nos tribunais de xustiza. E estamos esperando aínda que nos digan como van facer para reparar o dano causado (*O señor Bará Torres amosa varias fotografías.*), non só o dano económico, senón o dano ambiental. Rede Natura. Iremos onde faga falta, onde faga falta para que vostedes reparen esta auténtica desfeita en Rede Natura na serra do Orbio. Isto é unha auténtica vergoña e non o imos consentir.

E xa para rematar, señora presidenta, creo que está absolutamente claro que aquí houbo un trato de favor a unha empresa, houbo un caso clarísimo de portas xiratorias e o Partido Po-



pular négase a enviar ao Parlamento —porque vai votar en contra diso— a información que lle pedimos sobre a participación da señora Beatriz Mato en todo ese proceso. ¿Que teñen que ocultar para negarlle ao Parlamento esa información? Señoras e señores do Partido Popular, manden esa información ao Parlamento. Tampouco imos ceder ata conseguir que nos dean esa información e toda a que levamos pedindo dos artigos 9 que vostedes lles furtan sistematicamente aos representantes da soberanía popular neste Parlamento.

E remato dicindo que a historia destes catorce anos —con toda esa parálise, esa debacle, ese fiasco que describín creo que con datos absolutamente incontestables na miña intervención— representa unha contraposición de modelos: o modelo do Partido Popular... É que é a realidade. Moléstalle, señor Puy, pero é a auténtica realidade. Trouxen aquí os datos. Menos de 200 megawatts...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...en oito anos. É a auténtica parálise do Partido Popular.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor BARÁ TORRES: É que non ten outra explicación.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: É a súa responsabilidade. Hai dous modelos: o modelo do Partido Popular de apoiar os intereses dos grandes *lobbies* económicos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), dos palcos VIP...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...e dos millonarios que benefician coas súas rebaixas fiscais. E o modelo do BNG, como demostrou cando estaba no Goberno, ao servizo dos intereses do país e da maioría social. A xente ten que escoller.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata a tarde, reanudándose ás catro, ás dezaseis horas.

Bo proveito.

Suspéndese a sesión ás dúas e catro minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión.



Continuamos co punto cuarto, que é o de mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde de novo a todas e todos.

Nós traemos esta moción ao pleno, que pide políticas de xeito transversal que afectan distintas consellerías, que pasan por pedir políticas de acceso a unha vivenda, de aumentar as axudas fundamentalmente de cara á mocidade en réxime de alugueiro, que fala dun Plan de emancipación e de arranxar os problemas de vida non independente da mocidade galega; unha mocidade cada vez máis empobrecida. Fala tamén de políticas de emprego, de incidir de xeito urxente sobre as taxas de desemprego xuvenil, sobre a inestabilidade, a precariedade e a temporalidade que se padecen en Galicia por parte dunha mocidade galega que, como temos dito anteriormente, xa padecía uns índices e unhas cifras preocupantes, pero que nesta conxuntura actual de suba de prezos xeneralizada pois é máis urxente que nunca poñerlle freo.

E comezo case que polo final repasando onde están os puntos que pedimos, cales son esas políticas, esas medidas, porque a conselleira de Emprego, que foi a encargada de dar resposta á interpelación arredor da situación da mocidade que o Grupo Parlamentario Socialista traía ao anterior pleno, case que se mostraba sorprendida —dicía— da mestura de temas que faciamos. Dicía que lle chamaba a atención que na exposición de motivos fundamentalmente falásemos da situación do emprego, algo de vivenda, pero que aquí viñésemos tamén a falar de demografía.

Ben, pensamos que non é moito pedir entender que para abordar as políticas, a situación que está a padecer unha mocidade galega cada vez máis empobrecida se entenda que non podemos falar de emprego sen falar tamén de vivenda, sen falar de emancipación ou sen falar e advertir sobre todo de que non hai esperanza posible en reverter a fonda crise demográfica que estamos padecendo, e que as previsións din que seguiremos padecendo nesta comunidade, se non temos en conta de xeito transversal esta radiografía.

Porque o curioso de todo isto non é só que a conselleira de Emprego se sorprendese segundo ela da mestura de temas para falar da situación da mocidade galega, senón que puxo o foco como resposta en tildarnos, tildar toda a documentación, os índices nos que sustentabamos a nosa interpelación e sustentamos esta moción tamén arredor de buscar solucións urxentes para a situación da mocidade galega. Logo de poñer o foco na situación, neses índices co que documentabamos esa situación tan preocupante, chamábanos a nós absolutamente catastrofistas.

E nós insistimos e falabamos dunhas previsións demográficas, que se viñan recoñecer hai poucos días, do Instituto Nacional de Estatística, que di que Galicia perderá nos vindeiros



quinze anos trinta e cinco mil persoas. Somos das poucas rexións a cincuenta anos a nivel estatal que van perder poboación.

Diciános que somos catastrofistas. Igual quere que minimicemos o feito de que a nosa comunidade se sitúe entre as poucas rexións que perderán poboación. Será catastrofismo tamén avanzar neste proceso de envellecemento, de perda de poboación, de baleirado acelerado, segundo amosan todos os datos poboacionais durante a última década. Será catastrofismo tamén pensar que na actualidade xa as galegas e galegos de máis de 65 anos superan xa en dez puntos arestora as galegas e galegos de menos de 20 anos. Será catastrofismo dicir, ou vicio, que Galicia padeceu o ano pasado o peor saldo vexetativo desde que hai rexistros.

Nós non queremos poñer cualificativos, porque oxalá non foran estes os datos. Pero o que si resultou unha catástrofe absoluta é traer unha iniciativa sobre o proceso de empobrecemento, a precariedade que está a vivir a mocidade galega con estes datos. E que unha conselleira dedique esta tribuna a facer negacionismo cando menos é irresponsable.

O que semella unha catástrofe é asistir a un debate sobre a situación da mocidade galega que padece máis temporalidade laboral, máis precariedade, máis taxa de desemprego xuvenil. Falar da imposibilidade de acceder a unha vivenda, a unha vida independente. Problemas que viñan de antes e que agora se están vendo agudizados no medio da suba xeneralizada dos prezos do alugueiro. E que sigan dicindo que todo vai estupendamente e que se amolen cando dicimos que desde o Partido Popular, desde a Xunta de Galicia, única e exclusivamente se lembran da xuventude neste Parlamento para falar de campamentos.

Na nosa interpelación documentabamos —e agora nesta moción tamén, así que cando menos pedimos unha escoita máis activa da que obtivemos da conselleira— a situación demográfica en datos e previsións do Instituto de Estatística. Falabamos da enquisa de poboación activa, do Observatorio da Xuventude, de estudos das universidades galegas. Pero a conselleira quedaba tamén con que citabamos unha reportaxe —¿por que non?— dun xornal galego na que se recollía a falta de oportunidades para a mocidade galega. Ademais de ilustrar esta reportaxe, que era ben ampla, con opinión de expertas e de expertos da comunidade, tamén recollía testemuñas de moitos mozos e mozas que recoñecían que na actualidade para traballar con condicións dignas e acordes á súa formación ían ter que marchar, ían ter que saír de Galicia.

Polo tanto, dá igual a fonte que elixamos. A conselleira de Emprego nega a maior neste Parlamento arredor destes datos e indicadores, que —insistimos— oxalá foran outros. Pero si facía, por certo, unha mestura delirante para explicar a situación do desemprego xuvenil entre a poboación máis nova. Aseguraba que aquí en Galicia o que acontecía era que non traballaban porque se estaba apostando pola formación e porque a FP dual era un éxito. É unha mestura absolutamente delirante, porque, claro, hoxe aquí, igual que no conxunto do Estado, as mozas e os mozos que se matriculan e cursan unha FP son máis que nunca. Claro que cada vez máis apostan pola FP dual aquí ou en todo o Estado; é absolutamente indiscutible, é a evolución estatal e mesmo a europea.



Pero veu a conselleira dicirnos nun debate sobre a situación da mocidade, sobre a estabilidade de oportunidades de emprego, sobre vivendas, sobre fuxida de talento, sobre crise demográfica que todas e todos tranquilos, que as cousas van ben, e o que pasa cos datos da EPA en emprego xuvenil é o seguinte —literal—: isto eu penso que é porque precisamente Galicia e as políticas da Xunta xeramos confianza ás familias e nos estudantes e, por suposto, tamén o prestixio que están dando as empresas coa formación dual. Non ten desperdicio. Pasa de puntillas, nega as taxas de emprego, da precariedade, as cifras baixas de emancipación, a crise demográfica; nega toda responsabilidade nestes anos de maiorías de goberno da Xunta de Galicia en relación co empobrecemento, os datos económicos da mocidade. Pero di que o paro nas etapas máis novas é porque aquí a formación en FP vai moi ben grazas á confianza nas políticas da Xunta de Galicia. Parece que descoñece —insisto— as cifras sobre a formación profesional dual a nivel estatal, de matriculación, etc.

Si hai cousas que, por certo, teñen que ver coas políticas da Xunta. E, conselleira, ademais de igualdade e de emprego, poderíamos falar, como aventurabamos esta mañá, sobre a fenda da matriculación en FP entre mulleres e homes, etc. Pero sobre formación profesional xa tivemos oportunidade de debater co conselleiro.

Podemos fuxir, polo tanto, cara a adiante de moitos xeitos para mirar cara a outro lado, ante a falla de oportunidades e a precariedade que sofre a mocidade galega. Pero cando menos cómpre ser un pouco rigorosos e rigorosas. Hai máis formación, claro que si, como no conxunto do Estado. Pero, segundo o informe do Foro Económico en Galicia, perdemos ata trescentos millóns de euros ao ano froito dos custos de formación dunha mocidade a quen se lle nega na actualidade a posibilidade de aportar valor ao noso país e que marcha.

«Nun contexto de crise industrial, económica e demográfica» —di o Foro Económico— «como nunca viu este país, esta fuga de talentos supón deixar de crear unhas trescentas quince empresas no noso país, e produce mil cincocentos nacementos menos». Dio o Foro Económico, que é tan catastrofista coma nós.

Pero deben ser ideas catastrofistas as do Foro Económico e tamén as proxeccións de poboación do Instituto Nacional de Estatística, porque somos —presumía tamén a conselleira— a primeira comunidade autónoma en aprobar unha Lei de impulso demográfico onde se blindan iniciativas para facer fronte ao envellecemento da poboación pero tamén a promoción da mocidade. Miren, vostedes: presumir a estas alturas dunha lei que fora promesa do señor Feijóo no ano 2009, que tardan máis dunha década en cumprir e que á vista dos resultados, dos datos que temos demográficos, das previsións que fai o Instituto Nacional de Estatística, como para poñerse medallas e presumir de ser os primeiros en nada, (*Aplausos.*) mellor que non.

A imposibilidade de desenvolver un proxecto de vida propio e digno, un dos grandes lastres da nosa comunidade, está a hipotecar non só o futuro inmediato da xuventude, senón do conxunto do país. En Galicia os menores de 25 anos terminaron o ano 2021 cunha taxa de paro do 35,6 por cento, cinco puntos por riba da media española, segundo os datos do INE. A taxa de emprego nos menores de 35 anos está por debaixo do cincuenta por cento, un 47,5 por cento; é dicir, que menos da metade das mozas e mozos menores de 35 anos teñen un traballo.



Neste contexto, primeiro, a pandemia; agora, a suba de prezos, a inflación, e son as mozas e os mozos de novo os primeiros en saír e serán os últimos en volver entrar. Así o resume Álvaro Ferreirós —debe ser outro catastrofista—, doutor en Dereito pola Universidade de Vigo, cuxa tese de doutoramento tratou sobre a transición á vida activa da mocidade.

Somos cada vez menos nunha Galicia máis envellecida, segundo o INE, que tamén prevé que dentro de quince anos unha de cada tres persoas vivirá soa en Galicia. O 31 por cento dos fogares serán unifamiliares, situándose moi por riba da media estatal.

A grande aposta deste goberno en materia de vivenda céntrana, por exemplo, na adquisición nun sistema de avais que de nada vale cando a maioría da mocidade non pode endebedarse porque non ten estabilidade laboral e económica para afrontar unha hipoteca.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Hoxe falouse durante esta mañá, neste pleno do Parlamento, bastante sobre ideoloxía. E como ben saben na bancada popular, eu que son un marxistaleninista a quen lle gusta comer nenos polas mañás, asistía estupefacto o mércores pasado na Xornada de Economía Social, organizada pola Xunta de Galiza aquí na cidade de Santiago, como o presidente Rueda, que nada lle gusta a ideoloxía, nin nada polo estilo, dicía unha cuestión que eu xa repetín, e así comecei a miña intervención na Ponencia do Instituto da Vivenda e Solo do outro día, porque ao ser o día anterior a este tema, e nela dicía que existía unha célebre teoría na que todos deberamos crer, que era a da «man invisible», segundo eles a man amiga que xera riqueza colectiva. Nada máis lonxe dese delirio. E despois supoño que cando nós falamos de que vostedes son os liberais, os neoliberais de libro e seguen esa doutrina, pois aínda por riba seremos nós os malos que llelo dicimos, pero séguelo dicindo o propio presidente Rueda.

Eu comezo así porque na cuestión da política xuvenil o que ten que ver coa emancipación, co acceso á vivenda polo tanto e tamén polas condicións laborais e económicas que vive a mocidade, vostedes levan todos estes anos instaurados nesa doutrina de Adam Smith do deixar facer. E o problema é que lle deixan facer a quen ten e a quen pode. Pero a mocidade galega, grazas a vostedes, nin ten nin pode, porque as liberdades sen dereitos non son nada, e os dereitos sen recursos aínda son menos.

Entón, se imos falar de emancipación xuvenil —como dicía antes— debemos falar de dúas cuestións: por un lado, as políticas de vivenda e, por outro lado, as políticas e a situación do mercado de traballo, que posibilita que a mocidade teña ou non teña unha capacidade económica para poder emanciparse.



Se facemos un pequeno repaso histórico, vemos que dende o ano 2009 ata este ano 2022 caeu a taxa de actividade entre a mocidade case dez puntos nestes últimos anos de goberno do Partido Popular. A mocidade pesa dez puntos menos no mercado de traballo galego do que hai trece anos. E non é esa só a cuestión, porque aquí moitas veces se lles enche a boca a moitas persoas falando do que se consegue e sobre todo de que non estamos tan mal como noutros sitios e demais, pero o que temos que entender é unha cuestión: compararse cos peores nunca é boa receita, para absolutamente nada, e que, en todo caso, que vaian as cousas mal, por diferentes situacións, non debe facer que nos conformemos, e que aínda por riba saquemos peito de que as cousas non van tan mal.

Falamos do emprego na mocidade, e creo que falamos demasiadas veces, pero nunca son demasiadas, porque a situación segue como segue, da precariedade, da temporalidade e do paro xuvenil, como tamén fala a iniciativa do Partido Socialista neste caso. Pero aquí hai que ver para min dúas cuestións fundamentais, que é onde traballa a mocidade que ten traballo e que condicións derivan dese traballo, e tamén o que percibe economicamente a mocidade que traballa. Se vemos esta primeira cuestión, vemos que casan moitas cousas.

O primeiro que lles teño que dicir é que só do Xacobeo neste país non se pode comer. O 71,6 por cento do total do emprego xuvenil recae no sector servizos; un dos sectores non só máis golpeados pola crise da covid e tamén pola crise actual, senón tamén un dos sectores onde a precariedade e a temporalidade brillan máis que ningún outro. Polo tanto, o 71,6 por cento da mocidade ten que traballar no sector servizos, ten que traballar nun sector que vostedes potencian por riba de todo, querendo converter o noso país nun parque temático das vacacións *low coast* para quen ten máis. Pero todo isto á custa e ao lombo dos traballadores e traballadoras, neste caso maioritariamente da xuventude. E vemos como vostedes os obrigan a escoller entre esa precariedade, eses baixos salarios, a temporalidade e un longo etcétera ou a emigración. Podemos ver tamén o peso real da mocidade hai uns anos no conxunto da poboación galega e o que supón no día de hoxe.

Falábase tamén e facíase mención ao informe do CES sobre do que lle chaman «fuga de talentos», que non é máis que unha emigración forzada por falta de oportunidades na terra, e o que iso conleva a nivel de empresas que se deixan de crear no noso país. Millóns de euros que gastamos e que non reverten na nosa terra.

Vostedes o que lle están dando á mocidade galega é ou ben precariedade ou ben emigración, nese deixar facer. E no caso da Xunta de Galicia, facer para que pareza que fan algo, como fan as súas políticas en mocidade, tanto as de emprego como as de vivenda.

E é que na cuestión do emprego, que entronca directamente coa cuestión da capacidade económica para poder emanciparse, para ter un proxecto de vida autónomo, vemos unha cuestión tamén que é fundamental, pois a mocidade duplica os índices de temporalidade do resto da poboación galega asalariada. Ademais, temos un dato que é fundamental para entender tamén o empobrecemento —e disto falaremos xa mañá na proposición non de lei que traemos dende o BNG— xeneralizado da clase traballadora nun momento no que as rendas do capital superan as rendas do traballo; un momento histórico, onde vemos que se afonda no



empobrecemento da clase traballadora e no momento dos lucros dos grandes poderes económicos.

Pero vemos tamén que existe unha fenda salarial entre a mocidade e o conxunto da clase traballadora galega, onde a mocidade está percibindo algo máis dun vinte por cento menos do salario. Unha fenda salarial que imposibilita en moitísimos casos esa emancipación que hoxe nos trae aquí esta iniciativa. E non é porque teñan nin menos formación, nin sexan menos dignos, é que, como lles dicía antes, a mocidade concentra o seu traballo, a súa capacidade de traballo no sector servizos dun xeito completamente obrigado. Mentres se destrúen sectores produtivos e tecido industrial vemos como a precarización da economía é o punto número un na axenda do Goberno galego nos últimos anos.

E no que ten que ver coa vivenda, a situación que vivimos hoxe en día, coa subida dos prezos, e non dos prezos agora, senón que o prezo dos alugueiros neste país leva crescendo exponencialmente en moitos anos. Hoxe traeríalles unha pequena nota que tamén comentei o outro día na comparecencia do director xeral do IGVS, que é da semana pasada: «*Emanciparse en Galicia. Los jóvenes deben destinar el 58 por ciento de su sueldo al alquiler*». Isto, como vostedes poderán comprender, é unha auténtica loucura. Practicamente o sesenta por cento do salario que percibe a mocidade ten no día de hoxe, de media, cando menos, que destinarse ao pago do alugueiro. O que fai practicamente inviable, por todos os ángulos no que o vexamos, que esa emancipación poida ser real ou cando menos nunhas condicións de vivenda e de dereitos e demais completamente dignos, que vemos que non se cumpre.

E por esta banda do Partido Popular, ¿que temos?, ¿que nos ofrece o Partido Popular? Pois unha medida estrela, que é avalar a quen queira comprar un piso ou unha casa. Unha medida dun Goberno que non vive neste país, que non vive a pé da rúa e coa xente. Porque como ben dicía antes a voceira do Partido Socialista, ¿que mozo ou que moza, duplicando a taxa de temporalidade, cuns salarios que son máis do vinte por cento menos que o resto dos traballadores e traballadoras deste país, en que momento se van poder permitir endebdarse para firmar unha hipoteca cando non saben onde van traballar, e xa non digo empresa, digo en que país van traballar en seis meses? Completamente delirante. Unha medida dun Goberno que non vive cos pés na terra. (*Aplausos.*) Un Goberno que funciona e que traballa para os do deixar facer, para os que poden e para os que teñen, pero non para os que o necesitan. E a mocidade galega, como lles dicía antes, na súa inmensa maioría non son nin dos que poden nin dos que teñen. E por iso hai que destinar moitos máis recursos a esta mocidade.

Despois, á parte desta iniciativa, ¿que temos? Unhas axudas completamente insuficientes ao alugueiro, unhas axudas que non valen para moito. Loxicamente, quen as pode percibir e a quen lles chega eses cartos é unha cuestión fundamental de supervivencia. Pero vemos como mentres as axudas son insuficientes, como as medidas estrela son completamente erradas e van na dirección contraria. Vemos que se aínda servisen para que se estivese traballando nunha política de vivenda pública ou se realmente se lle exixise e se puxesen xa para que o Goberno do Estado entregue, por exemplo, as vivendas que ten a Sareb no noso país, e iso se puidese poñer nas mans dos que máis o necesitan e quen menos ten, un deses casos o da mocidade, pois aínda poderíamos aceptar que se estivesen dando unha serie de axudas men-



tres se traballa nun cambio de modelo e nun cambio efectivo de intentar mobilizar tanto vivenda pública como vivenda baleira no noso país para que a mocidade poida acceder a ela.

Vemos que o deixar facer traducido en termos da Xunta de Galiza, do señor Rueda e do señor Feijóo, máis que deixar facer é imos facer para que pareza que facemos, pero que nunca cambie absolutamente nada.

E se vemos no rexistro histórico, vemos que a mocidade perde capacidade adquisitiva, perde dereitos. Con esa doutrina económica que vostedes avalan da «man invisible» vemos como a depredación tanto dos dereitos laborais como dos recursos naturais, como pensar nun modelo moito máis redistributivo que axude realmente a quen máis o necesita, non está pois na súa axenda. Polo tanto, seguiremos traendo tamén esas iniciativas e falaremos mañá máis sobre este tema.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pardo López.

O señor PARDO LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señora Otero, fixo vostede unha intervención como se o PSOE non levase gobernando en España dende hai case seis anos. É certo que lles queda pouco no goberno pero de momento aí seguen. (*Aplausos.*)

Eu sei que esta lexislatura de Sánchez comezou con ese *Manual de resistencia* —non escrito por el, por certo—, pero para a mocidade española esta lexislatura pasou de ser un *best seller* a ser un catálogo de xoguetes do Nadal. Porque a mocidade española está ante un Goberno central sen ideas, que mentres centra o debate en temas secundarios a mocidade española segue a sufrir as taxas de paro máis altas de toda Europa. Un Goberno central que en lugar de apostar pola calidade educativa prefire baixar o listón para empeñar o prestixio da educación española. Un Goberno central que se dedica a actuar en series que despois non quere emitir ninguén, en lugar de tratar de atallar problemas como os que estamos a falar hoxe aquí sobre a emancipación da xente nova.

En definitiva, estamos ante un Goberno Sánchez afastado da rúa e apático cos problemas da mocidade. Un Pedro Sánchez ao que non lle importa hipotecar o futuro da mocidade. E isto non o digo eu, isto dino as principais institucións fiscalizadoras da política económica do Goberno, como poden ser a Airef, o Banco Central Europeo ou o Banco de España.

Pero a mocidade, por moito que lle pese ao Partido Socialista, non é allea á realidade económica á que nos enfrontamos como país. De feito, é unha xeración que a sofre máis que ninguén, incluso para os fins de Tezanos, que na súa última cociña non podía esconder que a situación económica e laboral é o tema que máis preocupa á sociedade en xeral e á xuventude en particular.



Xa entrando en cuestión, o certo é, señora Otero, que toda a súa intervención, ao igual que a interpelación de fai quince días, parte de premisas falsas, e hoxe vólveas repetir. Falaba da crise demográfica, de que a única política xuvenil da Xunta son os campamentos, da situación laboral da mocidade galega, do acceso á vivenda. En definitiva, para o PSdG parece que Galicia é Mordor mentres que a España de Sánchez é o xardín dos *Teletubbies*.

Eu non veño aquí sacar peito porque hai que seguir traballando polo ben desta xeración, pero tampouco vou vir aquí dicirlle á mocidade que non hai esperanzas, como é o que pretende o socialismo e o independentismo. É máis, se comparamos a Galicia de hoxe, de 2022, coa Galicia que vostedes xestionaban durante o Bipartito non é que esteamos mellor, é que estamos moitísimo mellor. (*Aplausos.*)

E como vostedes sempre están coas mesmas premisas falsas, vou desmentilas con datos de como avanzou Galicia nestes últimos trece anos. Empezamos pola falacia número un da oposición, que é que a situación laboral da mocidade galega é moito peor que no resto de España. Pois ben, se atendemos á última EPA, a situación laboral dos menores de 30 anos é mellor en Galicia que no conxunto de España, concretamente catro puntos mellor. Agora, neste semestre de 2022, hai case quince mil menores de 30 anos ocupados máis que hai un ano. Ademais, tamén se destaca que somos a comunidade autónoma coa menor proporción de parados menores de 30 anos.

A falacia número dous, que é a favorita do independentismo, que é a de que de Galicia se vai a xente nova. Pois ben, se atendemos tamén aos datos, dende 2009 o saldo migratorio entre os menores de 35 anos é positivo, é dicir, en concreto, entraron en Galicia 16.000 mozos máis dos que saíron. Por certo, ¿saben cal foi o ano onde máis xente saíu de Galicia? Efectivamente, o 2007, en pleno Bipartito, onde saíron 14.000 mozos máis dos que entraron.

A falacia número tres, o acceso á vivenda da mocidade en Galicia é peor que no resto de España. Pois ben, esta falacia non a desminto eu, desméntea o propio Goberno de España a través do Consello da Xuventude, onde nos di que en Galicia temos un mercado de vivenda menos excluínate, que o custo económico para acceder ao alugueiro ou a unha vivenda libre segue a ser dos máis reducidos de España ou, ademais, que Galicia é unha das comunidades cunha mellor taxa de emancipación, mellor que algunhas que poñen vostedes de exemplo continuamente, como poden ser Asturias, Castela-A Mancha ou Comunidade Valenciana.

E, xa para rematar, a falacia número catro da oposición, sempre que fala da mocidade, que é que en Galicia non se inviste en educación. Pois ben, para desmentir esta mentira que usan tan habitualmente nesta Cámara, vou con tres frases: as taxas universitarias son as máis baratas de todo o Estado español, a inserción laboral do 85 % na FP é do cen por cento na FP dual e a redución do abandono escolar dende o 2008 en dezaioito puntos. (*Aplausos.*)

Esas catro falacias definen o que trata de facer sempre a oposición coa mocidade aquí en Galicia, que é dicirlles que non hai futuro, que todo está mal e que todos os seus problemas se resolven con soberanismo e con socialismo. E a realidade é totalmente oposta, xa que á mocidade galega sempre lle foi mal cando o gobernaba o PSOE ou o BNG, pois no Bipartito



había máis taxa de paro xuvenil, as taxas universitarias eran das máis caras de toda España. A maior taxa de fracaso escolar de toda a nosa historia, cun 25 por cento, era cando máis xente nova saía de Galicia.

Ben, xa para entrar na moción do Partido Socialista de Galicia, hai que falar de que a meirande parte do que solicita a señora Otero nesta moción xa se fai, xa que se falamos de aumentar as contías das axudas ao alugueiro para a mocidade podemos destacar que nos últimos orzamentos se dedican 28 millóns de euros a este fin, con medidas como o bono alugueiro mocidade, onde se invisten 11,4 millóns de euros, que ademais é destinado exclusivamente aos menores de 35 anos. Axudas ao alugueiro cun orzamento de 13,7 millóns de euros, que se incrementou en case seis con respecto ao ano pasado. Ou os bonos de alugueiro social, con 3.300.000 euros. Estes dous últimos, ademais, onde non existe requisito de idade, polo que a xente máis nova pode entrar.

Sobre o Plan galego de emancipación, ademais das axudas que acabo de comentar agora, tamén existen axudas para a adquisición de vivenda. Adquisición de vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes, que se destina exclusivamente aos menores de 35 anos. Adquisición de vivendas en centros históricos, onde os menores de 35 anos reciben unha axuda ademais de 2.000 euros de forma directa. Ou, por exemplo, os avais para a adquisición de vivenda, onde a Xunta avalará o 20 por cento dos préstamos hipotecarios a menores de 35 anos que non dispoñen de aforros para o pago da entrada; algo que ademais é pioneiro en España e que xa van copiar outras comunidades autónomas.

Ademais, falando do Programa de axudas específicas para aqueles mozos e mozas que por motivos de estudos precisan vivir desprazados noutras localidades de Galicia, quero facerlle a seguinte pregunta, señora Otero: ¿por que o Goberno de España impón a obriga de dispoñer de ingresos como requisito para acceder ás axudas para o alugueiro? Este requisito —como ben sabe— impide que os estudantes que non dispoñan de ingresos propios poidan acceder a estas axudas de alugueiro, algo ao que o propio Sánchez se comprometera a facer, pero que como todo o que promete Sánchez non só non o fixo, senón que ademais agravou o problema.

Eu entendo que sendo PSdG non é fácil. Entón veñen aquí cunha moción tipo para reclamarlle á Xunta o que non lle poden reclamar ao Goberno central. Ademais, tamén sei que a convivencia dentro do Partido Socialista de Galicia tampouco é sinxela, xa que o PSdG parece dirixido por Robert Louis Stevenson, é unha versión mellorada da súa obra *Dr Jekyll and Mr Hyde*. Ademais, se mo permitides, con dúas personalidades a cada cal máis *creepy*. (*Murmurios*.) ¿Por que? Porque para poñer un exemplo desta hipocrisía do PSdG aquí nesta tribuna hai que falar da súa presidentísima, esa presidenta fugada do poder lexislativo, a señora Carmela Silva, que o outro día poñía un tip para falar da mocidade —seica non tivo moita repercusión porque debe tela media Galicia bloqueada—, pero usou o seu exemplo para facer evidente esta hipocrisía. Estes que ven aquí (*O señor Pardo López amósalles aos membros da Cámara un documento con recadros*.) son os orzamentos da Deputación de Pontevedra. ¿E cal é a conclusión que se pode sacar disto? Pois a conclusión que se pode sacar é que cobrou máis a cuñada de Carmela Silva, enchufada no Concello de Vigo, que o que dedica ela como presidenta da deputación provincial á mocidade pontevedresa. En definitiva, unha vergoña. (*Murmurios*.) (*Aplausos*.)



En definitiva, señorías, fronte a unha oposición que vén aquí facer exame de conciencia ante a súa apatía fronte á mocidade, con datos que ademais desmente o propio Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España, como que cando gobernaban eles no 2008 Galicia era xunto con Cantabria as dúas comunidades cun menor nivel de emancipación. Ademais, un propio observatorio que di que hoxe, grazas ás políticas da Xunta de Galicia, a emancipación en Galicia no segundo semestre do 2021 se situaba por riba da media nacional, ao nivel de comunidades como o País Vasco, A Rioxa ou Madrid.

Aquí hai un partido, que é o Partido Popular de Galicia, e un Goberno, que é o da Xunta de Galicia, que seguirá ao carón dunha xuventude que está chamada a seguir o legado das xeracións que nos precederon. Unha xuventude que xa é a protagonista desta Galicia do presente pero que, sobre todo, está chamada a construír a Galicia que vén.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Pardo.

Quenda para o remate pola autora da moción. Ten a palabra dona Noelia Otero.

A señora OTERO LAGO: A verdade, señor Pardo, cun pouco así de madurez vou tratar de ser contida na resposta... *(Murmurios.) (Aplausos.)* con todo o agarimo que lle teño e polo serio do contido do que estamos a falar. *(Aplausos.)* Pero vir aquí facer un monólogo arredor da situación da mocidade... *(Murmurios.)* cando se trata de traballar, cadaquén en medida do seu argumentario en serio, pois trasladando medidas sobre unha situación certamente preocupante, como lle fagamos un *fact-checking* non nos daría o que resta de lexislatura ao que vostede viu afirmar aquí. Pero traer aquí o monólogo co argumentario máis básico, máis básica do Partido Popular arredor dun debate tan importante... *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Falando de xuventude, precisamente lembrará vostede que na comparecencia da directora xeral de Xuventude eu lle dicía que vostede viña quedar como o pichichi —empregando unha metáfora, lembra vostede, deportiva—. Porque falando de educación no pleno anterior falabamos co conselleiro da necesidade de non fuxir das competencias propias dun momento de crise cando estabamos a falar de café para todos, de libros de texto, —escoiten— das axudas ás familias, de non tratar de meter un gol pola escuadra e de estar falando de Sánchez, de non falar das competencias propias, de facer un pasivo —se falamos de balonmán— perdendo o tempo e sendo absolutamente irresponsables. Eu dicíalle ao señor Pardo que el, desde logo, ese día na comisión, na comparecencia da directora de Xuventude, que falou de Sánchez, de Bildu, de todo menos da situación da xuventude en Galicia, que era o auténtico pichichi do Partido Popular. Bromas á parte, se non fora pola seriedade do tema que nos ocupa, de verdade que é vostede un auténtico pichichi. E aínda o vitorean. E eses xeitos de facer política sería pois na conciencia de cadaquén vai a quen o alenta e a quen non o alenta.

Pero hai poucos días coñecemos os datos da situación da adolescencia galega, dos nenos e das nenas. Estamos a falar, señor Pardo, non das falacias da oposición e do Partido Socialista, senón que estamos a falar de que o Instituto Nacional de Estatística e a Rede Galega contra



a Pobreza están a dicir que a mocidade e as nenas e os nenos galegos xa están nun 33,5 por cento en risco de exclusión e de pobreza. Pero aquí é un cachondeo todo, é todo unha falacia da oposición.

Vén vostede dicir que é unha falacia da oposición que haxa unha crise demográfica. ¡Olliño co rigor! ¿É unha graza para aplaudir e vitorear que diga vostede que é unha falacia e un invento esa responsabilidade do grupo que sostén o Goberno galego da Xunta de Galicia, que presume de impulsar unha Lei de impulso demográfico, co segundo peor saldo vexetativo do Estado, cando imos perder trinta e cinco mil galegos nos vindeiros quince anos e seremos das poucas rexións que seguirán perdendo poboación?, (*Aplausos.*) ¿cando a mocidade galega con menos de 20 anos supón dez puntos menos que as galegas e os galegos que teñen máis de 65 anos? Se cada vez somos menos e estamos máis sós... (*Murmurios.*) E parécelles unha graza e un cachondeo para vir aquí falar de todo e de nada. (*Murmurios.*)

De verdade, os prezos dos alugueiros téñense incrementado... (*Murmurios.*) A ver se me centro, porque custa, a verdade, concentrarse no medio do pitorreo e arredor dun tema tan serio; hai que tratar de manter certa frialdade para non deixarse arrastrar. Porque estamos ante unha moción importante que pide —como dicíamos ao principio— medidas urxentes e de xeito transversal, a nivel económico, laboral, de emprego, a nivel de emancipación, a nivel de políticas públicas de vivenda. Os prezos dos alugueiros incrementáronse case un trinta por cento desde o 2014, e só no último ano un cinco por cento.

Teñen competencias en materia de vivenda, e non só recortaron o orzamento de xeito drástico. Hai que ter cara de formigón armado para vir aquí falar do bono alugueiro xove do Estado, que convoca tarde, mal e arrastro, e non son quen de executar nin os fondos que chegan do Estado ano tras ano en axudas ao alugueiro nin do Plan estatal de vivenda nin facer o propio. Mire vostede e coñeza cal é o orzamento da Xunta de Galicia nestes últimos anos, a evolución nos programas de acceso á vivenda e cal é o nivel de execución. Dea vostede unha volta, entre agora mesmo na Internet, no Rexistro único de demandantes de vivenda, con máis de dezaseis mil persoas, que está absolutamente colapsado nos últimos dez anos. Máis de dezaseis mil unidades familiares que demandan unha vivenda en réxime de alugueiro dino. Aumenten o parque público de vivenda. ¿Sabe cal é o peso del na nosa comunidade? Un 0,3 por cento; o peso a nivel estatal é un 0,9 por cento, a nivel europeo un 9 por cento.

Veña vostede falar de vivenda, veña vostede falar de demografía, veña vostede falar de mocidade, pero non veña facer monólogos absurdos nun momento de absoluta incerteza económica. E sobre todo —insistimos— para unha mocidade galega que non só está afogada no económico, nas cifras máis baixas de emancipación desde que hai rexistros a nivel estatal na nosa comunidade, senón que, segundo todos os datos, ante ese negacionismo e ese cachondeo o que está camiñando é cara ao empobrecemento.

Así que pedimos que reflexione, que se quere se colguen todas as medallas do mundo, pero que voten a favor desta iniciativa e desta moción, que de xeito transversal —insistimos— pretende reverter unha situación que non só afecta na actualidade e no presente a mocidade, senón que está a hipotecar o futuro de toda a nosa comunidade. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate das mocións, procedemos á votación.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Manuel Antonio Lourenzo Sobral.

Acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Votamos. Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación cos proxectos eólicos que vulneran a normativa ambiental.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noelia Otero.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E pasamos ao punto 3 da orde do día, que é o de comparecencias.

Comparecencia do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia unha vez finalizada a tempada de alto risco do 2022

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Presidente.

Deputados e deputadas, boa tarde a todos e a todas.

Señorías, quixera gañar un minuto desta comparecencia trasladando o meu agradecemento, tal e como fixen noutras ocasións, e nunca serán suficientes todas as veces que así o faga. Quero agradecer no meu nome e tamén no de Galicia o labor de todos os profesionais que nas condicións máis extremas velaron e seguen a velar pola seguridade dos galegos e das galegas fronte aos incendios forestais. *(Aplausos.)*

É unha realidade que a nosa comunidade foi unha das da longa lista de autonomías castigadas polos incendios este verán no noso país. Aínda así, se algo ten que quedar claro é a fantástica xestión do noso Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais.

Cada hectárea, señorías, é unha perda, pero debemos ter en conta que grazas precisamente ao servizo que hoxe non lamentamos ningunha perda maior. Neste sentido si lamento ter que trasladar o meu sentido pésame aos familiares e amigos de Santiago Durán, piloto que perdía a vida o pasado mes de outubro mentres pilotaba unha avioneta antiincendios de volta a Andalucía, onde tiña a base a súa empresa. Non estaba traballando na extinción durante o traslado, mais as malas condicións meteorolóxicas non permitiron que chegara ao seu destino. Galicia enteira lamenta a perda deste gran profesional. *(Aplausos.)*

E volvendo, penso que hoxe ten que quedar totalmente patente ese recoñecemento plural e unánime deste Parlamento ao esforzo e pericia dos milleiros de persoas que traballaron nas tarefas de extinción: axentes ambientais; bombeiros forestais, comarcais e urbanos; efectivos da Garda Civil, da Policía Nacional, da Policía Autonómica; efectivos dos concellos; tripulacións de hidroavións e helicópteros; membros da Unidade Militar de Emerxencias; técnicos. Pero tamén, por suposto, cidadáns, que solidariamente loitaron contra as lapas e volveron demostrar que cada vez que unha desgraza pon a proba a nosa determinación, os galegos respondemos sempre do mesmo xeito, dando o mellor de nós mesmos.

Por todos eles e por todas elas é, señorías, que lles pido sacar un rendemento do tempo investido hoxe aquí. Pídolles chegar a conclusións proveitosas, a puntos comúns sobre a forma de xestionar unha problemática secular de Galicia e a acordos acerca do xeito de afrontar



unha responsabilidade compartida. Fagamos deste tempo un tempo realmente beneficioso para todos os galegos e as galegas, que esperan de nós algo máis que o simplismo Goberno-oposición ou o estatismo ideolóxico.

Pola miña parte, dende a transparencia que nos caracteriza ao Goberno da Xunta, tratarei de trasladar os datos sobre os incendios forestais deste 2022. Espero que vostedes, señorías, ademais de escoitar, poidan participar disto coa intención de atopar consensos e fuxir de meras disxuntivas políticas.

Ao respecto nunha síntese do que máis tarde trasladarei, quero facer consciente a este parlamento do traballo realizado pola Consellería do Medio Rural na loita contra os incendios forestais, un traballo que lles podó asegurar que é constante. De feito, as medidas postas en marcha xa estaban enriba da mesa antes desta campaña do 2022, medidas estruturais cuxa implementación, coa colaboración de todos, temos que intensificar; medidas, por unha banda, orientadas á mellora do dispositivo, como o progresivo incremento do tempo de traballo, a dotación de medios ou a mellora de infraestruturas preventivas; e medidas dirixidas —e isto é realmente importante— á xestión do territorio.

Unha planificación preventiva que vai dende a convocatoria de axudas específicas para facer fronte ás consecuencias dos lumes como á propia Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ou a futura Lei de loita integral contra os incendios forestais, da que teremos ocasión de falar ao longo desta comparecencia.

Superadas as urxencias e cun balance de danos máis preciso, coas axudas necesarias para os afectados xa publicadas e tramitándose, co que estaremos todos de acordo en que era unha cuestión primordial, é agora cando temos maior capacidade para facer un debate con máis coñecemento e, polo tanto, tamén máis amplo e profundo.

Chegados a este punto, vou estruturar a miña intervención en dous bloques fundamentais. En primeiro lugar, farei unha análise detallada da tempada de incendios desta última campaña, trasladando o que pasou neste 2022 e deténdome nalgún episodio certamente complicado que aconteceu. E tamén, en segundo lugar, detallarei todo o traballo realizado a prol da loita contra os incendios na nosa comunidade, con medidas xa adoptadas e que tamén imos seguir adoptando a curto, a medio e a longo prazo.

E advirto que asumirei todas as críticas que poidan facer os voceiros dos grupos parlamentarios, seguro de que son feitas dende a posición de mellorar o traballo fronte á lacra dos incendios forestais. E trasladarei tamén aqueles ámbitos no que eu e o meu equipo consideramos que segue sendo necesario mellorar nesa loita.

Pero déixenme que lles formule tamén o meu convencemento de que, tras a experiencia dos incendios do ano 2006 e do ano 2017 e co visto neste ano 2022, temos todos os elementos necesarios para afirmar que Galicia conta cun dispositivo de extinción de incendios suficiente e ben estruturado, máis alá dende logo de axustes puntuais que referiremos ao longo desta comparecencia.



Que estamos acertando nas medidas orientadas á persecución dos incendiarios, con liñas de traballo como pode ser o incremento da vixilancia ou, sen dúbida, a creación fundamental da Unidade de Investigación de Incendios Forestais.

Que a planificación preventiva é clave na loita contra os incendios forestais, pola vía de construír un territorio máis resiliente fronte aos mesmos a través da xestión sostible do territorio rural de Galicia, e que temos que afondar na creación de paisaxes cortalumes e na recuperación da paisaxe en mosaico que caracterizou Galicia no pasado, procurando a implantación máis intensa de discontinuidades de actividade agrícola ou gandeira naquelas zonas do territorio que sexan estratexicamente axeitadas para frear os incendios forestais.

Estas cuestións esenciais, señorías, están recollidas na lexislación aprobada nos últimos anos: Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e o propio Plan forestal, pero tamén se van reforzar na futura Lei de loita integral contra os incendios forestais.

Permítanme que comece polo balance da campaña de incendios forestais de 2022 e que nos fagamos todos a pregunta de se foi normal o ocorrido neste 2022.

Dar conta do balance da campaña de incendios deste ano é dar conta dunha situación que afectou lamentablemente a toda a península Ibérica. Por poñernos en situación: as altas temperaturas, a seca, as recorrentes tormentas eléctricas e outros fenómenos climatolóxicos totalmente insólitos foron condicionantes dun verán no que se demostrou que o cambio climático é unha realidade que sen dúbida afecta a proliferación dos lumes.

Pero déixenme que lles diga tamén que o cambio climático é un catalizador dunha situación de fondo caracterizada pola falta de xestión do territorio que determina un exceso de biomasa claramente constatable nalgúns zonas do territorio e que é o combustible dos incendios forestais. E, ademais, e a maiores, en Galicia tamén se probou que houbo intencionalidade detrás de moitos lumes. Un ano máis volvemos comprobar que Galicia non arde, Galicia quéimana.

Os axentes ambientais da Unidade de Investigación de Incendios Forestais constataron —non o conto eu senón que o trasladan os investigadores— diversos focos nun mesmo municipio, pastillas de acendido ou papeis amoreados na orixe de varios lumes, lumes rexistrados en franxas horarias nas que é imposible que se inicien de maneira natural, en plena nocturnidade, cando os medios aéreos xa non poden actuar. Por darlles un dato, do total de incendios forestais rexistrados na nosa comunidade entre xullo e outubro, que é cando tivemos a maior afectación, 1.122 incendios, 123 tiveron máis dun foco, e 540, máis do 50 por cento, comezaron, señorías, entre as 9 da noite e as 8 da mañá do día seguinte.

Ante este terrible escenario, apelamos á prudencia, sobre todo á colaboración cidadá, a través da denuncia de calquera comportamento incendiario, utilizando para iso, se fora necesario, o teléfono anónimo e gratuito que saben que temos á disposición: 900815085. Gustaríame trasladar que neste ano recibimos 325 chamadas neste teléfono; algunhas delas abriron liñas de investigación moi interesantes, que culminaron nalgúns das detencións que temos visto nestes meses.



Facendo referencia ao contexto climatolóxico, é preciso sinalar que a nosa comunidade soportou condicións extremas, que perduraron todo o verán, pero de xeito moi importante con moita intensidade no mes de xullo. En concreto, en Galicia fixemos fronte a unha situación extraordinaria de seca que afectou a totalidade dos concellos galegos dende o mes de maio e que segue vixente, a pesar de que en outubro choveu ben, hoxe en día. Aínda que continuase chovendo como ata agora deica finais de ano, os expertos aseguran que a situación non revertería a unha mínima normalidade.

Tamén todos somos conscientes das extraordinarias temperaturas tanto diúrnas como nocturnas. Certamente o verán do 2022 foi extremadamente cálido, cunha anomalía positiva na temperatura media de +1,6 graos centígrados. Por dar datos, falamos dun verán con máximas de ata 44 graos no interior da comunidade e con mínimas tamén moi cálidas, especialmente no mes de xullo. De feito, en localizacións clave como O Invernadoiro ou A Mezquita superáronse os 37 graos, e así mesmo houbo unha persistencia de situacións anticiclónicas encadeadas.

E ao extraordinario destes condicionantes, señorías, únese o insólito dos efectos dos fenómenos climatolóxicos e un rexistro cuantioso de treboadas, na meirande parte dos casos completamente secas, sen choiva. A isto, como dicía, temos que sumar outras circunstancias, como a simultaneidade de lumes, a nocturnidade de moitos deles, a localización dos incendios, a carga de biomasa existente no territorio e outros aspectos determinantes todos eles para dificultar a súa extinción e que ademais se converteron en aliados dos incendiarios e do lume na nosa Comunidade.

Dentro deste contexto vou dar agora os datos dos incendios forestais dende o 1 de xaneiro ao 31 de outubro, que son a última data que temos pechada. Por referirme ao número de incendios neste contexto, entre xaneiro e outubro rexistráronse 1.609 lumes en Galicia, dos que un total de 1.313 quedaron en conatos, por debaixo dunha hectárea. Falamos, señorías, de que case que o 82 por cento dos lumes quedaron en conatos e non se chegaron a converter en incendios; só 296 foron incendios. E destes, dos 296, só 76 superaron as 20 hectáreas.

É pola magnitude destes datos polo que de novo quero volver poñer en valor o traballo extraordinario do servizo.

Destes lumes o resultado foron máis de 16.850 hectáreas queimadas de superficie arborada e 34.790 hectáreas de superficie rasa queimadas en toda Galicia, un total de 51.643 hectáreas queimadas no conxunto da Comunidade; a súa maior parte, no mes de xullo, e logo me referirei especificamente ao período do mes de xullo, máis de 38.000 hectáreas.

Déixenme que lles dea outro dato moi relevante e que pon de manifesto as dificultades ás que se enfrontou o dispositivo, e que foi o número de grandes incendios forestais, máis de 500 hectáreas, que tivemos no ano 2022; ata un total de 13, señorías. Neses 13 grandes incendios forestais arderon 43.877 hectáreas. Eses 13 grandes incendios forestais son máis que todos os que houbo nos últimos catro anos. E outro dato que revela as dificultades nas que nos atopamos son o conxunto do número de situación 2 de perigo para as aldeas e as persoas que foron decretadas, que chegaron neste verán ata as 23, fronte á media anual das decretadas nos últimos dez anos, que era de 6 anuais.



Polo tanto, vivimos unha situación de simultaneidade de incendios, especialmente no mes de xullo, que tensionou extraordinariamente o dispositivo.

Concretamente, referíndome ao mes de xullo do 2022, gustaríame determe no que pasou na segunda quincena de xullo, concretamente a partir da tarde-noite do 14 de xullo, na que Galicia viviu un episodio completamente inédito no norte peninsular denominado sistema convectivo de mesoescala. Este sistema convectivo de mesoescala, que, ademais, foi acompañado dunha tormenta seca, provocou que se rexistrasen máis de seis mil raios, a maioría entre as 8 da tarde e a medianoite, ocasionando nese período de catro horas ata 52 lumes. O que aconteceu esa tarde-noite dá boa mostra da situación excepcional á que tivo que facer fronte o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia.

Lembremos, señorías, que a media dos lumes rexistrados nos meses de xullo da última década, no período 2012 a 2021, foi de 308 incendios, mentres que no mes de xullo do ano 2022 chegamos aos 452 e deles 52 só nun período de catro horas.

En adición a esta circunstancia extraordinaria, encadeouse un sistema de ventos importantes na madrugada do día 15, que, sen dúbida, axudaron a espallar con rapidez uns incendios que de por si debían ter moita intensidade pola xa comentada seca, as altas temperaturas e a carga de combustible que había no territorio.

E dentro deste fío de circunstancias negativas unha última foi o incremento dos ventos na tarde do 17 e boa parte da xornada do 18 por mor do achegamento dunha pequena baixa localizada no Atlántico, alimentada pola DANA dos días anteriores. Isto fixo que os ventos sopraren de compoñente sur o 17, cambiasen ao leste na tarde do 18 e que localmente eses ventos se viran condicionados, sobre todo na zona do Courel e en Valdeorras, pola orografía e pola propia existencia do incendio.

En definitiva —e este penso que é outro dato relevante—, como consecuencia de todo isto, Galicia, señorías, sufriu entre o 14 e o 18 de xullo a afectación de ata 5 grandes incendios forestais dun total de 140 rexistros en só eses cinco días; 5 grandes incendios forestais que agora vou detallar e que no seu conxunto queimaron máis de 35.000 hectáreas.

Comezando polo incendio forestal da zona do Courel, no que se chegaron a xuntar 5 lumes: 2 na parroquia de Vilamor, 1 en Seceda, no concello de Folgoso, e 2 máis en Saá, no concello da Pobra do Brollón. Dicirlles que aquí as dificultades de extinción se viron afectadas ademais polo número de núcleos de poboación e ademais polo feito de que o 30 por cento da superficie incendiada tiña pendentes superiores ao 50 por cento.

Déixenme que destaque tamén o incendio forestal que afectou a comarca de Valdeorras, os tres municipios de Carballeda, O Barco e Rubiá, que foi tamén practicamente simultáneo ao incendio do Courel. Como son dous incendios que tiveron moita transcendencia, quero tamén trasladar que dende a Consellería do Medio Rural encargamos a un conxunto de expertos a nivel nacional un informe técnico sobre as circunstancias climatolóxicas e de carga de combustible e demais que afectaron eses incendios e o traballo de extinción.



Logo falarei dese informe, pero simplemente permítanme agradecerlles o traballo aos técnicos e citalos polo seu carácter técnico: Fernando Arnau Rovira, José Luis Soriano, Santiago Noguera e Miguel Ángel Botella, que traballaron en colaboración, por suposto, cos responsables do dispositivo, visitaron as zonas afectadas e teñen feito un informe que penso que nos pode dar moitas leccións de cara ao futuro. Téñolles que dicir que, ademais, o incendio do Courel está gravado en cámaras e é certamente impresionante o que alí aconteceu, sobre todo na tarde do domingo 17 de xullo.

Dentro dos grandes incendios forestais, deses 5 grandes incendios forestais que lles trasladaba neses días, destaca tamén o incendio forestal en Pradoalbar, en Vilariño de Conso, e 2 incendios no concello de Oímbra, na comarca de Monterrei, en Rabal e en Videferre.

Polo tanto, estamos a falar da simultaneidade dun elevado número de incendios forestais en diferentes partes do territorio galego e dunha virulencia de proporcións moi intensas. Fíxense: mentres tiñamos estes grandes incendios forestais ás 21 horas do 18 de xullo, o servizo tiña controlados ou estabilizados outros 7 lumes, que, segundo estes expertos, tiñan potencial para converterse en grandes incendios forestais. É certo que cada hectárea conta, e eu sempre o digo, máis cando falamos de zonas de gran valor ambiental como as afectadas.

Nas zonas, en todas elas, existía unha importante carga de biomasa, sendo, na miña opinión, o factor máis importante no comportamento dos lumes. Pero tamén foi determinante a dispersión de núcleos de poboación, aumentando o risco de incendios na interface urbano-forestal, onde a posible afección, a afección que houbo moi cercana de persoas e bens, facía que nos atopemos ante situacións de auténtica emerxencia civil.

Outro dato moi relevante. O número de situacións 2 decretadas por afectación a zonas habitadas foi de 23 no verán, pero entre o 15 e o 19 de xullo foron 10, en cinco concellos diferentes: en Folgoso, A Proba do Brollón, Carballeda de Valdeorras, Oímbra e Palas de Rei.

Ademais, a situación de emerxencia civil tamén se constatou nos desaloxos, sendo estes de xeito moi acusado, á par que necesario, sen ningunha dúbida, nas zonas do Courel, onde tivemos que desaloxar máis de novecentas persoas, en sesenta aldeas; e tamén en Valdeorras, co desaloxo de cincocentas persoas, en vinte aldeas.

Miren, estes incendios na tarde do domingo, como digo, cando se produciron os desaloxos e se me comunicou que se tiña que desaloxar, provocaron dende logo moitísima tensión pola dificultade que tiñamos para podelo facer. Cando se encargou o informe técnico que antes lles relataba, unha das cuestións que se lles preguntou era que, unha vez que analizaran, como digo, as circunstancias, recorran aos lugares, pois se foramos ou estiveramos acertados nunha decisión que nalgunha parte do territorio foi controvertida. Discutíase se debiamos evacuar ou debiamos ter a xente alí recollida nun confinamento, que é como facemos normalmente.

Permítanme que lles traslade a pregunta que lles fixemos aos expertos, na que lles dicíamos se consideran que foi axeitada a decisión de evacuar as poboacións afectadas polo incendio na tarde do domingo 17 de xullo, e nos referiamos concretamente a estes 2 incendios. ¿Consideran



vostedes que foi axeitada —porque outra posibilidade era deixar alí o persoal do dispositivo—, se fora acertada a decisión de non manter o persoal do dispositivo nas aldeas afectadas evacuadas para defender as edificacións polo risco que comportaba para a súa integridade?

O certo é que os expertos, logo de analizar as circunstancias, que din que son extraordinarias e probablemente nunca vistas en Galicia, conclúen que a decisión de retirar o persoal, de recuperar as operacións nas zonas poboadas tras o impacto, axústase perfectamente aos manuais de operacións en interface urbano-forestal.

E entre o dilema evacuación e confinamento recoñecen e poñen de manifesto —cítolles literalmente, aínda que está en castelán— que o éxito da estratexia plantexada que foi a evacuación se observa, «logo de atender os danos que sufriron moitos núcleos, no feito de non ter que lamentar vítimas mortais nin entre o operativo nin entre a poboación, a pesar do extremo do episodio». Non o di, señorías, o conselleiro de Medio Rural, dino expertos de máximo nivel que foron chamados para facer esta avaliación.

Porque, ademais, na tarde do 17 de xullo, señorías, vivimos unha situación no Courel e en Valdeorras de senllos pirocúmulos, un fenómeno que fai ou converte os incendios nun escenario de máxima complexidade, tal e como referenda este informe técnico, e que trae como conclusión, como digo, a importancia de poñer por enriba de todo as medidas de salvagarda da vida das persoas.

Estes pirocúmulos, señorías, son nubes convectivas que traen consigo raios e tormentas —e, como lles digo, hai vídeo de todo o que aconteceu alí— e mais focos secundarios e comportamentos erráticos das fronteiras dos incendios. Así, en palabras do profesor Juan Picos, son os propios lumes os que crean a súa meteoroloxía, co cal todo se produce dun modo rápido e impredecible.

Eu mesmo estaba presente no lume de Valdeorras no momento no que caeu o pirocúmulo xerado polo incendio na tarde do domingo. Alí puiden comprobar o sentido errático que colleu o lume, que ía en diferentes direccións, porque o vento cambiaba dentro da súa superficie, e mesmo a choiva que o mesmo incendio provocou nesa tarde do domingo.

A aparición destes pirocúmulos foi o antecedente á decisión que se tomou polo dispositivo —e que dende logo eu comparto—: desaloxar as aldeas máis ameazadas ante un comportamento dos lumes extraordinariamente virulento, inestable e imprevisible, señorías, poñendo por enriba de todo o máis importante, que é a integridade das persoas.

Así, tratouse de evitar o risco vital para as persoas desaloxadas, que en boa parte eran xente da terceira idade, moitas con dificultade de mobilidade, e, por suposto, tamén se deu prioridade á integridade do persoal do dispositivo e dos servizos de emerxencias. A este respecto penso que esta decisión só pode ter unha lectura: evitar a perda de vidas humanas.

Feito este detalle do que foi a campaña de incendios ata o de agora, tendo en conta, ademais, se me permiten tamén, que os meses de setembro e de outubro practicamente non tivemos afectación de incendios, máis alá do que pasou, como lle dicía, no mes de xullo, cos datos que temos —xa lles digo—, das 51.000 hectáreas, 38.000 producíronse no mes de xullo e



practicamente no mes de setembro e de outubro, por darlles un dato, no mes de outubro tivemos 3 hectáreas nos incendios forestais deste mes, déixenme que entre agora no detalle dos medios que estaban preparados para loitar contra os incendios forestais.

Nesta campaña de 2022 volvemos contar cun dispositivo recollido no Pladiga de sete mil persoas entre profesionais propios da Xunta e adscritos doutras administracións. Pero hai que destacar o tempo de presenza dos efectivos sobre o territorio. Porque dentro dos sete mil hai 3.056 que forman o dispositivo autonómico de prevención e extinción de incendios de Galicia, dos que preto dun millar, mil traballadores, se incorporaron en maio, ocupando prazas de natureza descontinua de seis meses. Eses efectivos continúan hoxe en activo ata o próximo 17 de novembro e, como digo, integran un dispositivo —do que logo falarei polo miúdo— de tres mil traballadores e traballadoras.

Polo que se refire aos medios aéreos, temos un total de 30 medios aéreos, tanto os propios da Xunta como os do Estado. Ademais, Galicia conta cun sistema de videovixilancia, cunha rede de 148 cámaras, en 74 localizacións. Saben todos —dígolles eu tamén— que son cámaras de última xeración deseñadas para exteriores e vixilancia forestal, que ademais se complementan con outras melloras tecnolóxicas e novas funcionalidades na loita contra o lume.

Así mesmo, en terra contamos con preto de 380 motobombas, tanto as propias como as municipais. Gustaríame lembrar aquí que nos últimos nove anos renovamos 107 motobombas do dispositivo, que é practicamente o 70 por cento dos vehículos motobomba cos que conta o dispositivo.

Como lles dicía, feita a análise da campaña, déixenme que adique o resto da intervención, tanto aquí como na quenda de réplica, ás medidas transversais que estamos a adoptar. Son medidas estruturais a curto, a medio e a longo prazo, que se atopan enriba da mesa, que se poden discutir, por suposto, cos grupos da oposición e, sen ningunha dúbida, cuxa implementación sobre o terreo temos que intensificar.

Se me permiten, primeiro vou falar das melloras que imos implementar no dispositivo e, en segundo lugar, deixarei para a miña réplica as medidas orientadas á planificación preventiva e á xestión sostible do territorio. Un total de vinte medidas, trece delas adicadas á mellora do dispositivo e sete á planificación preventiva e á xestión sostible do territorio.

No que se refire a medidas de cara á mellora do dispositivo, é evidente tamén que en Galicia apostamos por un dispositivo contra os incendios público, profesional, versátil e, sobre todo, logo dos datos que levo expresado, eficaz.

Para afondar na mellora do carácter de servizo público e da profesionalidade do dispositivo, é evidente que a profesionalidade —isto é claro— vén pola liña da estabilidade no traballo dos integrantes do dispositivo, ao tempo que por unha axeitada formación e preparación.

Neste senso, como lles dixen, Galicia conta cun dispositivo de tres mil homes e mulleres, dos que dous terzos traballan un mínimo de nove meses e un terzo traballa seis meses. Pero é importante resaltar o que fixemos nos últimos anos, señorías, cara a esa estabilidade.



Entre 2017 e 2020 incrementamos progresivamente o tempo de traballo dos que antes traballaban tres meses, duplicándoo ata os seis meses. Esta medida supuxo, en números redondos, pasar de algo menos de 7 millóns de capítulo I a máis de 14 millóns de euros, por facer a todos partícipes do esforzo orzamentario que esta medida supuxo.

Pois ben, no ano 2023, tal como anunciou o presidente da Xunta, todos os postos de traballo de nove meses vanse pasar a doce meses, nesa procura da estabilización. E, ademais, teño que dicir tamén que está en marcha un proceso de funcionarización para que moitos deles deixen de ser persoal laboral e adquiren a condición de funcionario.

Polo tanto, Galicia, señorías, contará a partir deste 2023 cun dispositivo público no que dous terzos dos seus compoñentes traballarán todo o ano e un terzo traballará seis meses ao ano.

E, por outra banda, tamén no 2023 afondaremos no carácter de servizo público do dispositivo, duplicando as brigadas helitransportadas públicas. Ás brigadas helitransportadas públicas coas que conta hoxe Galicia: Marroxo, O Campiño e Vilarmaior, sumaránselles neste 2023 outras tres.

E tamén no 2023 —esta sería a terceira medida de cara á mellora do dispositivo— procederase á creación dun grupo especializado dentro do servizo para a loita contra a nova tipoloxía de incendios forestais, dada a súa virulencia; tamén un esforzo orzamentario de 1,5 millóns de euros. Un paso realmente importante no desenvolvemento do noso dispositivo en consideración desa nova tipoloxía de incendios, preparándonos para as condicións máis temibles dos lumes. Adicionalmente, esta unidade de análise dos incendios permitirá a acumulación de coñecemento, mellorando as nosas accións.

E seguiremos investindo, por suposto, na formación, cunha ampliación do catálogo de accións formativas do plan de formación do persoal do servizo. Iremos, sen ningunha dúbida, cara a máis formación en materia de queimas controladas, o manexo de aplicacións cartográficas e a seguridade das operacións en incendios entre outras, no que se investirán neste plan de formación 700.000 euros.

Pero afondar na profesionalización do dispositivo tamén supón avanzar no eido fundamental en Galicia da investigación das causas dos incendios, de xeito especial neste caso, señorías, no caso dos incendios intencionados. Polo tanto, no 2022 impulsamos con máis forza —e quero agradecer especialmente o seu traballo, como dixen xa— o papel clave da Unidade de Investigación de Incendios Forestais, un grupo de quince axentes medioambientais exclusivamente dedicados á investigación das causas dos lumes, un grupo de investigadores únicos en España que só en dous anos de funcionamento ten amosado, nos teñen amosado a súa eficacia coa detención e posta á disposición xudicial de causantes de incendios de moita transcendencia e perigosidade.

Por darlles datos, grazas ás investigacións do Uifo, a Garda Civil puido deter tres presuntos autores de ata dez incendios, algún deles de moita intensidade e virulencia, rexistrados na zona do Macizo Central e no sur da provincia de Lugo, aos que se lles decretou o ingreso en prisión polo Xulgado da Pobra de Trives. Tamén a presunta autora —supoño que o recorda-



rán— de ata cinco incendios rexistrados no pasado mes de agosto en Verín, con múltiples focos de lume que finalmente se uniron nun único incendio, así como a recente entrada —a semana pasada viamos a noticia— en prisión do presunto autor de máis dunha ducia de lumes forestais nos concellos pontevedreses de Salvaterra de Miño e Pontearreas.

Señorías, eu penso que son magníficas noticias para a loita contra os incendios forestais que se estea por fin a ser capaces de deter, de poñer á disposición xudicial causantes de incendios de moitísima perigosidade e virulencia, e, ademais, estase vendo que os levamos con medios de probas suficientes, porque, logo de seren postos á disposición xudicial, ingresan no cárcere, como estamos vendo no caso destas detencións.

E déixenme tamén que traslade que non haxa dúbida ningunha de que, cando se probe que algún lume é provocado, o culpable pagará, e pagará por todo, señorías, con penas de cárcere e co seu propio patrimonio. Non quedarán impunes e pagarán co que teñan os gastos de extinción e, por suposto tamén, os danos causados, porque danan os montes, pero tamén poñen en risco a vida das persoas.

Falei, como lles dixen, das melloras no que se refire ao carácter público e á profesionalización do servizo, e, dentro do ámbito tamén das melloras do dispositivo, déixenme que fale agora de cales van ser no que se refire aos medios materiais.

Continuamos, como non pode ser doutro xeito, coa renovación do parque móbil, pero tamén das infraestruturas, das instalacións do servizo.

No que se refire ás instalacións do dispositivo, é necesario mellorar a súa condición, coa configuración dun novo concepto: as bases das unidades operativas, que virán substituír os actuais puntos de encontro das brigadas forestais. Comezaremos a implantación das BUO, das bases de unidades operativas, de nova construción en tres concellos de Galicia: en Muíños, en Rianxo e en Mondoñedo. Agradézolles, por suposto, aos alcaldes e alcaldesas destes concellos a disposición dos terreos para poder afrontar canto antes as obras. Ao tempo, abordaremos a reforma integral de máis dunha ducia de bases espalladas polo territorio.

Dentro destas reformas integrais gustaríame destacar a finalización das obras da nave que adquirimos no polígono de Verín, que vai albergar a nova sede do Instituto Forestal 14, o distrito de Verín-Viana.

Dentro desta liña de mellora das instalacións tamén procederemos á centralización e á reparación de todos os vehículos do dispositivo na nave que estamos reformando no polígono de Botos, en Lalín, que tamén estará centralizado para todo o dispositivo de prevención e extinción.

E permítanme que destaque o importante investimento que imos facer en bases aéreas, tan importantes na loita contra os lumes.

Así, neste 2023 iniciaremos as obras para crear unha nova base de helicópteros en Lalín e melloraremos a de San Xoán de Río, en Ourense, cun investimento conxunto de 3,8 millóns de euros.



Como saben, tamén o pasado venres sometemos ao trámite de información pública o proxecto de construción da base que vai ocupar terreos na parroquia de Mandín, en Verín, e na parroquia de Rabal, en Oímbra, ao abeiro do proxecto Interlumes do programa de cooperación Interreg.

Cómpre lembrar que para financiar a iniciativa Interlumes, no que, ademais da Xunta de Galicia, tamén intervén o Goberno portugués e outras institucións de Castela-León e Estremadura, prevese un investimento total de 9 millóns de euros, dos que 4,5 corresponden á construción desta base.

E, por último, pero non menos importante, seguiremos avanzando na primeira fase do centro integral de loita contra o lume de Toén, como centro de referencia en formación de bombeiros forestais. Xa temos listas as pistas, entrarán en funcionamento ao longo deste 2022 as pistas de adestramento para vehículos 4x4 e motobombas, e imos acometer no 2023 a reforma do que se lle chama o edificio de lavandería, a renovación do primeiro dos edificios do complexo, que, como saben vostedes, é un antigo hospital psiquiátrico, no que estamos a recuperar os edificios en ruínas, que se converterá o edificio da lavandería nunha aula de formación e centro administrativo. Estes investimentos nas instalacións que lles trasladei suman preto de 20 millóns de euros nos orzamentos.

No que se refire á mellora do parque móbil do dispositivo, renovaremos case cento corenta vehículos para as brigadas de bombeiros forestais e continuaremos a impulsar a versatilidade do parque móbil de extinción dos incendios forestais con motobombas medias, de tamaño medio, ata un total de dezaioito motobombas o próximo ano.

E, ademais, señorías, adquirimos nada máis e nada menos que uns equipos, e eu quero agradecer aquí o traballo que están a facer bombeiros forestais de Lugo con esta unidade, a unidade que eles mesmos lle chamaron Batracio, e que se viu este ano con moita intensidade o seu bo funcionamento, e imos adquirir o próximo ano, precisamente para darlle ese carácter e esa versatilidade que defendemos ao servizo, vinte equipos Batracio nos diferentes distritos, que van, como digo, aumentar de xeito significativo esa versatilidade, porque van ser equipos compostos por un tractor con rozadora, para tarefas de prevención, e unha cisterna de gran capacidade, para os traballos de extinción. Como digo, o traballo que se fixo este ano polo equipo Batracio que temos na montaña de Lugo acreditou perfectamente o seu funcionamento, e nós estamos dende logo pola vía de facer ese investimento tan importante tamén para as tarefas de prevención.

Estes investimentos, sumados no parque móbil, suman un total de 10 millóns de euros tamén nos orzamentos do ano 2023. E culminando tamén cos reforzos do equipamento, continuaremos, por suposto, con investimentos nos EPI de extinción, na adquisición de autorrescadores e na uniformidade do servizo, completando o equipamento de inverno e de verán, que ten tido moi boa acollida polo persoal, cun investimento de preto de 5 millóns de euros.

Chegados a este punto, señorías, penso que a única disxuntiva que se lles pode ir presentando é a de atacarnos entre nós ou traballar en conxunto, facer simple inútil partidismo ou facer política real, ignorar as necesidades de Galicia ou poñer Galicia por enriba de todo. A



Xunta de Galicia non o dubida, posto que o interese de Galicia está por encima de calquera outro. Por iso, temos claro, teño claro que queremos traballar en conxunto, facer política real e poñer Galicia, como sempre facemos, por enriba de todo. Con isto, estou proponendo ser realmente efectivos, buscando consensos e fuxindo dun debate simplista e meramente opositor.

A este respecto, a futura Lei de loita integral contra os incendios forestais ben pode ser o seo dun gran pacto parlamentario que exprese unha loita que é de todos, sacando os incendios do debate partidista, un pacto que procure un acordo sobre a política autonómica contra os lumes, incluída a participación de todas as administracións no financiamento da dita política, e o consenso sobre as medidas propostas, incluso sobre a futura norma.

Continuarei na miña segunda quenda trasladando as medidas orientadas á xestión sostible do territorio e á planificación preventiva, que sempre guía as nosas accións.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todas e a todas, conselleiro.

O Grupo Parlamentario Socialista leva anos instando a Xunta a emprender unha política de prevención e extinción de incendios activa e non esperar a que chova. E debe ser a tónica da Xunta de Galicia, porque o Goberno galego, despois dos tráxicos episodios que Galicia viviu este verán, esperou literalmente a que chovera para comparecer na Cámara e explicar o acontecido este verán. *(Aplausos.)*

Negouse o Goberno galego a comparecer diante da gravísima situación na que nos atopamos pola vaga de lumes que sufría Galicia, para non explicar, para non dar conta das múltiples deficiencias da política en incendios da consellería que dirixe. Hoxe dinos que quere que aproveitemos esta comparecencia para sacar conclusións proveitosas e que a oposición estea con altura de miras para traballar entre todos.

Hoxe, señoría, é o día de dar conta do acontecido este ano. O PSdeG ten demostrado unha e outra vez esa altura de miras, demostrouno co ditame aprobado por este grupo parlamentario e volverá demostralo seguramente. Pero hoxe ten que dar conta a este parlamento de todo o acontecido este verán, de deficiencias que non se producían só este ano, senón que viñan arrastradas dende hai anos. Pero as condicións meteorolóxicas que vivimos —hoxe parecía vostede o home do tempo dicindo todo o acontecido—, cada día deste verán dende a primavera, fixeron que saíran á luz dunha maneira palmaria.



Este grupo parlamentario entendía que era incluso o propio presidente da Xunta de Galicia o que tiña que comparecer, e a conselleira de Medio Ambiente, por todo o que dixemos sobre os parques naturais, pero é verdade que certo é que vostede foi o único que falou deste tema.

O presidente da Xunta de Galicia admitiu erros na política forestal e dixo que ía defender un modelo de brigadas forestais que non se centraran unicamente na prevención senón en labores preventivos, que puideran traballar máis meses ao ano, non só nas épocas de máis risco; e falaba incluso de brigadas multitarefas. Hoxe vostede na comparecencia non explicou de maneira clara como van ser esas multitarefas ás que facía referencia o señor Rueda, facendo unha emenda á política sobre incendios da Xunta de Galicia.

Folgo do Courel, Cervantes, Quiroga, Palas de Rei, Antas, Ribas de Sil, Pantón, As Pontes, Boiro, O Barco de Valdeorras, Castrelo de Miño, Carballeda de Valdeorras, Verín, Boborás, San Xoán de Río, A Gudiña, Oímbra, O Irixo, A Mezquita, Calvos de Randín, Maceda, Vilariño de Conso, Laza, Viana do Bolo, A Pobra de Trives, Oímbra, Melón, Cenlle, Ribadavia, Lobeira, Muíños, A Cañiza, Arbo, Ponteareas, Ponte Caldelas, Caldas de Reis, Rodeiro, Moaña; ardeu o parque natural do Invernadoiro, unha das xoias, como sabe, máis prezadas do patrimonio natural galego e ademais unha finca propiedade da propia Xunta de Galicia. ¿Que labor preventivo fai a Consellería de Medio Ambiente nese espazo? Será cuestión doutro día presentar algunha iniciativa sobre isto. Zonas protexidas, como a Rede Natura 2000 no Courel e a serra da Enciña da Lastra. Como dicía vostede, pois máis de cincuenta mil hectáreas.

Este grupo parlamentario foi moi cauto nas súas declaracións, señor conselleiro, e nos primeiros momentos entendiamos que tiñamos que deixar traballar os medios, pedir máis. Sobre todo, había moita xente que estaba sendo desaloxada das súas vivendas, coa dor que isto significaba, e por iso fomos nese momento moi cautos nas declaracións políticas.

Pero temos tamén que agradecer aos traballadores e traballadoras, de novo, das diferentes administracións que traballaron en condicións extremas, e vostede sábeo. O agradecemento tamén infinito aos voluntarios e voluntarias que se uniron ao dispositivo, aos técnicos e ás técnicas, aos axentes medioambientais, que de forma incansable deron o mellor de si mesmos. Por suposto.

Por iso, as afirmacións que contén esta intervención son dirixidas á xestión política, unha deficiente política preventiva, señor conselleiro. Porque aínda non quedou meridianamente claro con canto persoal contaba o operativo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios cando se iniciaron os lumes. Ese baile de cifras: hoxe falaba de sete mil pero faláron de sete mil, de cinco mil, de tres mil. Falaremos desta problemática de forma pormenorizada pola súa importancia na miña segunda intervención.

E sabiamos, señorías, que era un ano complicado pola seca. Pese á seca e á calor, non se tiña despregado ese operativo. Por iso hoxe vostede fala moito de acontecementos meteorolóxicos. Pois era máis necesario que nunca que todo o dispositivo estivera despregado.



Temos constancia de que traballadores e traballadoras do servizo, organizacións sindicais, organizacións agrarias, daban constancia de descontrol, de colapso, de falta de medios do dispositivo antiincendios; xa non o di o Grupo Parlamentario Socialista.

Como dicía, estabamos a mediados de xullo cunhas previsións de episodios de altas temperaturas. O cambio climático, que hoxe mencionaba, pois non apareceu este mes de xullo, os científicos levan moitos anos alertando de que isto podería pasar.

Faltaban as brigadas dos concellos e parte das brigadas helitransportadas, e non estaban incorporadas pola deficiente xestión da consellería, e vostede sábeo, non é Julio Iglesias pero vostede sábeo.

E falaremos das brigadas municipais, porque esta manobra de escapismo que fixo o director xeral e a propia consellería botando balóns fóra e culpando os concellos desta situación podemos cualificala, por ser educados, de lamentable, por non dicir de ruín.

Falamos de profesionalización. ¿Sabe canto percibe un brigadista dunha brigada helitransportada, un traballador? Non chega a mil euros. ¿Sabe canto lle paga unha empresa polo plus de perigosidade? 33,33 euros; nin un euro ao día pola vida desa persoa en perigo. Perciben menos salario, señor conselleiro, que no ano 2012. Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista insiste nesa profesionalización, para que non se produzan estas situacións de semiescravidade.

E, ademais, tamén, non falou das prazas que estaban sen cubrir, conselleiro, por baixas e vacantes, un punto sobre o que chaman a atención os sindicatos. Eran incluso os desprazamentos de dúas ou tres horas que tiveron que realizar nesta vaga de lumes, por poñer un exemplo, de operarios que marchaban de Pontevedra, o Baixo Miño, O Courel, e realizaban xornadas de dezaseis horas, co risco que iso entraña. E vostede agradece o labor dos traballadores e traballadoras, e nós compartímolo, pero agora é o momento de que a consellería faga xustiza e lles pague e lles aboe e se compensen as horas extraordinarias que fixeron todos estes traballadores e traballadoras.

Por iso, este grupo parlamentario defendía iniciativas nas que instaba a corrixir de xeito inmediato a política de cobertura de vacantes, de baixas, dentro do persoal propio da consellería, señor conselleiro.

E referente ao Pladiga, estabamos este ano a finais de maio e o plan de prevención sen nin sequera pasar polo Consello Forestal, sen publicar, cando a prevención debería estar feita, como ben sabe, antes de xullo. E por iso lle preguntamos ao director xeral en comisión e presentamos unha PNLC, defendida en maio, que instaba a Xunta a que procedera á inmediata publicación do Pladiga.

E entendemos que para converter isto nunha aportación, que dicía que fixeramos aportacións en positivo, nun documento realmente eficaz debería contar cunha incorporación ao final do exercicio dunha avaliación da súa aplicación da campaña anterior, para detectar posibles incumprimentos, feblezas e erros cometidos, a fin de corrixilos.



Porque esta comparecencia non é suficiente para dar conta de cantas hectáreas se desbrozaron, que puntos de auga se fixeron e todo o que é o Pladiga, cantas queimas prescritas se fixeron das tres mil por exemplo que pon o Pladiga, porque seguramente non chegarían a trescentas, ou seguramente me pode corrixir e foron máis. Pero ese documento é unha aportación que fai este grupo parlamentario. Creo que sería importante para iso, para mellorar o operativo.

Tamén nos gustaría saber por que non mudou de políticas a pesar de todas as advertencias sindicais, como dicía, de grupos ambientalistas, de sindicatos. Levamos anos reclamando un servizo de prevención único, profesional, estable e equipado, e agora o anuncio que fixo Rueda foi pasar aos traballadores de nove a doce meses, pero vostede sabe que hai catro anos que se está falando diso e forma parte do proceso de funcionarización do servizo. Porque é preciso mellorar esa profesionalización e a loita contra a temporalidade. E levar a cabo os traballos de prevención antes de xuño, que non é posible porque nese momento, como vostede dicía, a maioría do operativo non está nese momento traballando.

¿Por que, señoría, non desenvolve un plan e tamén unha proposta do Partido Socialista de Galicia, un plan de educación ambiental, de concienciación da cidadanía, con accións formativas dirixidas ao alumnado galego, especialmente nas zonas rurais, por exemplo? ¿Por que a Xunta de Galicia non ten realizado os plans de autoprotección e evacuación para todos os núcleos de poboación?, porque ve o que aconteceu este verán e son imprescindibles. ¿Por que ata o de agora non actualizou o dispositivo que contemple unha óptima organización de medios materiais e humanos? É que non dan tempo de dicir todo, pero sabe que en Ourense cos incendios que vive e que sofre a provincia non temos os medios necesarios e a repartición axeitada.

E este grupo formuloulle esas iniciativas unha e outra vez, porque nós non vimos só criticar o acontecido este verán; ao que vimos é, unha e outra vez, en iniciativas na comisión e en iniciativas nesta mesma sede plenaria, dar ideas, dar conta de iniciativas que mellorarían o servizo. E o grupo parlamentario que sustenta este goberno, unha e outra vez, desbótao por completo. É dicir, non é a primeira vez que facemos moitas aportacións para que a loita contra o lume...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...e para que este rural avance. Porque o risco de incendios convectivos, de sexta xeración, xa o anunciaban —como dicía antes— os expertos, e non desenvolveron un estudo profundo, cun mapa de combustibles actualizado, cruzando información coa ocorrencia de lumes. As medidas preventivas non só deben ser rozas —como vostede hoxe recoñecía— senón que se deben combinar cunha paisaxe en mosaicos onde se poidan illar os focos secundarios deste tipo de lumes. E nisto coincidimos con vostede en que é importante facelo.

Tamén o abandono do rural.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Si, si, remato.



O abandono do rural, señor conselleiro, é unha situación realmente de desmantelamento e incide moitísimo nesta circunstancia da que estamos falando.

Seguirei na miña segunda intervención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Eu quero comezar parabenizándoo, señor conselleiro. Ímolo parabenizar desde o BNG porque en 2022 descubriron vostedes a orografía do interior do noso país, descubriron como é a dispersión poboacional do noso país e, moito máis aló, descubriron que existe o cambio climático, (*Aplausos.*) aquel que en 2007 o primo de Mariano Rajoy dicía que non existía.

E máis aló destes parabéns cos que comezo, voulle facer un relatorio. Mire, 28 de xullo, Deputación Permanente, solicitude deste grupo dunha comparecencia extraordinaria de vostede mesmo para explicar que se estaba a facer na vaga de incendios, que se fixera na vaga de incendios dese mes; comparecencia rexeitada polo Partido Popular, porque vostedes naquel momento preferiron manter pechado este parlamento, a sede da soberanía popular — quero lembralo —, ante unha situación de extrema emerxencia nacional.

9 de setembro, Comisión de Medio Rural, PNC do Partido Socialista: actuacións que debe realizar a Xunta de Galiza para ter un servizo de prevención de incendios profesionalizado, único e permanente. PNC do BNG: actuacións que debe realizar a Xunta de Galiza, pasos precisos para converter o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais nun servizo único.

13 de setembro, pleno do Parlamento, primeiro pleno deste período de sesións. Interpelación do BNG a vostede mesmo sobre a política do Goberno en materia de prevención de incendios forestais, e PNL do Partido Socialista: actuacións que debe realizar a Xunta para a recuperación agrogandeira e forestal contra o despoboamento e para a mellora das medidas contra os incendios forestais.

Comisión, 23 de setembro, preguntas do Partido Socialista sobre prevención e extinción de incendios, medidas para paliar os danos producidos polos lumes.

Pleno do 27 de setembro, moción do BNG en relación coa política de prevención de incendios forestais. PNL do Partido Socialista: actuacións que debe tomar a Xunta de Galiza para a prevención e extinción de incendios forestais. E a interpelación tamén do PSOE sobre políticas de prevención de incendios nos espazos protexidos.



Pleno do 4 de outubro, moción do PSOE sobre políticas de prevención en espazos protexidos.

Comisión de Medio Rural, 7 de outubro, preguntas do BNG: valoración da Xunta sobre o operativo despregado en resposta aos incendios do mes de agosto no Barbanza e os seus resultados, así como as previsións do Goberno nesta materia; por certo, cunha intervención absolutamente desafortunada —ímolo deixar aí— do seu director xeral. E PNC nesa mesma comisión do Partido Socialista: actuacións que debe levar a Xunta de Galiza para dispor de persoal profesional para a prevención e extinción de incendios forestais.

E Comisión de Medio Rural do 21 de outubro, PNC do BNG: actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas brigadas municipais de loita contra os incendios forestais.

Até catorce ocasións. En catorce ocasións trouxemos os grupos da oposición a este parlamento, desde o mes de xullo até agora, o que aconteceu aquí neste país neste verán: ¿que ardeu?, ¿como ardeu?, ¿onde ardeu?, ¿por que ardeu?, ¿a quen afectou?, e ¿como mellorar a prevención e a resiliencia fronte ao lume? Pode comprobar vostede, polo tanto, que, mentres vostede adiaba a súa comparecencia a expensas do que puidera acontecer nos meses de setembro e outubro, este parlamento funcionou. (*Aplausos.*) Funcionou a pleno rendemento a pesar de vostede e a pesar do grupo que sostén o seu Goberno. E neste tempo, nestes catro meses, tratamos de avaliar que aconteceu e presentamos propostas, propostas para mellorar aqueles aspectos deficitarios e manifestamente mellorábeis.

E vostede pediu consenso. ¿Sabe o que votou o Partido Popular en todas e cada unha destas catorce ocasións? Votaron á contra. (*Aplausos.*) Eses son os consensos dos que gusta o Partido Popular. Votaron á contra de mellor prevención, de profesionalización, de xestión do territorio. Votaron á contra de todas estas cuestións.

Eu vin escoitar moi atenta, de verdade, o que vostede nos viña contar hoxe despois —repite— de catro meses. Quería saber se viña asumir responsabilidades polo peor verán en materia de incendios nos últimos quince anos; se viña entoar un mea culpa e desdicir o seu director xeral, que lles botou a culpa aos concellos de que as brigadas municipais non estivesen constituídas en tempo e forma e seica o novo relato, é dicir, que van facer prevención de agosto a outubro; se viña pedir perdón ou emendar a descoordinación evidente que había entre o seu departamento e o departamento de Medio Ambiente co que aconteceu nos parques naturais; se viña explicarnos por que estaban sen facer os labores de prevención en aldeas conveniadas coa súa consellería; se viña dar conta da madeira que non está retirada a día de hoxe, catro meses despois, dos montes (*Aplausos.*); se nos ía falar dos arrastres de cinza e restos de madeira a regatos, ríos e rías, que, por certo, negan —é que negan a evidencia, que ve a cidadanía—; se nos ía explicar os labores de reacondicionamento dos terreos que non se teñen executado; se nos ía explicar que pasa con estas axudas que nós lle dixemos que non se axustaban á realidade do país e que vostedes o saben; vivendas sen propietario ou con propietario descoñecido que arderon, que a día de hoxe son unha morea de cascallos, de uralitas e que ameazan en ruína destrozando para sempre o futuro dalgunhas localidades como, por exemplo, A Veiga de Cascallá, na que arderon trinta e seis construcións; se viña



explicarnos por que anunciou neste pleno —no pleno de setembro— a resposta da interpe-
lación do Partido Socialista, que no mes de outubro se ía iniciar a tramitación da nova Lei de
incendios —seguimos agardando—; se viña dar razón de por que meten unha modificación
de calado na Lei de acompañamento aos orzamentos, igual que o ano pasado, e anuncian a
nova lei agora para o 2023; se viña a este parlamento para dar conta da nefasta xestión do
persoal que fixeron este ano e que levou a que no peor momento dos incendios o servizo
non contase cos recursos suficientes.

E eu preguntolle: ¿canta xente se incorporaba ao servizo nesas brigadas que estaban fun-
cionando nos incendios de mediados de xullo? ¿Canta xente se incorporaba en cada unha
desas brigadas? Vostede sábeo moito mellor ca nós e nós dígolle que o sabemos ben.

E díganos, de verdade, eu rétoo a que me diga en que páxina do Pladiga aparece que teñen
sete mil persoas destinadas a este servizo. ¿En que sitio do Pladiga aparece que son sete mil
persoas? Falo de recoñecer os profesionais. Facíaos acudir aos incendios sen ter as garantías
de seguridade necesarias non só para a poboación senón para os propios profesionais, que
se incorporaban moitas veces en precario.

Se viña asumir aquí as responsabilidades ou as negligencias que cometeron neste e noutros
ámbitos e que provocaron que, ante a peor vaga de calor da nosa historia —que vostede des-
granou aquí con profusión—, arrastrando unha seca prolongada e en plena campaña de alto
risco, non estivesen preparados —non o estaban— para responder nin tiñan artellado nin-
gún dispositivo especial, porque a previsión meteorolóxica xa viña de antes; se pretendía
explicar aquí hoxe como ían resolver a futuro a descoordinación que se viviu nalgúns dos
principais incendios nos que voluntarios doutros distritos se atopaban desnortados, sen di-
rección, non sabían a onde acudir e, polo tanto, se sentían incapacitados para poder facer o
seu traballo; e se viña pedir perdón polos arrastres que anegaron infraestruturas, que con-
taminaron acuíferos en zonas afectadas polos incendios despois das primeiras choivas.

E non, vostede non veu aquí a nada disto. Veu aquí sacar peito outra vez, que é unha cousa
que lles encanta, e facer máis propaganda. (*Aplausos.*)

Eu, no que ten a ver coa tramitación da lei —seguro que fala disto na segunda quenda—,
quérolle preguntar a que lle chaman tramitación, porque as directrices do anteproxecto están
feitas desde vai un ano. No Consello da Xunta de outubro non se aprobou ningún documento
relativo a isto. Se acudimos ao Portal de Transparencia, non vemos ningunha consulta aberta
en exposición pública. Entón queremos saber a que se refería nese pleno con que a trami-
tación comezaba en outubro.

E eu repítolle que levo catro meses prestando moita atención aos seus discursos, ao que
vostede anuncia, ao relato que vende —o mesmo relato que vende hoxe aquí—. É un relato
téñolle que dicir que pode mercar calquera, que está baseado en dous piares: a xestión do
territorio e a profesionalización do servizo. Eses son *de facto* os dous piares sobre os que
nós dicimos que hai que afrontar a problemática, e, polo tanto, no relato podíamos con-
cordar ou podemos dicir que se apropiou del —como prefira—. E o problema está en como
se materializa ese relato, como se traduce na realidade esa profesionalización de servizo:



nun mantemento do descontrol actual, na perpetuación da atomización do servizo —que moito nos tememos que queren blindar a través da lei—, nun anuncio na Lei de acompañamento aos orzamentos de medidas punitivas aos concellos, recollido na Lei de acompañamento —repito— e mantendo a precarización do persoal propio.

E téñolle que dicir máis unha vez —porque xa llo dixemos— que vender a bombo e prato a extensión de doce meses dos contratos dos bombeiros de nove meses que se funcionaricen, que é un acordo que estaba asinado hai anos, de verdade, e para o que aínda ademais non temos data de posta en marcha, dá boa mostra da súa política de escaparate.

Falou de paisaxe mosaico, de áreas cortalume, falou do problema do abandono. E a miña pregunta é: ¿quen é o responsábel? ¿Quen goberna este país desde vai trece anos? (*Aplausos.*) ¿Quen é o responsábel do abandono, da falta de paisaxe mosaico, de que non existan áreas cortalumes? ¿Quen é o responsábel?

Falando deste grande tema, da xestión do territorio. Basicamente, a Lei de recuperación de terra agraria vostede nomeouna e á metade; aquí o nivel de propaganda —téñollo que dicir— é que alcanza cotas dignas dos mellores profesionais do tema. ¿En que consiste esta xestión do territorio? Se quere falamos das 707 masas de concentración con 24.000 hectáreas infrutilizadas ou abandonadas —datos seus, da súa directora xeral, non do BNG—. Podemos falar do Plan forestal —vostede tamén o mencionou—, que aprobaron en solitario e que dá carta de natureza á situación de descontrol actual e ao monocultivo actual; e parten desa situación sen querer revertela.

E podemos falar sobre todo desa Lei de recuperación de terra agraria, que, máis aló dos grandes e grandilocuentes titulares, leva mobilizado ¿sabe canto nun ano? —mobilizado realmente, desde a entrada en vigor—: oito aldeas modelo, nun total de 383,45 hectáreas, e punto. E nada máis se mobilizou a través desa lei neste ano.

Por certo, a ver se publican xa o plan de acción anual, que, segundo a lei, tiña que estar dispoñíbel na web de Agader, que este ano a día de hoxe non está. Ao de 2022 xa non imos chegar, a ver se polo menos publican o de 2023, porque neste ano xa incumpriron a súa propia lei. E así absolutamente con todo.

Vou rematar xa esta primeira intervención. Esperar catro meses para que compareza vostede no Parlamento debía dar para algo máis. Eu o outro día non acudín á súa comparecencia dos orzamentos pero si que a puiden ver a través da web. É que vostede dixo exactamente hoxe aquí o mesmo que anunciou nesa comparecencia. Xa sabiamos todos estes datos. Entón, se vai esperar catro meses para vir a este hemiciclo, debería ter o respecto de trasladarnos unha información que innove, que nos dea a idea do que queren facer en realidade co noso país e que deixe a propaganda de lado.

E remato, de verdade: cos principais incendios destes días volveuno dicir, é que volveu dicir que Galiza non arde, que a Galiza quéimana. Unha parte quéimana e a outra parte arde polo abandono, polo cambio climático, (*Aplausos.*) e pola mala xestión do territorio, e este ano é



moi bo exemplo disto. Entón, actúen, gobernen, que é o que lles toca facer polo menos un ano máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Grupo Parlamentario Popular, señor Armada Pérez.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Benvido de novo, señor conselleiro, á casa de todas e todos os galegos e as galegas.

Antes de comezar —e como ben dicía vostede—, permítame lembrar a memoria do piloto Santiago Durán e tamén a memoria de Luis Miguel Segovia García, un servidor exemplar no Servizo de Extinción de Incendios en Ourense; para eles, o noso recoñecemento. *(Aplausos.)*

Comparece vostede, señor conselleiro, despois do remate da tempada de alto risco de incendios, para dar testemuño de como foi esta ardua e dura tempada, dando conta de datos e realidades dunha campaña de incendios excepcionalmente agresiva e estando sempre en primeira liña; e testemuño diso pódono dar a xente do Servizo de Extinción de Incendios, alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras, veciños e veciñas, todo o mundo que tivo que sufrir e sufriu esta lacra de incendios.

Hoxe realmente tamén boto de menos esa cadeira que está baleira aí na miña esquerda, porque resulta que a señora Pontón non hai moito tempo, no mes de xullo, pediu moi vehementemente a súa comparecencia e hoxe parece que politicamente este tema non dá máis de si. E por iso supoñemos que isto provoca a súa falta de interese. *(Aplausos.)*

Non quero que isto desvíe a miña intervención nin moitísimo menos; espero que non me boten a bronca, como lle botaron aquí a bronca a un compañeiro. Pero realmente o que lles interesa aos galegos e ás galegas é o que pasou, como se xestionou, como se xestiona e xestionará algo tan importante como é a defensa e a eliminación dos incendios forestais.

Contamos certamente cun operativo e unha poboación que, ante unhas circunstancias excepcionais como as que tivemos, se comportaron, como fan sempre, dunha forma excepcional. A nosa terra sempre responde así, polo que nós debemos atoparnos á mesma altura.

Sería interesante non esquecer, como ben fixo vostede, as circunstancias —e fareino dunha forma moi somera— que tivemos durante a vaga de lumes, especialmente no mes de xullo: seis mil raios durante unha noite, tormentas secas, elevadas temperaturas, vento cambiante, enorme sequidade na vexetación e a inclusión dalgún termo como é o de pirocúmulos, que non coñeciamos ata este verán; é algo que vén vencellado aos incendios de sexta xeración. *(Murmurios.)* Vostedes coñeceríano, pero pódolles asegurar que a inmensa maioría da poboación non o coñecía.

E, falando de vento, din os entendidos na materia —non este portavoz— que con ventos de 30 quilómetros por hora extinguir un incendio é bastante complicado, por non dicir case



imposible, porque literalmente o lume voa. Se, ademais, o vento é cambiante, o dispositivo na nosa comunidade para movelo son aproximadamente catro ou cinco horas, e non se pode pór o dispositivo xusto enfronte do lume, senón que a veces hai que atacalo e esperalo en ocasións a quilómetros.

52 incendios durante esa noite; é o exemplo, o único exemplo que vou pór; o 83 por cento quedaron en conatos. Iso xa fala moito e ben do noso dispositivo de extinción de incendios. Unha actuación, por certo, do dispositivo que foi coherente e responsable coas circunstancias, defendendo núcleos e desaloxando aqueles onde a situación podía implicar risco para a vida das persoas. Porque, evidentemente, as persoas son o máis importante.

E, despois de que se rexistraran estes primeiros incendios, aprobouse o decreto paraugas por parte do Consello da Xunta de Galicia, no cal se habilitaron diferentes axudas a través de diferentes consellerías (a Consellería do Medio Rural —por suposto, a súa—, a Consellería de Medio Ambiente, a Vicepresidencia Primeira, a Vicepresidencia Segunda e a Consellería de Infraestruturas a través do seu organismo de Augas de Galicia) para intentar reverter unha situación que era realmente complicada.

Déronse subvencións, por exemplo, por parte da Consellería do Medio Rural por un importe de 4 millóns de euros dentro desa convocatoria para a reposición de explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras danadas polos incendios. Tamén se deron subvencións para explotacións forestais, para reposición das infraestruturas de titularidade privada situadas en terreos forestais e a maquinaria e equipamento forestal danados como consecuencia dos labores de extinción de incendios.

E no que atinxe ás explotacións agrícolas e gandeiras, as axudas cobren a reposición dos bens, equipamentos, maquinaria, medios de produción e gando ou colmeas danados, así como a subministración de alimentación complementaria de gando ou colmeas nas zonas afectadas polos incendios.

Ademais, teño que dicir que valoramos positivamente que o Goberno central actuase tamén conforme as súas competencias, como tamén valoramos que se estea a traballar nun plan de recuperación que está sendo liderado polos profesionais do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, que traballan sobre o terreo nas principais zonas afectadas; investigadores que teñen un enorme prestixio e que son os encargados de avaliar os danos na vexetación e no chan para logo artellar as medidas paliativas correspondentes.

Está claro que a Xunta de Galicia destina á prevención e loita contra os incendios forestais máis de 180 millóns de euros, o que ningunha comunidade autónoma en España fai. Está claro que neses fondos hai unha partida de 33 millóns de euros que se van directamente a un plan de prevención. En Galicia desprégase durante a época de alto risco de incendio un dispositivo de loita contra incendios que abrangue toda a xeografía galega. E iso non significa que os medios estean despregados o día 1 de xullo, senón que se van despregando ao longo da campaña. Xa lles puxen nalgunhas ocasións por exemplo a operación Centinela, que entra en vigor a partir do 15 de agosto.



A estes medios humanos súmanse os materiais, como ben dicía o conselleiro, con preto de 380 motobombas, tractores, pas e ata trinta medios aéreos achegados tanto pola Xunta como polo Estado, e todos eles coordinados baixo o único mando do Goberno galego, tal e como indica o Pladiga.

Polo tanto, esta xeografía está totalmente cuberta por este dispositivo, ao que tamén se suma a rede de vixilancia nos montes, con 148 cámaras, que o cobren absolutamente practicamente todo; case un 70 por cento da superficie galega é a que abranguen.

E ¿fixéronse melloras no dispositivo de extinción de incendios? Por suposto, por suposto que se fixeron, e seguímolas relatando e seguirémolas relatando, mal que lles pese. Está claro que houbo unha renovación por parte do servizo no que foi nos EPI, tanto para realizar labores de prevención como extinción —e non llelo digo eu, pódennlo preguntar vostedes ao servizo—. Tamén, por suposto, nos medios coa dotación de novos vehículos e a renovación de motobombas, así tamén como a renovación das infraestruturas que os están aloxando.

A formación, esa que nós dicimos que consensuamos cos sindicatos e vostedes din que non, esa que temos consensuada practicamente na súa totalidade e vostedes empéñanse en dicir que non, pois mire, tamén estamos traballando con ela e, de feito, tamén imos cara á futura referencia que é o centro de Toén.

Falaban vostedes sempre da temporalidade, falan unha e outra vez da temporalidade. ¿Para vostedes entón, cando tiñan as súas brigadas en Seaga por tres meses, iso non era precariedade, verdade? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque nós pasámolas de tres a seis meses. E eu creo que cando houbo unha vaga de incendios no ano 2006 —e síntoo, pero é que lles gusta que falemos do Bipartito soamente para unha cousa, pero para outra non—, pois si, resulta que levan vostedes un terzo do servizo para Seaga e automaticamente pasan tres meses e son os únicos meses nos que están traballando. Pois nós pasámoslos a seis meses. E que, ademais, despois pasemos os bombeiros forestais de nove a doce meses iso xa indica que estamos apostando decididamente pola profesionalización do servizo e, como dicía o conselleiro, por crear un servizo único.

Respecto tamén a un decreto lei que nos chamou poderosamente a atención, que foi o que decretou o Goberno central, sen contar para nada, por suposto, coas comunidades autónomas, cando menos no caso galego —nós temos unha acumulada experiencia ao respecto—, cómpre destacar que nós evidentemente temos unha coordinación plena co Estado e en Galicia valoramos a contribución na loita contra os incendios, especialmente co despregamento que fan tanto de medios aéreos, as brigadas helitransportadas, a través das BRIF, ou a Unidade Militar de Emerxencias.

Pero a práctica totalidade das disposicións do real decreto que se presentou como unha novidade xa estaban reguladas na maioría das comunidades autónomas e especialmente aquí en Galicia. Exemplo: que xa se aproba anualmente unha planificación, é dicir, o Pladiga, que está vixente todo o ano e se actualiza sempre antes da temporada de alto risco de incendios; é dicir, temos un plan, simplemente hai que actualizalo, nada máis.



As prohibicións e recomendacións que se recollen xa están contempladas na lexislación autonómica, por suposto. Non se fai alusión a algunhas queimas prescritas, mecanismo esencial de prevención, e imos estar moi atentos a ver que solución nos dan a cambio disto. E tampouco se concreta o principio de xestión integral do territorio, que en Galicia xa se vén realizando a través de plans preventivos anuais e iniciativas como a Lei de recuperación de terra agraria.

Porque ese labor lexislativo, a Lei de recuperación de terra agraria, esa que tan pouco lle gusta ao Bloque Nacionalista Galego, da que tanto desconfía o Partido Socialista, ofrece a recuperación de predios abandonados; si, si, o abandono, ese que dalgunha forma provoca os incendios forestais. Ofrece superficie aos nosos gandeiros e agricultores. E, por suposto, os polígonos agroforestais e, por suposto, tamén esas aldeas modelo, como esa que había en Parada dos Montes ou, por exemplo, no concello de Cenlle, concretamente en Osmo; esas que serviron para parar os incendios forestais.

Que, por certo, xa que falaban da directora xeral de Agader, pregúntelle que é o que dixo o grupo de expertos que estiveron con ela na Pobra do Brollón e, concretamente, en Parada de Montes, respecto de cal era o sistema mellor para parar os incendios forestais, precisamente ese, o das aldeas modelo. E non o digo eu, estano dicindo especialistas que entenden da materia.

Por suposto tamén o Plan forestal de Galicia ten moito que ver.

Nós temos que ser quen, conselleiro, de seguir avanzando. Nós cremos que a Lei integral de loita contra os incendios forestais ten que seguir recollendo mecanismos para ser máis eficaces e resilientes. O Grupo Parlamentario Popular acepta o convite a participar na elaboración desa lei. ¿E vostedes?

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada.

Réplica, conselleira do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Déixenme que lles traslade en primeiro lugar que é certo que cambiei un pouco a miña... *(Pausa.)* É que non sei que me indican exactamente; eu síntoo.

O señor PRESIDENTE: Non, é que foi un erro meu, que dixen «conselleira» en vez de «conselleiro». É unha broma deles.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ¡Ah!, ben, non pasa nada.

O señor PRESIDENTE: Confundínme, un pequeno fallo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Eu penso que non teño tempo pero (*Murmurios.*), precisamente, señora Rodríguez Dacosta, ía falar diso, que para facer unha intervención na miña primeira quenda dixeramos máis áxil deixei para a réplica parte das miñas medidas. Eu penso que xa criticaron todo, xa sabía que ían criticar todo, pero tentarei agora dedicarme á segunda parte das medidas antes de entrar na súa consideración, relatar as medidas da Consellería do Medio Rural no que se refire á xestión sostible do territorio e á planificación preventiva.

Eu teño que dicir tamén, se me permiten, logo das intervencións, señora González Albert, tendo un 30 por cento do seu tempo dedicado a relatar a actividade parlamentaria deste parlamento nos últimos tres meses, xa di ben ás claras o que vostede quere apoiar a loita contra os incendios forestais.

Pero si que me sorprende moi gratamente, señora Rodríguez Dacosta, a súa intervención. Eu diría que é das poucas veces neste parlamento que eu oio propostas das que podemos falar, incluso na propia quenda, e despois referireime a algunha delas, que ademais é moi axeitada e que temos que implantar sinaladamente no que se refire ao plan preventivo.

Polo tanto, continuando, señorías, co meu relato, así o dixeran na primeira intervención, se non falei de medidas cara á xestión sostible do territorio e planificación preventiva, advertino previamente que o ía facer nesta réplica. Porque para nós a planificación preventiva é unha das liñas prioritarias de actuación da consellería, partindo, señorías —e esta debería ser unha reflexión— de que todos os que temos que ver co rural galego sabemos que é unha cuestión complicadísima polo minifundismo e polas dificultades de saber quen son os propietarios das fincas en moitas ocasións. Logo darei algún dato, como xa fixen na comparecencia de orzamentos, se vostede a escoitou, señora González Albert, da dificultade que temos para localizar os propietarios das terras abandonadas que queremos mobilizar. E, polo de agora, neste noso país temos un principio de seguridade xurídica e de respecto á propiedade privada que non sei se vostedes comparten, pero, dende logo, o Grupo Parlamentario Popular estou seguro de que si, e así o facemos, respectando sempre os propietarios.

No que se refire ás actuacións de medidas de planificación preventiva, en primeiro lugar houbo unha actuación —parece que aquí non se fixo nada— respecto do territorio afectado polos incendios, parte importante do territorio, e ademais parte moi sensible do territorio. Tras os lumes, todos da segunda quincena de xullo, a prioridade a curto prazo, e isto, señora González Albert, pediríalle que entenda que non son postulados do conselleiro de Medio Rural, senón coñecemento técnico dos enxeñeiros forestais calquera que sexa a súa ideoloxía, non se poden facer as medidas no monte nun mes despois dos incendios, senón que se ten que traballar a medio e longo prazo; pero, evidentemente, tamén a curto prazo hai que ver cales son as consecuencias máis graves.

O primeiro que fixemos —fíxoo este conselleiro, que se reuniu con eles— foi manter reunións cos alcaldes dos municipios afectados, calquera que fora a súa cor política, e tamén coas comunidades de montes, porque moi boa parte da superficie afectada foi de montes veciñais en man común. Aí lles trasladamos que o que se vai facer no territorio, nesa plani-



ficación preventiva, se vai facer sen ningunha dúbida coa participación da sociedade civil do territorio, como non podía ser doutro xeito.

Pero, como dixo tamén o voceiro do Partido Popular, o que fixemos foi, en primeiro lugar, poñer á disposición das persoas afectadas axudas directas por un importe total de 9 millóns de euros, para facer fronte aos grandes incendios da campaña, sinaladamente aos rexistrados no mes de xullo. É dicir, a Xunta respondeu con axilidade, mal que lle pese, para axudar os afectados.

Ao abeiro deste decreto marco que dicía o voceiro do Partido Popular, a consellería, esta consellería, a Consellería do Medio Rural, convocou 4 millóns de euros en axudas específicas de apoio para reposición de explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras danadas polos incendios. Para estes efectos, a verdade é que lamentamos a falta de compromiso —téñollo que dicir así— de colaboración financeira por parte do Goberno central.

Por darlle un dato, ese decreto lei ao que aludía tamén o voceiro do Partido Popular, fixo que cambiaran o criterio dos cartos que mandan cando hai un gran incendio forestal, os de máis de 500 hectáreas. Pois mire, ata o de agora só recibimos neses trece grandes incendios forestais, que foi unha desgraza, pouco máis dun millón de euros, mentres que, co criterio anterior do decreto lei, tocaríanos arredor de cincocentos mil euros por incendio; sumen vostedes: estamos perdendo aproximadamente seis millóns de euros.

O certo é que a Xunta habilitou estas axudas en solitario, sendo conscientes da necesidade por parte de moitos galegos e galegas de precisamente facerlles fronte aos danos ocasionados polos lumes.

En materia de vivenda, por dar un dato eu penso que relevante, lembremos que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tamén puxo en marcha liñas de axuda. Estivo a semana pasada, señora González Albert, na súa comarca, precisamente falando destes acordos. En concreto, destaca unha liña de axuda de 3,2 millóns de euros para reparación de danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, e outras dúas liñas máis para infraestruturas de uso público no medio natural dentro da rede galega de espazos naturais ou para os titulares de terreos cinexéticos ordenados (os tecor) de Galicia, 800.000 euros a maiores.

Ademais —tamén llo teño que trasladar—, nos terreos queimados dentro das actuacións a curto prazo estamos axilizando a poxa de madeira comercial. E eu teño os informes das provincias afectadas e estamos dende logo axilizando esa retirada de madeira comercial, que tampouco se fai dun día para outro, porque se ten que facer en condicións tamén de seguridade xurídica, así como a retirada de madeira non comercial. Para iso seguiron as axudas e solicitáronas e vanas ter varias ou bastantes comunidades de montes veciñais en mancomún, co fin de evitar a perda de valor ou aparición de pragas.

Tamén no curto prazo estase a levar a cabo o *mulching*, que recomentan os expertos de Lourizán. Non sei se valoraremos suficientemente o que temos en Lourizán dende o punto de vista da análise das consecuencias dos incendios, pero estiveron alí dende o primeiro mo-



mento e ese *mulching* recomendaron facelo en 106 hectáreas en diferentes partes do territorio, e así se está facendo. Non sei, señora González Albert, se vostedes saberán máis disto que os investigadores de Lourizán, pero foron eles os que foron alí, os que se desprazaron, os que viñeron con este conselleiro dar as explicacións oportunas nas diferentes partes do territorio, advertindo de que os incendios, precisamente pola súa virulencia e rapidez, pois tiñan pouca afectación e rapidez no territorio e, polo tanto, non recomendaron facer máis accións de *mulching*, tendo cartos, orzamento, a consellería para facer as actuacións que foran determinadas cos criterios técnicos.

Isto en canto ao curto prazo, actuando, como digo, nos territorios.

A medio e longo prazo, señorías —e isto é unha cuestión que teño clara e que deberíamos poder consensuar entre todos—, temos que facer unha planificación integral deses territorios afectados polos lumes. Hai que ir a unha recuperación integral, —xa advirto— contando sen ningunha dúbida coa poboación dos territorios, para facer prevención e planificación preventiva. Para iso temos que incluír as infraestruturas preventivas necesarias, temos que traballar conxuntamente, non queremos facer nada que non se poida facer en Rede Natura, pero é unha verdade que é moi difícil en Rede Natura planificar esas infraestruturas preventivas, e así unha das modificacións da Lei de acompañamento deste ano vai na liña de loitar contra o maior atentado medioambiental que se pode facer na Rede Natura, que son precisamente estes incendios forestais.

Temos que incrementar dentro desa planificación preventiva, dentro do territorio afectado polos grandes incendios forestais deste ano, as discontinuidades no territorio, para atenuar os efectos dos incendios forestais. Isto está xa ditaminado. Agora témolo, dende logo, que levar á práctica, estámolo facendo en parte do territorio, pero de xeito máis intenso nestas partes que foron afectadas, como digo, por estes grandes incendios forestais.

Viñedos, nos sitios nos que corresponda, por exemplo na comarca de Monterrei. Pasteiros; lembren neste caso o plan de pastos, que leva xa preto de mil trescentas hectáreas. Masas de frondosas e de soutos. Eu quero dicirlle que si, é un goberno do Partido Popular o que saca o programa do castiñeiro e que vai tramitar por anticipado este ano unha orde de subvencións para plantación de castiñeiros e recuperación de soutos de 4,8 millóns de euros, procurando a súa colocación con criterios de prevención, pero tamén, señorías, nalgunha parte do territorio das que arderon este ano especialmente importante, a diversificación de especies arbóreas, na recuperación dese potencial forestal das zonas afectadas.

Son cousas nas que seguro que podemos estar todos de acordo. Se vai haber colaboración ou propostas neste caso do Goberno e colaboración da xente que vive no territorio, ¿por que non podemos poñernos de acordo tamén cos grupos parlamentarios?

Esta iniciativa, como lles digo, pensada a medio e longo prazo, non se pode facer xa, senón que teremos que esperar, primeiro, á retirada de madeira, tanto a comercial como a non comercial. Vai contar cun investimento global —así o trasladou o presidente da Xunta— de 18 millóns de euros e vaise abrir tamén á colaboración privada. E terá que contar, sen ningún



xénero de dúbidas, como dixen xa varias veces —e así é o meu compromiso—, coa participación dos habitantes dos territorios afectados polos incendios.

Logo das reunións que mantivemos cos alcaldes e coas comunidades de montes afectadas, nas vindeiras semanas iniciaremos un proceso de consulta e participación pública para abordar esta planificación integral.

Medidas, como digo, a curto, medio e longo prazo, nos terreos ou nos territorios, unha parte do territorio afectada polos grandes incendios forestais deste ano 2022.

Pero falemos tamén da planificación preventiva. Eu quero expresar aquí que dende o ano 2020 presentamos dentro do Pladiga, señora Rodríguez Dacosta, a primeira conclusión boa, e estou totalmente de acordo, e así vai na Lei de loita integral contra os incendios forestais e quizais sexa unha das cuestións que mellor recolle o decreto lei: ten que estar planificado ao final de ano cara ao ano seguinte. Polo tanto, é o traballo que imos abordar e no que entendo que todos podemos concordar.

Pero dicía que dende o ano 2020 recollemos e acollemos un plan preventivo. Este ano 2022 o plan preventivo tiña un orzamento de 33 millóns de euros, cun incremento do 12,6 por certo respecto do ano anterior. É certo que damos uns datos globais, cunha superficie de máis de 58.600 hectáreas nese plan preventivo, 5.780 quilómetros de pistas e outras vías de comunicación, e tamén a construción de novos puntos de auga, 111, pero tamén a revisión e mantemento dos que temos, que é unha rede moi ampla, de 4.750.

Por suposto, tamén queimas controladas. Son bastante máis das que di vostede, pero tamén lle recordo que as ventás de oportunidade para facer as queimas controladas ou prescritas pois tamén son no mes de novembro e probablemente en parte do mes de decembro. Non imos chegar ao obxectivo, pero agardo ter un número importante.

Tamén lles podo trasladar a todos vostedes que unha das conclusións dos expertos aos que antes aludín é clarisimamente que hai que incrementar o número de queimas prescritas como mecanismo de prevención.

Pero tamén acollo con interese a súa proposta de que, evidentemente, temos que render contas desa planificación preventiva, e deberíamos ter unha translación de información do cumprimento mensual, bimensual ou trimestral nos termos que poidamos acordar, dentro, como digo, da modificación da normativa, que estamos afrontando coa Lei de loita integral contra os incendios forestais.

En todo caso, señorías, a medio e longo prazo —isto pódelles soar a anuncio, como di a voceira do Bloque Nacionalista Galego, pero é un convencemento persoal—, a loita contra o lume pasa inevitablemente pola ordenación, a xestión e a recuperación do territorio, e créanme que non todo o mundo, non só neste parlamento, pensa así e hai quen pensa noutras solucións. Dende logo, eu defendo sen ningunha dúbida a xestión sostible do territorio. Porque ante un problema estrutural, señorías, temos que aplicar solucións estruturais; non nos queda máis remedio.



Pero, ademais, temos o convencemento de seguir defendendo o uso agrícola, gandeiro e forestal sostible da nosa terra como fórmula de xeración da actividade económica, pero tamén como a mellor devasa natural fronte aos incendios forestais. Colocar esas descontinuidades con criterios de prevención é un elemento clave na resiliencia do territorio.

E, como dicimos, señoría, mal que lle pese, pero non debería pesarlle, porque é un bo indicativo, a Lei de recuperación da terra agraria mostrou o seu funcionamento nos incendios. Diciao tamén o voceiro do Partido Popular, pero é que eu estiven neses dous incendios e puiden comprobalo, precisamente, na aldea modelo de Osmo, no concello de Cenlle, onde a zona de ancoraxe foi precisamente os peches da gandería en extensivo da aldea modelo, onde o noso servizo puido esperar o incendio, que, ademais, tiña moi pouco sitio por onde pasar, fronte ao incendio anterior, no que fixo moitas máis hectáreas, e, polo tanto, funcionou. E tamén na Pobra do Brollón, onde a persoa que quedou na aldea declarou expresamente que puido quedar na aldea precisamente grazas aos peches de gando en extensivo que temos na aldea de Parada de Montes, na Pobra do Brollón.

Polo tanto, señorías, máis aló do número de hectáreas que poidamos mobilizar, é certo que a colocación das aldeas modelo con criterio de prevención en zonas de alta intensidade incendiaria é un bo mecanismo, que tamén os técnicos do informe ao que antes aludín entenden que é a liña que se ten que seguir.

Está demostrado —e tamén o di cando me falan de autocrítica ou de que non facemos autocrítica ningunha— que o abandono da ordenación de uso favorece o incremento dos lumes e tamén a súa virulencia.

Pero esta multicausalidade xa a temos estudiada aquí. Vostede non estaba no ano 2018 —non o digo por mal, pero non estaba—, pero foi totalmente analizada no ditame da comisión parlamentaria que estudou os incendios do 2006 e o 2017. Pero é que vinte e dúas recomendacións dese ditame van referidas integramente á necesidade de ordenación de usos agrarios, á mellora no coñecemento da titularidade —créanme, señorías: é fundamental a mellora do coñecemento da titularidade— e ao fomento da mobilidade de terras produtivas.

E todas estas recomendacións están recollidas nunha lei —que ninguén o dubide— difícil de levar a cabo, polas dificultades que ten o territorio, pero que, dende logo, a min e ao meu equipo nos ten totalmente implicados na súa posta en marcha.

E non nos queda máis, e así o imos facer, que intensificar a implantación de aldeas modelo, de polígonos agroforestais e de agrupacións de xestión conxunta —chamémoslles como lles chamemos—, mecanismos para acadar o obxectivo de mobilizar terra agraria, primando, iso si —e isto tamén se vai recoller con máis intensidade na Lei de loita integral—, a súa colocación no territorio con criterios de prevención de incendios.

Pero tamén temos que continuar impulsando as concentracións parcelarias como instrumentos que favorezan esa implantación de actividade agrogandeira no territorio que actúe, como digo, como devasa natural fronte aos lumes.



Señorías, entre as aldeas modelo, os polígonos agrogandeiros e forestais e as 28 concentracións parcelarias que levamos decretado entre 2020 e 2021 imos mobilizar máis de trinta mil hectáreas.

A señora González Albert pretende que as mobilicemos nun ano. Pois non é posible —hai que dicilo con claridade—, pero temos postas en marcha actuacións para mobilizar máis de trinta mil hectáreas. E penso, señorías, que os esforzos no eido da mobilización da terra agraria e a xestión sostible do territorio deberían contar co apoio unánime de todos os grupos parlamentarios.

Dentro da planificación preventiva, outro ámbito que é moi moi importante en Galicia, pola multitude de núcleos de poboación, é a protección das nosas aldeas fronte aos incendios forestais. Nesta liña, o coloquialmente coñecido como convenio de protección das aldeas, que provén precisamente do ditame da comisión, tamén permite incidir nas actuacións preventivas a longo prazo, fundamentalmente nas franxas de 50 metros ao redor das aldeas. É unha realidade —e así o estamos intentando impoñer, facer, sacar adiante coas aldeas modelo— que necesitamos que aí haxa actividade agrogandeira, pero, mentres non teñamos esa actividade agrogandeira, o que temos é que impulsar claramente o desbroce e a limpeza das franxas ao redor das aldeas.

O certo é que, tras catro anos da súa posta en funcionamento —e non o digo eu, dío tamén a Fegamp, porque imos seguir co convenio—, este convenio continúa a amosar o seu potencial na defensa das nosas aldeas fronte aos incendios. Comezamos no ano 2019. Señorías, cos datos que sacabamos do convenio, o 50 por cento das franxas ao redor das aldeas de Galicia estaban xestionadas e neste ano 2022 chegamos ao 70 por cento. ¿É suficiente? Non. ¿Temos que seguir incidindo? Por suposto. Por darlles datos, entre 2021 e 2022 inspeccionamos, señorías, un total de 84.000 hectáreas, e, dentro delas, 1.230.000 parcelas.

Pero outra cuestión moi importante, polo menos, para este que llelo traslada, é que dos 276 concellos adheridos, como digo, quitando as cidades e os concellos de máis de vinte mil habitantes, a práctica totalidade dos concellos do rural de Galicia, xa foron entregados aos 276 os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, que é un elemento fundamental: coñecer as franxas para poder logo facer os traballos de prevención. Pois ben, destes 276, 201 xa están aprobados definitivamente en sede municipal. Falamos dun traballo de planificación custosísima, pola complexidade que ten, como digo, delimitar as franxas ao redor de trinta mil aldeas en toda Galicia.

E non entendo moi ben —igual mo pode aclarar no seu turno, señora González Albert—, pero na Lei de medidas o que o que introducimos, e tamén lle digo que irá na Lei de loita integral, evidentemente, é unha serie de modificacións á Lei 3/2007 para axilizar e ao tempo incrementar as execucións subsidiarias por parte das administracións, que é unha cuestión na que, evidentemente, temos que mellorar.

No caso daqueles propietarios que non cumbran coa súas obrigas da xestión da biomasa nas franxas de protección das nosas aldeas —non é un tema sinxelo—, na execución subsidiaria



—volvemos falar de fincas privadas—, temos un procedemento moi farragoso e o que pretendemos é simplificalo. Fago aquí a crítica clara, porque entendo que o temos que mellorar, e así o fixemos a través da Lei de medidas —se me vai dicir por que non esperamos á Lei de loita integral—, co obxectivo de xa podelo aplicar no vindeiro ano 2023.

Por certo, dicirlle que o convenio está falado tamén coa Fegamp, vaise renovar incrementando a súa dotación nun 50 por cento, boa mostra do esforzo que quere facer tamén a Consellería do Medio Rural, o Goberno da Xunta de Galicia, no que se refire á limpeza e protección das aldeas fronte aos incendios forestais.

Este convenio permíteme destacar a importancia da colaboración —colaboración que sempre pido— no ámbito da loita contra os lumes, posto que é fundamental non só aquí entre nós, como estou facendo e seguirei facendo, na busca do consenso, pero sobre todo fóra deste hemisferio, señorías, colaboración que está sendo plena no que se refire aos concellos.

Aproveito aquí para dicir que antes dixen todas as categorías. Tamén dicir que felicito polo traballo que fixeron o director xeral e toda a xente que forma parte dos servizos centrais. En Santiago fixeron un traballo extraordinario durante a vaga de lumes.

Colaboración que seguirá vixente neste convenio e cos concellos pola constitución dun grupo de traballo coa Fegamp de cara á mellora do convenio. Sabemos que temos cousas que mellorar pero sabemos tamén que iniciamos un camiño de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos rurais de Galicia que non ten volta atrás na defensa e na protección das nosas aldeas.

Colaboración, señorías, que non acaba de concretarse no caso das deputacións, excepto a de Ourense, no que se refire ao reforzamento dos medios municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais. Neste eido voume referir para que quede claro tamén, señora Rodríguez Dacosta, que non é o modelo do conselleiro do Medio Rural senón que é o modelo do informe dos expertos designados polos grupos parlamentarios; e falo agora das brigadas municipais; repito: expertos designados polos grupos parlamentarios, tamén polo Bloque Nacionalista Galego. Ese informe, que foi emitido o 1 de agosto de 2018, propón, señorías, a creación de 250 brigadas municipais de prevención e extinción, que se localizarían no territorio —vostede dicíao— con criterios técnicos atendendo ao histórico de grandes lumes, número de lumes e superficie queimada de cada distrito, ademais de ter en conta o risco climático das provincias do sur de Galicia, que é unha evidencia.

Estas brigadas —así se plantexaba e así entendemos que era o modelo que podíamos consensuar todos— terían como obxecto principal a vixilancia e prevención, é dicir, a xestión de combustible na rede de faixas de xestión da biomasa de competencia municipal —se temos estas brigadas, poderíamos reforzar ese traballo—, pero tamén o apoio ao dispositivo autonómico en cuestión de loxística e colaboración no primeiro ataque na liquidación de lumes estabilizados e controlados.

Estas brigadas municipais terían —e isto é importante— un tempo de traballo de seis meses cun sistema de selección único establecido pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, to-



talmente homologable co dispositivo autonómico en canto a requirimentos técnicos. E cada unha destas brigadas municipais tería ou formaría un binomio de intervención cos seus correspondentes vehículos.

O modelo descrito require —e non o di este conselleiro senón que o din os expertos designados polos grupos parlamentarios, tamén do Bloque Nacionalista Galego; dígoo porque o do PSdeG xa se sabe— da participación das deputacións no seu financiamento; cuestión esta que ata o de agora non foi asumida polas deputacións galegas —como dixen xa—, excepto a de Ourense, que ten comprometido o 50 por cento do financiamento de ata 26 tractores que se adican a tarefas de prevención noutros tantos concellos da provincia, de todas as cores políticas.

Ademais, no binomio planificación preventiva atópase tamén o esforzo de avanzar a través dunha política forestal á altura dos requisitos europeos en materia de sustentabilidade. Esta política forestal está liderada pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal pero tamén, señorías, sen ningunha dúbida, pola Axencia Galega da Industria Forestal. E falamos, como non pode ser doutro xeito, do Plan forestal de Galicia, que supón outra vía de actuación a través da cal facer prevención dun xeito incisivo.

Permítanme que diga que ese plan forestal, señorías, contén dous programas que non sei se alguén deste parlamento pode discutir, como é —xa o dixen antes— o Plan de impulso do castiñeiro, que ten este ano un orzamento de 4,8 millóns de euros —e vano ver no *DOG* ademais, para que non haxa ningunha dúbida; sempre falamos de anuncios, pois vano ver escrito—, pero tamén o Plan de valorización das frondosas galegas, que temos que conseguir ou acadar o obxectivo de que teñamos valor engadido tamén nesa valorización de frondosas; penso que é un proxecto moi interesante e que todos deberíamos poder apoiar. A través desta proposta o que buscamos tamén é compartimentar as masas forestais, porque temos visto que a continuidade da masa forestal é unha das principais dificultades que temos na loita contra os incendios forestais.

Esta aposta —xa digo— non é compartida —non digo que aquí non a poidan compartir, pero non é compartida— noutros ámbitos nos que se fala de desnaturalización. Nós apostamos claramente pola xestión activa do monte, tanto das áreas afectadas polos lumes como do resto da superficie forestal da nosa comunidade. Lembren: neste sentido falamos dos dous terzos da superficie do territorio, comprometidos, como estamos, cun monte que antes de nada sexa resistente. E está demostrado, señorías, que un monte ordenado e xestionado arde menos, ademais de garantir rendibilidade para os seus propietarios.

Ben, por dar algún dato antes de rematar, a maiores e respecto do que falaron vostedes na súa quenda, dicirille, señora Rodríguez, que concordo con vostede no que se refire ao plan preventivo. E probablemente tamén esta é unha reforma de calado, o Pladiga. Sabe vostede, ademais, que o decreto lei pois nos impón ter o plan preventivo ou o plan de vixilancia —como lle chaman— antes de fin de ano. Isto vaise recoller na Lei de loita integral contra os incendios forestais, e totalmente a favor de levar un control do cumprimento dos obxectivos de prevención. E, de feito, agora que estamos desenvolvendo o plan preventivo de novembro, no que tamén se van facer queimas prescritas, así llelo trasladamos aos seus responsables.



Co que non podo estar de acordo é con compromisos que me din que xa estaban asumidos e que agora se volven repetir, porque o paso de nove a doce meses non depende do proceso de funcionarización. Miren —para darlles datos—, hai 605 prazas de nove meses dos que se funcionarizan 235; o que collemos foi o compromiso de pasar todas as prazas de nove meses a doce meses, para garantir esa estabilidade dos postos de traballo. Hai 370 prazas que non poden ou que non teñen nada que ver coa funcionarización e pásanse de nove a doce meses, cun esforzo orzamentario que non é deste conselleiro, porque o orzamento non é deste conselleiro, é de todos os galegos e as galegas. E, cando falamos de falta de medios, deberíamos ser conscientes dos cartos que gastamos no dispositivo de prevención e extinción de incendios de Galicia.

Falan dun dispositivo con baixas, e eu téñolles que dicir —e con datos que teño tamén aquí e que podo corroborar perfectamente— que nós tiñamos o dispositivo no 93 por cento de coberturas. Tamén lles teño que dicir con claridade que é un dispositivo no que as baixas son moi importantes, sobre todo nun ano da virulencia deste ano. Pero é certo que no período de alto risco —señora González Albert e señora Rodríguez— probablemente teñamos, incluso falando cos sindicatos, que axilizar a incorporación de baixas cando se nos producen, porque logo dun episodio como foi na segunda quincena do mes de xullo, evidentemente, hai baixas e temos que ser máis áxiles nesa incorporación. Pero digo que tamén necesitamos o apoio dos sindicatos, o apoio dos grupos parlamentarios, para entender que en determinadas circunstancias de alto risco pois esas incorporacións se teñen que facer con maior rapidez.

Hai outra cuestión, señora Rodríguez, coa que concordamos totalmente —non é hoxe por dicir que concordamos con vostede, pero é que é tamén esencial—, e é o mapa de combustible. Tamén está previsto como un dos mecanismos máis importantes na nova Lei de loita integral contra os incendios forestais, porque nos vai permitir saber as partes do territorio nas que debemos de actuar.

Fíxese: é fundamental outra iniciativa desta consellería —que tamén a min me gustaría que tivera acabado antes pero que é bastante complexa— como é o inventario forestal, que é o que nos vai permitir, a partir de aí —é unha das aplicacións do inventario forestal—, pois ter ese mapa de combustible actualizado.

Polo tanto, señorías, eu quero dicir, xa para rematar, que todo o que trasladei ata o momento conecta directamente coa Lei —como digo— de loita integral contra os incendios forestais de Galicia, que todos poden entender logo do que pasou pois que se non a estamos presentando en outubro a esteamos presentando ao longo do mes de novembro. Por iso digo que está en tramitación e está aberta ás súas suxestións, e volvo repetilo con carácter claro nesta sede parlamentaria.

Unha lei froito —xa foi, jeh!— dun proceso participativo moi intenso, liderado pola Universidade de Vigo —José Antonio Vega e Juan Picos, aos que lles agradezo o seu traballo—, e no que interviñeron máis de duasetas persoas en representación de todas as entidades, organismos e colectivos que están relacionados directa ou indirectamente coa regulación e co desenvolvemento da actividade forestal galega. Unha lei que nace e bebe tamén das ensinanzas dos incendios dos anos anteriores, do ditame da Comisión de estudo dos incendios



dos anos 2006 e 2017, pero tamén da análise da experiencia de todo o traballo desenvolvido nos anos posteriores na loita contra os incendios forestais en Galicia.

Déixenme que lles diga que no eido da planificación preventiva —que é á que adiquei a miña segunda quenda— a lei complementará todo o antedito para facer o territorio galego máis resiliente fronte aos incendios forestais, pola vía da definición das paisaxes cortalumes, buscando a xeración de discontinuidades na biomasa como mecanismos de prevención que deben ter vocación produtiva para que sexan sostibles no tempo. De nada serve desbrozar todos os anos. Ou implantamos actividade agrícola ou gandeira nas discontinuidades que coloquemos no territorio con fins de prevención ou non seremos capaces de manter a actuación no tempo.

Outro concepto que se incorpora á lei, señorías —e recóllese expresamente—, é o de paisaxe mosaico, tan tradicional e vencellado ao territorio galego. O fomento da paisaxe en mosaico permitirá diminuír o risco de grandes incendios en áreas cun alto grao de abandono da actividade primaria.

Outra cuestión importante que se introduce na lei é a diversificación de especies arbóreas e a ruptura, señorías, da continuidade das masas forestais, como un eido que xa estaba no Plan forestal de Galicia e que agora se reforza na Lei de loita integral contra os incendios forestais.

Eu dicíao ao comezo da miña primeira intervención, señorías: fronte a unha cuestión tan transcendental como son os lumes, temos que estar abertos a buscar consensos e fuxir dun debate simplista e meramente opositor. E a este respecto a Lei de loita integral contra os incendios pode ser —como xa dixen— o seo —e así o desexo— dun gran pacto parlamentario que exprese unha loita que é de todos, sacando os incendios do debate partidista. Un acordo sobre a política autonómica contra os lumes, incluída a participación de todas as administracións no financiamento da dita política. De xeito específico, como dixen, a participación das deputacións no cofinanciamento —tamén a Xunta de Galicia— dos medios municipais e un consenso sobre as medidas propostas, incluso un consenso sobre a futura norma. Un pacto que, ademais, lles debemos como Parlamento aos galegos e ás galegas, por respecto, criterio e determinación ante unha loita que é de todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Ten a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Perdoe, conselleiro, que conteste primeiro ao portavoz do Partido Popular nesta materia, porque nos botaba en cara as políticas do Bipartito e incidía nos incendios do ano 2006. No



2006 o Bipartito escasamente levaba un ano gobernando; neste momento vostedes levan máis de trece, a responsabilidade é bastante distinta, ¿non?

E tamén lle pregunto, señor conselleiro —porque nos pide unha oposición construtiva—, e pregunto aos deputados do Partido Popular se na oposición que fixo o Partido Popular nos incendios dese ano que mencionaba o señor Armada era construtivo aparecer cunha mangueira e en mocasíns e facendo declaracións incendiarias —nunca mellor dito—, na liña de colaboración que sempre adopta o expresidente Feijóo; mellor a veces non tenderlle a man porque quedas sen ela. Pero xa dicía antes que quería falar do persoal e dos efectivos no resto de tempo que teño, que temos pouco; Feijóo estaría queixándose do tempo.

Entón, sete mil efectivos. (*A señora Rodríguez Dacosta mostra uns documentos.*) Se vemos unha nota de prensa do ano 2017, vemos que *El Correo Gallego* se fai eco dunha nota de prensa da Consellería do Medio Rural na que fala de sete mil efectivos nese ano, 2017. Se imos ao ano 2022, pois máis do mesmo: *La Voz de Galicia* faise eco dunha nota de prensa anunciando de novo sete mil efectivos para o Pladiga dese ano. Pero nós fixemos un traballo de busca de datos. Entón, imos ver os cuadrantes de medios dun distrito —neste caso é o distrito 11—. Ben, no ano 2016 había 37 brigadas; no 2017, 36; e no 2022, 25. ¿Por que esa diferenza, esa baixada de 36 a 25? Porque as brigadas conveniadas cos concellos nese distrito pasaron de 25 en 2017, señor conselleiro, a 14 neste 2022. Entón xa —quero dicir— os sete mil parece que podemos ir descontándoos.

O número de persoas por brigadas. Se estiveran cubertas as da Xunta, serían 7; en caso de non estar vacantes, como dicíamos antes, en moitos dos casos estaban con 2 compoñentes. As de Seaga eran de 5 compoñentes; nas da Xunta posteriores, que recolleron as anteriores de Seaga, xa quitaron 1 membro, 4 compoñentes, e os concellos, 5. É dicir, que xa quitaron 1 compoñente por brigada cando asumiron o persoal de Seaga e Tragsa.

E se imos ao número real de persoas nese distrito, pois encontrámonos con que no ano 2017 había 190 persoas e no 2022, 129. Brigadas do concello, 125 persoas; brigadas no concello en 2022, 70 persoas. É dicir, hai unha redución en persoal de brigadas dun 32 por cento do ano 2017 ata o ano 2022, pero a consellería segue anunciando sete mil efectivos.

Nese distrito, dos dezaioito concellos que o conforman —é O Ribeiro-Arenteiro—, nas eleccións municipais de 2019 o Partido Popular goberna en catorce dos dezaioito concellos. Con esta redución de convenios cos concellos ata da mesma bandeira política quere dicir que ata os concellos do Partido Popular renegan deste convenio polas múltiples eivas que levamos tempo indicándolles dende este grupo parlamentario e dende toda a oposición, por obviamente a precariedade á que están sometidos, a falta de xefes de brigada, o tempo no que teñen que facer prevención —niso concorda vostede, que a prevención hai que facela antes da tempada de alto risco—.

Pero moitas cousas máis. A súa consellería anuncia o centro de Toén xa o 22 de novembro de 2020. E se imos ao 15 de maio de 2021 temos outro titular que volve recuperar ese anuncio: o vello psiquiátrico de Toén será un centro integral para a loita contra os incendios forestais. Elévase unha iniciativa polo Partido Popular, apróbase, a agora vemos un orzamento de 780.000 euros; pero neste ano 2022 só se terminou a pista de manobras para vehículos to-



doterreio, e ano e medio para desbrozar, talar o arborado e limpar a estrutura; e agora falan de cinco anos vista, non sei se me estou equivocando. Pero —quero dicir— un anuncio, señor conselleiro, que xa se produce no ano 2020 e estamos a finais do ano 2022.

Pero se falamos de Verín, máis do mesmo. O 13 de abril de 2021 dicían que Verín tería a base aérea para combater os incendios na fronteira, e o prazo de execución que finalizaría no ano 2022, e agora o 4 de novembro de 2022 o titular di: «A Xunta proxecta unha base de medios aéreos transfronteiriza para actuar contra os incendios...». Quero dicir: que sempre dous anos despois recuperan titulares para cando chegan os presupostos dicir que van facer, cando isto tiña que estar feito polo menos no primeiro caso.

Estamos convencidos, convencidas...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—si, xa termino— de que deben mudar a xestión forestal, señorías, porque a competencia, o Estatuto de autonomía dálle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de montes: o artigo 27.10, concretamente, de montes e aproveitamentos forestais. Entón, ten que asumir o seu departamento este cambio, porque, se persiste en non mudalo, desoíndo o criterio dos técnicos, dos expertos e dos colectivos, volverán vostedes colocar a xente o próximo verán entre o lume e a parede, pero é unha parede que é da súa propia vivenda, conselleiro. Co que instamos a que muden xa de políticas de prevención de incendios forestais.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Rodríguez.

Quenda do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona María González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Supoño que ardera en Valdeorras, que ardera O Invernadoiro, que ardera o Xurés, que ardera Oímbra e que ardera Verín é culpa de que as deputacións de Lugo, A Coruña e Pontevedra non teñen convenio con vostedes. (*Aplausos.*) Entendo que ese foi o motivo. En todo caso, eu pediríalles que recoñezan que igual algo non fixeron ben cando a propia Fiscalía anunciou que vai incoar un expediente contra vostedes por posíbeis responsabilidades nos incendios deste ano.

Falou de minifundismo, falou da problemática da ordenación do territorio, falou da complexidade da Lei de recuperación da terra agraria. Ao mellor o problema é que vostedes aplicaron unha lei que logo na práctica non son quen de executar. Igual o problema é ese e o problema non é o BNG.

Dixo vostede e díxoo tamén o portavoz do grupo que o sostén: as aldeas modelo non arden, e falaron de Parada dos Montes. E Parada dos Montes non ardeu, efectivamente, non ardeu; e non ardeu por dous motivos: non ardeu porque había pastizais alí e non ardeu porque había frondosas autóctonas alí. Igual que había frondosas autóctonas nas Laceiras, por exemplo,



que tampouco arderon no incendio de Ribas de Sil e que, sen embargo, non era unha aldea modelo. Polo tanto, ¿que non arde?, ¿que fai que non arda o territorio? Pois un territorio xestionado e con poboación fixada alí, (*Aplausos.*) independentemente de que sexa aldea modelo ou non. E por poñelo un pouco en contexto, quero dicir que Parada dos Montes ten 17 hectáreas e que se atopaba no medio dun grande incendio no que arderon máis de trece mil hectáreas. Por poñer as cousas un pouquiño en contexto e na capacidade que vostedes están a demostrar na xestión do noso territorio rural.

Falou tamén de que boa parte da superficie afectada foi en montes veciñais en mancomún. É certo, pero vostedes este ano eliminaron as axudas específicas aos montes comunais para a prevención de incendios forestais. As propias comunidades de montes reclamáronlle que recuperaran estas axudas, que —repito— quitaron este ano, a pesar de que si, efectivamente, o que ardeu foi monte veciñal.

Tamén falou o outro día na comparecencia dos orzamentos das melloras de medios que van mercar este ano. Nós alegrámonos infinitamente, anunciaron moitas melloras, e a ver se son quen no conxunto destas melloras, por exemplo, de levar luz ao total das casetas dos vixilantes de incendios que se manteñen con paneis —as que os teñen— e que están nunhas condicións absolutamente paupérrimas.

Falou das bases de unidades operativas, cando na maioría dos distritos as brigadas non teñen nin puntos de encontro propios e andan mendigando puntos de encontro aos concellos, moitos deles absolutamente en precario, nunhas condicións —teño que dicirlle tamén— lamentables. E chama a atención que das tres que prevén como pioneiras unha sexa en Mondoñedo, no distrito 6, que é un dos que menos arde neste país, cando hai outros distritos que entendemos nós que teñen máis urxencia dunha infraestrutura dese tipo.

Falou das axudas das vivendas e nós dixémosllo: están moi ben as axudas; xa llo dixemos, díxémolo na primeira interpelación que lle fixemos. Pero mire, esta mesma semana, (*A señora González Albert mostra unhas fotografías.*) estas son da Veiga de Cascallá —pódolle ensinar máis—, así esta A Veiga de Cascallá a día de hoxe. E estas non son vivendas que se acolleran ás axudas que vostedes presentaron, ás axudas que vostedes publicaron. Non se acolleron porque non poden acollerse, porque coa estrutura de propiedade no noso rural, no interior de Ourense —vostede coñécea, vostede coñece esa estrutura da propiedade—, sabe que non cumpren cos requisitos das súas axudas e que van morrer así, porque o concello xa lles dixo que non teñen recursos para desfacerse disto. ¿Que vai pasar con isto? Isto é unha maioría das vivendas da Veiga de Cascallá. (*A señora González Albert mostra unhas fotografías.*) Pódolle citar Alixo, pódolle ensinar do Courel, temos máis fotos, se quere despois pasámoslle a reportaxe fotográfica.

Este é o problema e estas mesmas fotos podémoslles ensinar de soutos, porque hai soutos que efectivamente están no Reaga e hai moitísimos outros que non se poden acoller a esas axudas, e que, polo tanto, corren un gravísimo risco de quedar absolutamente abandonados e que estaban sobrevivindo moi en precario.

Falou de Lourizán. Nós valoramos moitísimo Lourizán, pero é que vostedes o teñen practicamente desmantelado. (*Aplausos.*) Presumen de Lourizán, sacan Lourizán —teño que di-



cilo— nas súas redes sociais todos os santos días, pero, desde logo, non lle dedican o máis mínimo orzamento.

Falou do difícil que é facer prevención en Rede Natura. E é que teñen abandonada a Rede Natura. ¿Canto diñeiro destinan ao parque natural da serra da Enciña da Lastra nos seus orzamentos anuais?, ¿canto diñeiro destinan? Falámolo aquí, menos de 30 euros por hectárea ao ano.

Falou de replanificación da recuperación nas zonas afectadas a curto, medio e longo prazo. Nós preguntamos: ¿van facer esta planificación e a súa execución a semellanza do que fixeron nas Neves en 2016 e 2017? (*Aplausos.*) ¿Esta vai ser a execución da planificación? Porque o de planificación non llo quito, ¡eh!, (*Aplausos.*) aí parabenízoo, planificación toda a do mundo: plans, programas..., disto todo. Logo, o problema onde fallan vostedes é na execución, porque o que lles interesa é o titular na prensa da planificación que fixeron. O que veña despois pois que apanden as poucas persoas que quedan no territorio. En resumo, máis do mesmo, moita planificación e moi pouca execución.

E falou dos convenios de protección das aldeas. É que eu xa llo dixen na interpelación, é que que fale destes convenios e de que chegaron ao 70 por cento da execución xa é mala sorte, de verdade llo digo, que o 30 por cento do que quedou sen executar fose en Valdeorras. Foi mala sorte que as aldeas, por exemplo, de Santurxo e Millarouso, priorizadas e conveniadas, estivesen sen desbrozar. Mala sorte tivemos en Valdeorras.

E, ben, unha outra cousa. Teño que dicir tamén que son lentos no seu traballo, catro anos xa desde o ditame, de 2018, para empezar a facer a nova lei; estamos en 2022 e anuncian a lei para 2023, cinco anos despois dese ditame. E trece anos, é que lles levou trece anos chegar ao noso discurso de xestión do territorio e profesionalización do servizo. Agora a ver canto lles leva poñelo en práctica realmente. (*Aplausos.*)

Remato xa, señora presidenta.

Pareceulle mal que dedicase unha boa parte da miña intervención...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora González.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...—si, xa remato, é o único que teño que dicir— a falar das propostas que efectivamente temos feito neste parlamento e que imos seguir facendo. E traémolas aquí porque aquí é onde se lexisla, aquí é onde hai que facer as propostas e aquí é onde vostedes negan sistematicamente a posibilidade de acordos e de cambios de modelo na política forestal e de xestión do territorio deste país. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra don José Antonio Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señora presidenta.



Señora Rodríguez Dacosta, mire, eu cando me estaba a referir ao Bipartito era referente a que vostedes, cando tiveron esa vaga de lumes no ano 2006, resulta que se crea un ente semipúblico —chamémoslle así—, Seaga, e vostedes derivan un terzo do servizo a ese ente. Non fai falta levar gobernando trece anos para facer iso e sobre todo para poñelos con tres meses; iso non sei se vostedes lle chaman precarización ou se lle chaman que é un contrato fantástico e marabilloso. Vostedes mesmos estanse contradicindo.

Eu tamén lle podó asegurarlle que durante ese tempo —vostede falaba de Feijóo— alcaldes coma este que lle fala escoitaron afirmacións de xente coa que gobernaban de que había unha trama incendiaria de alcaldes do Partido Popular. ¡Que ben lle tería vido ter un servizo como a Uifo para facer unha investigación e que realmente soberan quen era o que estaba a queimar os montes naquel momento en Galicia!

Tamén fala vostede das brigadas municipais. Pois, evidentemente, están en discusión, claro que si. E dende o minuto un nós dixemos que queríamos melloralas. Está claro que hai xa unha mellora dende o ano pasado, que se aumentou o 10 por cento para a súa dotación e tamén se duplicou o prezo que se paga por hectárea nas diferentes rozas. Por suposto que tamén, cando falamos do informe e conclusión de expertos, parece que collemos o que nos interesa e o que non pois deixámolo cara a un lado. E resulta que aí falan de que se reformulen as brigadas para seis meses, que se leven a cabo labores de prevención e vixilancia por parte desas brigadas, ademais do apoio nos incendios forestais, e que tamén teñan un financiamento das deputacións provinciais. ¡Vaia!, resulta que, claro, como gobernamos nas deputacións provinciais —e falo para os dous grupos— da Coruña, de Lugo e de Pontevedra, cando dende a consellería se lles trasladan convenios para que se firmen por parte dos concellos —pero, claro, con aportación tamén por parte das deputacións— para dotalos con medios de prevención —tractores, ben chamados— aquí soamente as firma a Deputación de Ourense, e despois resulta que todos estamos implicados na prevención. E tamén, cando se lles pide que participen dentro desas brigadas municipais para a súa mellora, pois loxicamente tamén miramos para outro lado. Unha forma bastante intelixente de actuar.

E falaba vostede tamén na súa primeira intervención respecto das charlas que non se daban ou respecto da concienciación social. Pois voulle dicir que se fan varias charlas. E, concretamente, pódolle falar naquelas parroquias de alta actividade incendiaria; e pódolle o exemplo de Boiro, Ribeira, Lobios, Pontearreas, Ourense, Calvos de Randín, A Mezquita, A Gudiña, Vilariño de Conso, Santiago de Compostela, Muíños, Rairiz de Veiga e Salceda de Caselas, por pór un exemplo.

Respecto da voceira do Bloque Nacionalista Galego, eu creo que, honestamente, o seu grupo pensa dunha maneira e os seus alcaldes van por outro lado. Creo que llelo puideron preguntar, porque hoxe creo que andaban por aquí, e creo que lle terían ilustrado bastante sobre o que pensan da Lei de recuperación de terra agraria. Porque, ademais, están continuamente collendo todos os mecanismos da Lei de recuperación de terra agraria e pídenos para eles, porque xa dará testemuña o señor conselleiro de cantas son as solicitudes que temos. Nós temos moi claro que a Lei de recuperación é un dos principais instrumentos para combater os incendios forestais, para crear ese paisaxe mosaico. E, sen embargo, a vostedes parece que non lles gusta porque é unha idea que saíu do Partido Popular;



entón, evidentemente, como saíu do Partido Popular, pois hai que dicir que non, que isto non se pode aplicar e que isto non ten ningún tipo de efectividade. ¡Falen cos seus alcaldes! Fagan ese exercicio.

E, por certo, estaba falando do alcalde das Neves. Non hai moito que está participando —creo— nun proxecto —creo que está Agader, Consellería do Medio Rural— que se chama Son de monte. Pregúntenlle ao alcalde das Neves que lle parece ese proxecto e a onde vai. Pero non soamente a ese alcalde, porque hai bastantes máis alcaldes do Bloque Nacionalista Galego —e moitos técnicos incluso que son alcaldes do Bloque Nacionalista Galego— que están participando nese proxecto de Son de monte. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, por suposto, eu vou por moitos lados, por onde vostede queira.

E dende logo que tamén lle podó asegurar que, claro, me estaba falando vostede de que a Fiscalía ía entrar a investigar, por suposto. Evidentemente, a Fiscalía vai entrar a investigar, claro, e abrirá as dilixencias correspondentes. E a consellería teña vostede por seguro que vai pór todos os medios á disposición da Fiscalía para que fagan as investigacións oportunas, e entón de aí sacaremos as diferentes conclusións. É así de claro, é así de sinxelo.

Dende logo que lle podó asegurar que agora mesmo hai en marcha unha lei, que é a Lei integral de defensa de incendios forestais. E, loxicamente, nesa lei integral nós estamos dispostos a participar —xa llo dixen, señor conselleiro—; o Grupo Parlamentario Popular quere participar e quere estar presente na elaboración desa lei, quere estar presente na tramitación desa lei. E conte vostede co noso apoio. Porque nós entendemos que todas as medidas que se poidan aplicar en razón a esa lei estamos seguros de que van vir dadas por toda a experiencia que estamos tendo por exemplo neste último ano e, especialmente, con estes últimos incendios forestais. Non lle caiba a menor dúbida de que pola nosa parte ten absoluto apoio para seguir traballando pola nosa Terra e, sobre todo, para que esta Terra dunha vez por todas consiga eliminar esta lacra que son os incendios forestais.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Armada.

Pecha, sen límite de tempo, no turno de dúplica, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señora presidenta.

Déixenme que lles diga que agora nesta segunda quenda asistimos a varias piruetas da voceira do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Porque, ¡home!, chama curiosamente a atención que cando falamos dos BUO de nova construción cite Mondoñedo e non cite os outros dous concellos, un deles Rianxo, que penso eu que non debe ter moito que ver co grupo parlamentario que está aquí á miña dereita, e outro en Muíños, que —a señora Rodríguez Dacosta pódeno confirmar— é unha zona de moita afectación de incendios. É dicir, ter unha BUO de nova construción no concello de Muíños, no Xurés, con tanta afectación e ¡que me estea falando só de Mondoñedo e non de Muíños e de Rianxo...! Eu xa trasladei con



claridade que temos que mellorar os puntos de encontro e temos que ir a un novo concepto que vai nos orzamentos do ano 2023, que son as bases de unidades operativas, precisamente para dignificar moito máis a situación dos nosos bombeiros forestais, da xente que está traballando no dispositivo.

Falou da planificación. Ben, se quere falamos do territorio afectado polos incendios do 2006 na planificación que se fixo despois. Tiveron tres anos despois de rematar eses incendios. Pero ben, eu non quero botar a vista para atrás.

Pero a maior piroeta, señorías, é dicir, aí ao final da súa intervención, que acollemos, con todo o que levo contado eu aquí unhas cantas veces xa, todo o discurso do BNG, e non fai máis que criticar as nosas propostas. ¿Como é isto? ¡Se critica a señora González Albert o propio discurso do BNG e, ademais, apláudenlle todos os do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego! Fíxense vostedes que menuda piroeta e que dificultades se ten para argumentar o que estamos a dicir aquí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, eu teño a cara dende hai cincuenta e dous anos exactamente igual, por iso non se preocupe, ¡eh! *(Aplausos.)*

Pero fíxense tamén, falan evidentemente de atrasos. Iso si llo compro. A min tamén me gustaría poder ser máis rápido nas actuacións. Gustaríame, se todos concordáramos en que funcionan ben, que vostedes botaran unha man a facer máis aldeas modelo. Evidentemente, se xa hai algunhas con frondosas ou con pastos ao seu redor, pois non lles temos que chamar aldeas modelo. Pero nós queremos impulsar o modelo —e non lles chamemos aldeas modelo— de gandería en extensivo como un mecanismo de actividade agrogandeira ao redor das franxas doutros moitos núcleos de poboación. E, de feito, plantexamos un proxecto ao Goberno central de ata duascenas aldeas. E se non lles gusta o nome, cambiámoslle o nome. A min o que me interesa é que haxa actividade agrogandeira protexendo as aldeas fronte aos incendios forestais.

E propuxemos duascenas que se poderían localizar de xeito pactado por todos os grupos parlamentarios deste parlamento nas zonas de maior intensidade incendiaria. Pero concordemos todos, ademais de criticarnos, en que a implantación de actividade agrogandeira, a gandería en extensivo ao redor das aldeas é un bo mecanismo na loita contra os incendios forestais.

E falando tamén de tempo, dunha lei que, efectivamente, saíu do consenso do ano 2018, lembre vostede, señoría, que se lle esquece, que polo medio houbo unha pandemia mundial, que non só afectou a Galicia, e despois iniciouse un proceso participativo —se non, criticaríannos porque non houbo participación— no que, coa dirección de Juan Picos e de José Antonio Vega, estiveron practicamente dezaioito meses un grupo de duascenas persoas discutindo unhas directrices, que se presentaron ao Consello Forestal o pasado mes de xaneiro e que logo ten que vir a redacción da lei. Evidentemente, o verán do ano 2022 fixo reflexionar sobre algunhas das cuestións que se estaban escribindo na lei, sobre todo no eido da planificación preventiva, que eu estou disposto e ofrezco reunirme cos grupos parlamentarios ou compartir con todos vostedes, e tratar de melloralo, co único obxectivo, señorías, de acertar.



Señora Rodríguez Dacosta, eu simplemente nese tempo que dedicou a falar dun distrito, é claro —e non hai ningunha dúbida e os que estamos aquí e sabemos algo disto temos que recoñecelo— que temos que modificar, mudar o modelo de brigadas municipais. Non hai ningunha dúbida. Pero tamén é bastante inxusto e vostedes criticaron o director xeral, que lles botou a culpa aos concellos, e eu penso que aquí o seu discurso foi un pouco en contra dos concellos; ademais, citou os que son concellos do PP.

Eu penso que neste tema non hai cores políticas. Eu polo menos teño que felicitar —xa o fixen na miña intervención na interpelación— a todos e cada un dos alcaldes e alcaldesas, calquera que sexa a súa cor política, que están nos concellos que foron afectados polos incendios nos que eu vivín, e pódolles asegurar que vivín nuns cantos. Alcaldes do Bloque, alcaldes do Partido Socialista, alcaldes do Partido Popular, todos, a súa única preocupación é defender as súas casas, as súas aldeas e as súas persoas. E, polo tanto, penso que aquí non vai de criticar os concellos nin os alcaldes.

Pero é unha realidade que, por exemplo, nas brigadas municipais temos unha dificultade, porque estes anos incrementáronse os traballos de prevención, para contratar xefes de brigada. Necesitan unha determinada cualificación e están traballando como supervisores de prevención en Seaga ou están facendo eses traballos que di a señora González Albert que non se fan a través do convenio. Porque todos os anos se invisten —non se gastan, senón que se invisten— 5 ou 6 millóns de euros en facer prevención. Outra cousa é que aquí a maleza evidentemente crece e, se se desbroza un ano, ás veces hai que desbrozar dúas veces no ano.

Fíxese: nós firmamos convenios —que foi o que dixo o director xeral— e, aínda que estamos esperando a que todos vostedes se poñan de acordo e poidamos ampliar, polo tema do financiamento, entendemos que se teñen que colocar eses tres meses naqueles meses de maior incidencia de incendios.

Señorías, é que son datos, non é que o diga eu. Os incendios no mes de xullo no último decenio —e poderíamos ir á serie histórica— dannos 853 hectáreas ao mes de media. Non hai incendios no mes de xullo ata este ano 2022 que foron, como dixen xa antes, 38.000 hectáreas. E se imos á serie histórica, vemos que no 2017 os incendios non foron nin en xullo nin en agosto nin en setembro, foron en outubro.

¿Que está detrás de todo isto? Claro que hai cambio climático. Eu non son negacionista, só faltaría. Pero o que hai, sen ningunha dúbida, é un incremento da biomasa no territorio que dificulta moitísimo os labores de extinción. E o cambio climático, cando se dan esas condicións —e ben, criticáronme tamén porque falara da climatoloxía— que son o que está detrás, é un catalizador do que pasa despois, evidentemente. Pero a cuestión fundamental, na miña opinión polo menos —e podo estar equivocado, non lles digo que non—, é a xestión do territorio.

No que se refire ao Centro de Loita Integral contra os Incendios en Toén, ¡home!, eu creo que vostede coñece aquilo; eran unhas edificacións en ruínas de máis de trece mil metros cadrados, temos moitísimas edificacións. O traballo que di vostede de desbroce e limpeza



pódolle asegurar que foi custoso, pero estamos na vía de levar a cabo un proxecto que ningún dixo que se fora facer nun ano, senón que pretendemos, cando culmine, que sexa un centro de referencia na formación e investigación dos incendios forestais.

A min gustaríame rematar facendo de novo referencia ao informe dos expertos, que, como digo, se presentará nas vindeiras datas, e convídoos ademais a todos vostedes a un congreso que vai haber a semana que vén dentro do programa Interlumes, e aí estarán estes expertos, e pódolles dicir que cando visualicemos o vídeo do que pasou no Courel —non temos as cámaras, señora González Albert, do de Valdeorras—, eu vivino en primeira persoa a tarde do domingo e a tarde do luns cando cruzou o río Sil e foi un momento de moitísima angustia, e cando subiu practicamente nun terzo do tempo que me dicían a min os responsables do dispositivo dende o río ata A Veiga de Cascallá, e polo medio había como saberá vostede un polvorín e que tivemos que pasar; menos mal que aí o servizo fixera os labores de prevención e evitou unha desgraza maior. Pero eu vivinos e pódolle asegurar que ese vídeo pon a pel..., ¡vamos!, que é con moito, dende logo, a peor situación que eu vivín dende que son conselleiro, sobre todo cando cara ao final da tarde do domingo se desplomou por primeira vez en Galicia o pirocúmulo; e se non tiveramos feito, como fixemos, esas evacuacións, pois teríamos seguro desgrazas persoais.

E, dende logo, pódolle asegurar que, cando un está na responsabilidade na que estou eu, que son o responsable, para ben ou para mal, sempre, do dispositivo de prevención e extinción de incendios de Galicia, estas cuestións certamente afectan moito. Polo tanto, eu estou contento da decisión que se tomou e estou contento de que os técnicos que saben disto confirmen que foi a decisión axeitada.

Pero déixenme que diga, porque ten que quedar claro nesta comparecencia logo do que levamos falado aquí, que, ademais da situación estrutural e de todo iso en que podemos concordar, os condicionantes de temperatura e seca, o certo é que a situación atmosférica na segunda quincena de xullo, nesas catro días, do 15 ao 19, foi determinante para os incendios rexistrados na nosa comunidade, sinaladamente para os grandes incendios forestais con risco para o operativo fóra do habitual. Fíxense que estes expertos inciden en que a simultaneidade é a clave. Cando temos esta simultaneidade de incendios, non hai dispositivo que sexa capaz de afrontalo.

A decisión de retirar o persoal, que tiñamos que protexer, e de recuperar as operacións nas zonas poboadas tras o impacto foi unha decisión onde prevaleceron, señorías, ante todo, e como tiña que ser, as vidas humanas. E cumpríronse os manuais de operacións en lumes de interface. De feito, o informe posterior, como lle digo, e os especialistas —vounos nomear outra vez: Dalmau-Rovira, Soriano, Noguera e Botella— consideran totalmente acertada a decisión de desaloxar á vista do que alí aconteceu, nunca o confinamento.

Estes expertos, ademais, trasladaron que estes lumes, no que se refire a Valdeorras e ao Courel, mostraron un comportamento extremo cun nivel de risco para o operativo fóra do habitual en moitos momentos da súa propagación. Non vou falar de fóra da extinción, pero si houbo un momento no que a estratexia clarisimamente era saír de alí, porque tiñamos o risco de que caera, como digo, o pirocúmulo, de que se derrumbara.



Tamén nos dixeron nese informe que o éxito da estratexia executada observouse atendendo aos danos que podían producirse nos núcleos de poboación. Estiveron alí persoalmente en Valdeorras e no Courel visitándoos, e o feito de non ter que lamentar vítimas nin no operativo nin na poboación, pese ao extremo dos incendios, isto é importante realmente, polo menos para este que llelo traslada.

O confinamento da poboación —tamén nolo din os expertos— non era posible debido á simultaneidade dos lumes, tensiona moitísimo o dispositivo e necesitaríamos medios que non había; de aí que, como mencionei, fose acertada nese binomio, nesa posibilidade de confinamento ou desaloxo, a decisión de desaloxar.

E tamén lle preguntamos sobre a Lei de recuperación e fíxense —penso que o dicía tamén o voceiro do Partido Popular— que por aí adiante nos está preguntando moita xente por ela, dentro das dificultades que teñamos para a súa implantación.

Pero estes expertos tamén nos din que a Lei de recuperación aporta os mecanismos necesarios para afrontar unha verdadeira loita contra os incendios e que, xunto coa futura Lei de loita integral contra os incendios forestais, estamos seguros de que ten que ser a panca de combate contra unha problemática que polo menos na nosa Terra xa poderíamos dicir que é secular.

Dende a Xunta, señorías, o noso compromiso nesta loita é totalmente tanxible, comproméndonos coas melloras do dispositivo, que penso que aquí se trasladaron con claridade, e tamén coas medidas orientadas á xestión sostible do territorio a través da planificación preventiva, por medio da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia; do Plan forestal, coa diversificación de especies arbóreas; e —repito outra vez— coa Lei de loita integral contra os incendios forestais.

Pero tamén o fixemos coa convocatoria das liñas de axuda para reverter as consecuencias máis graves dos lumes; axudas que, por certo, convocamos en solitario, sen contar co apoio que se esperaría do Goberno central, nunha campaña onde Galicia foi especialmente castigada polos incendios forestais; lémbrolles: pouco máis dun millón de euros cando este ano tivemos trece grandes incendios forestais en Galicia.

E aproveito para dicirlles aos representantes do Partido Socialista que toda a forza que po damos facer en Madrid foi un cambio a metade da campaña no decreto lei e deberíamos de reforzar o compromiso de aportar eses fondos para a recuperación, para nutrir ese investimento de 18 millóns de euros que nós comprometemos.

Non obstante, o noso compromiso, o que lles veño trasladando nesta intervención e en todas as que me queiran escoitar en materia de incendios, debера ser apoiado por esta cámara, e así llelo pido. Temos que sacar os incendios forestais do debate partidista e levalo ao debate do coñecemento e da intención, intención por chegar a acordos sobre a política autonómica nesta materia, incluída a participación de todas as administracións no financiamento da dita política, como dixen antes, e incluso, como tamén trasladei, o consenso sobre as medidas propostas, incluída a futura norma.



Fagamos, señorías, deste debate o seo dun gran pacto parlamentario que exprese unha loita que é de todos e de todas. Xa é momento de traballar en conxunto polos galegos e as galegas, facer política real e poñer Galicia por enriba de todo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Rematada a comparecencia, pasamos ao punto seguinte, proposicións non de lei, o punto 5.1.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de dotación de recursos e atención pediátrica

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, que leva o número 43426, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Encarnación Amigo Díaz.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Encarnación Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 36132 (11/PNP-003224).

Emenda de adición:

Débase engadir un segundo parágrafo no punto número 1 de acordo co seguinte texto:

“En particular, para acadar este fin, proceder á convocatoria daquelas prazas de pediatría de atención primaria vacantes para adxudicalas en propiedade mediante un concurso de méritos, aproveitando a posibilidade habilitada pola Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde.”

Emenda de substitución:

Débase substituír o punto número 3 de acordo co seguinte texto:

“Tomar todas as medidas precisas para continuar convocando o 100 % das prazas formativas acreditadas para as especialidades de pediatría e de enfermaría pediátrica; aumentar o número de especialistas en enfermaría pediátrica que traballan na atención primaria galega para reforzar a continuidade da atención especializada neste nivel asistencial e abordar as medidas para a resolución dos problemas de cobertura dende o diálogo coas organizacións profesionais da pediatría.”

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para a exposición da proposición non de lei, doulle a palabra a dona María Montserrat Prado Cores, como sabe, por tempo de dez minutos.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.



Moi boa tarde.

Hoxe o BNG trae aquí unha iniciativa na que solicitamos medidas para solucionar a gravísima situación da atención pediátrica en Galiza, fundamentalmente en atención primaria.

A propaganda da Xunta, do Partido Popular, xa non é quen de agochar a situación dramática da atención primaria, a falta de profesionais, a desatención, as listas de espera. Unha situación, dende logo, inaceptable, de permanente alarma e que se leva vivindo dende hai moito tempo anterior á pandemia, agravado coa pandemia e que despois da pandemia está recrudecido, e que nos últimos meses está cruzando absolutamente todas as liñas vermellas.

Non hai ningún centro de saúde nin PAC en toda Galicia que teña unha situación de normalidade, cos cadros de persoal que corresponden. Hai carencias en todos e é evidente, e cada vez máis evidente, que o Partido Popular non ten absolutamente ningunha vontade de solucionar o problema. O que si son unha constante por toda Galicia son PAC e centros de saúde con cartaces de «non hai médico». *Búscate la vida* basicamente, non hai médico.

Nun momento en que sería precisa unha auténtica aposta pola atención primaria para sacala dese colapso no que se atopa, estamos en pleno debate de orzamentos para o ano 2023 e vemos como por ningunha parte hai solución a esta situación de atención primaria, para solucionar o problema fundamental, que son os déficits brutais de persoal.

Os orzamentos da Xunta para o ano 2023 en atención primaria teñen un aumento de 137 millóns de euros con respecto ao 2022 pero non contemplan absolutamente nada para o aumento de profesionais nin para a incorporación de novas categorías. Aumenta no capítulo I, que é de persoal, 35 millóns, que se corresponden coas obrigas contraídas por parte da Administración. Por un lado, está a suba, o incremento salarial que vén determinado por lei, acordado a nivel do Estado, do 4 por cento, 1,5 que van cobrar agora, que consolidan o ano que vén, e o 2,5 por cento acordado para o ano que vén, que se o multiplicamos polo 4 por cento con respecto ao orzamento do capítulo I do ano 2022, topámonos con que son 21 millóns de euros; de 35, 21 van para eses aumentos.

Logo están unhas contías para a carreira profesional, un aumento con respecto ao ano pasado, pero tamén o aumento de incorporar todos os eventuais que gañaron unha sentenza e que hai que incorporalos para o ano que vén a cobrar a carreira profesional.

E logo, segundo o conselleiro, 4 millóns de euros para pagarlles aos profesionais que traballen o dobre e o triplo, as substitucións, traballar pola tarde, co cal me parece que, se sumamos 21 máis 4, máis os 10 de carreira, estamos nos 35 millóns de euros. É dicir, que non hai ningún aumento de persoal, cando hai carencias en absolutamente todos os centros de saúde e todos os PAC, absolutamente en todos. Mais ao Partido Popular éncheselle a boca estes días dicindo que ten unha aposta clarísima e evidente pola sanidade pública e resulta que o orzamento de sanidade para o ano 2023 ten exactamente o mesmo peso relativo dentro dos orzamentos da Xunta que no ano 2022; é dicir, non hai ningunha aposta decidida que non sexa o incremento da media do orzamento; é dicir, mentira o do Partido Popular de que se volquen coa atención primaria. *(Aplausos.)*



Non hai ningunha estratexia para dispoñer de máis profesionais, para permitir rematar con esas axendas interminables, cos descubertos nos PAC, coa falta de pediatras. O Partido Popular só ten a estratexia de seguir coa deterioración, na que leva trece anos instalado, e non asumir absolutamente ningunha responsabilidade. Xa me sorprendería que a representante do Partido Popular que veña despois asuma algunha responsabilidade. Aplaudiríamos entusiasticamente desde o BNG se sae aquí o Partido Popular a dicir: é que isto foi culpa nosa, porque levamos trece anos no Goberno. Xa me gustaría poder aplaudilos; dígovolo así con toda franqueza.

Se a situación é grave na atención primaria en xeral, no que respecta á atención pediátrica é realmente sangrante. Vemos como diante desa situación á xerente do Sergas e ao conselleiro escoitámoslles dicir que temos que entender que non pode haber pediatras en todos os centros de saúde. Así, tan tranquilos, como se dixeran: pois non imos poñer calefacción este ano.

Hai centros de saúde onde está normalizado que non haxa profesionais de pediatría, nos máis dos casos hai un facultativo de familia comunitaria cun curso de puericultura facendo como de pediatra, cando, evidentemente, non o son. Nalgúns casos derivan dos centros de saúde onde non hai pediatras a outros onde si hai, mais na maioría dos casos a única opción que lles dan é acudir directamente a urxencias, desde os PAC, se hai médico ese día, ou directamente ás urxencias dos hospitais. Iso é a alternativa que lle dan á poboación en idade pediátrica.

E eu desde aquí teño que dicirlles que temos moi malas noticias para o Partido Popular, porque nin entendemos que non haxa pediatras nos centros de saúde nin o aceptamos, nin imos quedar caladas nin quietas diante desta situación onde vemos que poñen en risco a saúde das nosas crianzas. (*Aplausos.*) Non o entendemos, non o partillamos e desde logo imos combatalo por terra, mar e aire, igual que os miles de nais e pais que están saíndo á rúa demandando atención pediátrica para as súas crianzas.

Tampouco imos aceptar como empuxan nais e pais directamente á sanidade privada continuamente, porque cando non tes pediatras nos centros de saúde, cando non o tes no concello do lado, cando non o tes no PAC, cando tes que acudir a urxencias hospitalarias, cando tes que facer esperas de horas e despois desa espera en moitos casos o que che din é que esa non é unha urxencia para ir ao hospital, as nais e os pais xa o saben pero non teñen onde acudir, evidentemente, ¿cal é o seguinte paso? Que quen poida acode á sanidade privada, porque a saúde dos fillos para as nais e pais, evidentemente, é o primeiro.

Nin tampouco imos quedar quietas nin caladas diante da mentira permanente de que están incorporando médicos e pediatras á atención primaria, cando o único que están facendo é facer un cambio administrativo na súa situación, un cambio na situación administrativa: pasar de temporais a fixos, o cal nos parece ben, porque, entre outras cousas, levamos anos denunciando a precariedade, a temporalidade dos profesionais aquí no Parlamento e na rúa, dicíndolles que non era aceptable.

Parécenos moi ben, pero o que non poden vendernos é que iso é aumento de persoal, que iso é incorporación de médicos, porque non os están incorporando, estanos cambiando de



sitio; nunha parte importantísima xa traballaban na atención primaria, en moitos casos traballaban no mesmo posto onde quedan agora como fixos.

Esta situación está tendo consecuencias, evidentemente. Que os nenos sexan atendidos por especialistas de pediatría ten consecuencias. Segundo os datos do IGE, o número de pediatras en atención primaria no 2021, o último ano computado, era de 318, que son 87 menos que no ano 2004. Digo que o di o IGE, non o inventamos nós aquí, baixo ningún concepto. E as consecuencias, evidentemente, son que moitos concellos de Galiza, practicamente 200 dos 313, non teñen ningunha atención pediátrica. Non hai tampouco en moitos dos PAC e hai comarcas enteiras sen pediatría. ¿Isto que ten? Centos de nenos sen pediatra asignado, sendo atendidos no mellor dos casos por profesionais de familia.

E, evidentemente, hai unha radiografía, e a radiografía é que vemos como onte as urxencias pediátricas do Álvaro Cunqueiro eran un auténtico desborde —por ser suaves—. Vemos denuncias de horas agardando, nenos, pais e nais alí hacinados sen atender. Isto mesmo está ocorrendo nas urxencias pediátricas de Pontevedra, un día si e outro tamén. Tamén está pasando nas urxencias do CHUS. E vemos como o centro Concepción Arenal, que está aquí ao lado, por exemplo, o 28 de outubro, onde tería que haber sete pediatras, non había ningún. Normalidade absoluta.

Vemos como, na comarca de Pontevedra-O Salnés, a illa de Arousa, Ribadumia, Cuntis, Moraña, Portas, O Grove..., permanentemente sen pediatra. Sanxenxo, actualmente, tampouco. Caldas, Cambados, onde tiña que haber tres, ás veces hai un. Esta é a situación.

E esta situación ten como consecuencia cuestións como as que lles vou ler con nomes e apelidos.

A situación de Elena, unha nai moza da illa de Arousa. Ten unha nena de 2 anos e un neno dun mes. A nena só tivo pediatra un mes da súa vida, o neno nunca tivo asignado pediatra, porque os nenos e nenas da illa de Arousa están sen pediatra desde o principio da pandemia; o único que teñen é catro horas unha tarde á semana no PAC de Cambados para controis de saúde, no caso de que consigan esa cita, porque, claro, con nenos de dous concellos catro horas á semana, xa me dirán.

Icía, de Sanxenxo, sen pediatra tampouco, porque onde tiña que haber dous pediatras no centro de saúde de Sanxenxo unha xubilouse e outra está de baixa maternal, sen cubrir, e sen atención pediátrica. Encóntrase mal, vai catro veces a urxencias hospitalarias, diagnósticanlle que ten unha patoloxía respiratoria, que ten que ser vista por un especialista, un pneumólogo; como non ten asignado pediatra, ninguén lle pode facer un volante para acudir ao especialista, co cal reclamación tras reclamación, tras reclamación, e ¡casualidade!, cóntestanlle hai uns días despois de que o pai de Icía fora aos medios de comunicación denunciar a situación.

Seguimos. Alan, neno de 3 meses e medio do concello do Grove. Tampouco nunca tivo pediatra desde que naceu, porque no concello do Grove levan meses tamén sen pediatra. Onte os pais viron que se encontraba mal, ás seis e media da tarde chaman ao PAC do Grove para preguntar se había médico no PAC —pediatra xa sabían que non—, dinlle que non, que vaian a Baltar.



Chaman a Baltar para ver se hai, porque como normalmente non hai, para non ir en balde, dinlles que si, van a Baltar, chegan alí e preguntanlles cal é o seu centro de referencia, dinlles que o centro de saúde do Grove; contestación: a dirección indicounos que persoas que veñan do centro de saúde do Grove se deriven directamente a urxencia do hospital. Vale.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora PRADO CORES: Van ao hospital —acabo, presidenta—, agardan bastante tempo fóra, porque non hai sitio na sala de espera, como é habitual; cando o ven, ven que non é unha patoloxía banal e ingrésano; desde hai dúas horas está ingresado, previo traslado urxente en ambulancia, no CHUS, aquí de Santiago, para ser intervido mañá. Un neno sen pediatra. Esta é a realidade.

Ou podemos falarlles de Vanessa, unha nai da Costa da Morte, que di: eu...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten despois un segundo turno.

A señora PRADO CORES: ...teño 41 anos, sempre tiveron pediatra, a miña filla ten 6 e non ten pediatra, nin no concello nin nos concellos dun lado nin practicamente en toda a comarca.

Esta é a situación que se vive en todo o país: que os nosos nenos e nenas están sendo privados de atención pediátrica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra dona Encarnación Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes, señoría.

Moitas grazas, señora presidenta.

Antes de comezar o debate desta iniciativa, quería deixar claras un par de cuestións relevantes.

A primeira, algo que todos coñecemos, pero que parece ser que algúns grupos están dispostos a negar o evidente: é un feito que en toda España temos escaseza de médicos especialistas e concretamente onde este déficit é máis acusado é nas especialidades de medicina de familia e de pediatría, que é do que hoxe vimos falar aquí. De feito, podo asegurar con rotundidade que non hai unha soa comunidade autónoma neste país que a día de hoxe teña cubertas todas as prazas de médicos que precisa.

E a segunda evidencia é recordar que a Xunta de Galicia ten feito todo aquilo que está dentro das súas competencias. Dende o impulso dunha lei para a provisión de prazas de difícil cobertura, lei que incluía a especialidade sobre a que hoxe debatemos, e a maiores Galicia foi quen



de liderar un manifesto de reclamacións, ao que se sumaron outras sete comunidades autónomas de diferentes cores políticas, para reclamar que o Goberno central tome decisións urxentes sobre cuestións que son exclusivamente da súa competencia e da súa responsabilidade.

E vostedes ¿que fixeron vostedes, señora Prado? Votaron en contra, tanto da lei como do manifesto. Mire, señora Prado, non por moito berrar e por moito alarmar, vai vostede vencer a ninguén. O lamentable é escoitala a vostede dicindo todas as barbaridades que verte, faltando á verdade aquí e nos medios de comunicación.

Mire, hoxe pola mañá vía aquí que estaba vostede onte como representante de SOS Sanidade Pública de Galicia e vostede, segundo o que di o diario, que é certo que o papel ten conta de todo o que se lle pon, di: *Hay gente desatendida que ve cómo empeoran sus patologías y hay gente que muere por situaciones que serían evitables* —aseguró la deputada Montse Prado—. A min isto paréceme realmente unha barbaridade. (*Murmurios.*)

Xa sabemos todo o que vostedes din. Vostede é especialista en traer aquí a propósito un caso, pero vostede non fala da realidade do Sistema galego de saúde, da cantidade de xente que fala, e, dende logo, o que parece é que vostede ten un descoñecemento total do que é a xestión dun servizo sanitario. Ten que viaxar vostede máis, ten que ver o que pasa noutros países para valorar a sanidade que temos aquí en Galicia e en todo o país. (*Aplausos.*) Mire, ¿sabe o que vexo eu aquí, señora Prado? Aquí vexo unha falta total de responsabilidade, unha falta total de seriedade e unha falta total da verdade do que é o sistema sanitario que temos nós.

E mire, xa entrando no contido da iniciativa concreta que hoxe trae aquí, señora Prado, pode dicirlle que, evidentemente, concordamos con algunha cuestión da súa proposición, pero, dende logo, non na maioría das afirmacións que realiza nin na descrición da situación catastrófica que o nacionalismo galego ten por bandeira cando fala da sanidade.

A realidade, afortunadamente, é ben diferente da que vostedes pintan. A realidade é que en Galicia todos os nenos, todos, sen excepción, son tratados por profesionais especializados en pediatría. A día de hoxe, Galicia é —non en palabras desta deputada que lles fala, senón da presidenta da Sociedade de Pediatría Galega— a comunidade autónoma que ten a taxa máis baixa de ocupación de prazas de pediatría por parte de médicos de familia, que non teñen esta especialidade.

Pero, señorías, incluso neste caso, estes médicos de atención primaria están ben formados e con amplos coñecementos tanto en pediatría como en puericultura. ¿Ou vaimos dicir vostede aquí que calquera médico de familia vai ter a ousadía de atender a un neno sen preparación? ¿Quéreme vostede dicir iso? Porque eu asegúrolle que temos médicos de familia que rotan polos servizos de pediatría, que fan cursos de pediatría e de puericultura e que están perfectamente preparados para atender a eses nenos que tratan. (*Aplausos.*)

Mire, xa lle comentei antes a situación de escaseza xeral de especialistas, pero vivimos unha realidade que parece que vostedes non entenden ou ben non queren entender. Temos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Quere intervir? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se quere intervir.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Non podería, señora Amigo. Siga.

A señora AMIGO DÍAZ: Temos paro cero, señorías. É moi difícil encontrar pediatras que cubran as prazas vacantes, e isto converteuse nunha tarefa complexa. O Servizo Galego de Saúde está na continua procura de pediatras, tanto para substituír os profesionais que por algún motivo se encontran en incapacidade temporal como para cubrir as vacantes que vaian quedando libres. E hai constancia, por medio de diferentes intervencións que escoitamos neste parlamento, de que dende a Consellería de Sanidade sempre se actuou coa maior dilixencia posible, empregando todos os recursos e todos os medios ao seu alcance.

Moitos pediatras sabemos que ao rematar a especialidade pois prefiren quedar no hospital en vez de ir a primaria, e precisamente co obxectivo de acadar a maior cobertura posible de pediatras na primaria, foi polo que dende o Partido Popular propoñemos esta emenda de adición —repítolle, señora Prado—, unha emenda de adición ao seu primeiro punto, que fai referencia á convocatoria das prazas vacantes de pediatría en atención primaria para que se cubran mediante un concurso de méritos, facilitando así que se cubran estas vacantes que ata o de agora ocupaban médicos de familia especializados en pediatría.

Consideramos que empregar esta modalidade de cobertura por concurso permitiría facer máis atractivas estas prazas de atención primaria e así conseguir que estas sexan cubertas. Esta é a razón da nosa emenda. Esperamos que desta volta pois tanto o BNG como o Partido Socialista sexan valentes e asuman os seus erros votando a favor da nosa emenda. E non como fixeron coa recente Lei 6/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura.

Se son sinceros e se son construtivos, recoñecerán que o obxectivo común que todos perseguimos aquí é traballar para conseguir a cobertura destas prazas de pediatría de atención primaria. Por iso, facémoslles un novo chamamento á reflexión —cousa difícil— e pedimos que acepten esta emenda, que pode ser unha ferramenta moi útil para conseguir solucionar esta situación.

En relación co punto número 2 que vostede presenta, aceptámolo tal como está. Cremos que a Consellería de Sanidade está en disposición de facilitar estes datos e que, ademais, a súa remisión a esta cámara vai servir para ter unha visión ampla do panorama no que se atopa a pediatría na primaria.

Evidentemente, señora Prado, é verdade que o número de pediatras é hoxe máis baixo que no 2004, é certo, pero tamén é verdade e reconfórtanos saber que os datos do Bipartito eran tan malos que teñen vostedes que retroceder ata o 2004, ano no que gobernaba o Partido Popular de Galicia, para poder ter algo que botarnos en cara.

E non faga trampa cos números, señora Prado. Se vostede comproba a serie histórica, podería ter collido o dato do 2005, 313 pediatras, ou do 2006, 309 pediatras; pero non, decidiron coller o dato dun goberno popular. Supoño que actúa así porque sentía vergoña dos datos de cando vostedes gobernaban. Se collemos o dato do 2004, como fan vostedes, e o comparamos co 2006, podemos observar unha baixada de 96 pediatras. Repítollo: en dous anos produciuse



unha baixada, entre o 2004 e o 2006, de 96 pediatras. E ao peche de 2021, como di o IGE — ao que tamén vostede fai referencia—, hai en atención primaria 318 pediatras, 9 máis que no ano 2006. Pero tamén se lle olvidou dicir que, claro, o número de nacementos tamén descendeu, para a nosa desgraza; dende o ano 2006 ata hoxe pasouse de 21.392 nacementos a 14.760.

En relación co punto número 3, dicirlle que dende o ano 2016 a Xunta sempre cubriu o 100 por cento das prazas acreditadas e en anos anteriores a porcentaxe de cobertura nunca se situou por debaixo do 95 por cento. Todo isto a diferenza de cando gobernaban vostedes, que chegou a haber anos nos que a cobertura foi moi inferior.

Debemos de destacar que no ano 2018 se produciu un incremento das prazas acreditadas dun 35 por cento e que continuaron no 100 por cento. Eu pódolle mostrar unha gráfica (*A señora Amigo Díaz mostra un documento.*) que recolle a evolución dende o ano 2018 dun 35 por cento e segue mantendo a día de hoxe un 100 por cento. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Despois tócalle o turno a vostede, señor Torrado, non se preocupe.

Mire, evidentemente, como todo en sanidade, tamén o modelo de atención pediátrica debe de ser estudado e avaliado, para a súa mellor adecuación ao sistema actual, buscando sempre a colaboración das sociedades científicas, co obxectivo de estudar e mellorar o modelo asistencial e establecer solucións aos problemas de cobertura.

Dicirlle que temos unha guía do ano 2020, a Guía de saúde infantil, con actividades preventivas e de promoción da saúde de pediatría en atención primaria, que foi publicada despois de anos de traballo; é unha guía ampla que consta de vinte e sete capítulos. E nese fin, co fin de homoxeneizar todo o Servizo Galego de Saúde, estase traballando.

Señorías, en sanidade non todo vale. Sexamos coherentes e construtivos. Ao final, pensemos que todo repercute nos pacientes, tanto o bo como o malo. Estamos aquí para mellorar a situación dos nosos concidadáns. E, aínda que xa sabemos que todo é política, por responsabilidade hai situacións nas que todos coñecemos cales son as causas desencadeantes ou onde está a solución para mellorar a situación, e non debemos de politizar entre os partidos políticos con situacións que, en definitiva, nos afectan a todos, porque os problemas da atención sanitaria...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—remato xa— aféctannos a todos. O propio sería que dende aquí sumáramos e traballáramos da man para solucionar problemas tan serios como os que aquí tratamos.

Nós, señora Prado, o único que pretendemos coas nosas emendas é enriquecer a súa PNL e darlle solucións reais á situación actual que estamos vivindo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra don Julio Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos.

Como os partidos políticos non debemos facer política —acabo de escoitar—, vou vir aquí xogar ao mus, ou politizar, é dicir, facer política. (*Murmurios.*) En todo caso, vou xogar ao *bridge*, que é máis elegante que xogar ao mus —supoño—; (*Aplausos.*) xa só falta quen reparta as cartas, porque outra cousa non parece que poidamos vir facer aquí. Facer política nun parlamento, ¡que cousas, que loucura!, facer política. Así vai despois a política, así vai. Falando de que non hai que facer política, así vai, así se alegran moitos de ver que non fagamos política. En fin, así pasan as cousas que pasan.

Este debate, no que nós xa adiantamos que apoiaremos a iniciativa do BNG, salvo que contemple avaliar a emenda do Partido Popular, que entón teremos que ver a que punto de acordo chegan —explicarei o porqué—, ten que ver, evidentemente, cun problema que non é de hoxe, que leva tempo existindo, sobre o déficit de pediatras en atención primaria, e que, ademais, se ve en certa maneira acrecentado ou en termos públicos acrecentado polas recentes declaracións da nova xerente do Sergas advertindo de que os cidadáns teñen que empezar a habituarse a que non existan pediatras nos centros de saúde.

En realidade, o que traslada a xerente do Sergas é a entrega das armas e a rendición. Ante un problema, un pode decidir entre renunciar, asumilo, pregar velas e, por tanto, intentar xestionar o que ten, ou pode elixir transformar. É certo que as declaracións son coherentes cos últimos anos, máis ben coa última década, porque a política do Partido Popular foi orientada a iso. Vou intentar explicar por que.

¿Hai un problema real en pediatría? Si, haino. E ten que ver basicamente con tres causas —e o demais si que é xogar ao *bridge*—. Son tres causas. Vou intentar explicalas, porque creo que son sinxelas e igual eu tamén son capaz de explicalas.

E ese problema ten que ver, en primeiro lugar, con que os profesionais envellecen, teñen o mal costume de cumprir un ano cada ano, é unha cousa que lles pasa aos sanitarios, tremendamente sorprendente; a bioloxía fai cousas estrañas, cumpre un ano cada ano; e habitualmente escoitamos aquí o PP dicir que dende o ano 2018 se deron conta do problema.

Vou contar unha sorpresa: se cumpren un ano cada ano, era posible saber cando se xubilaban cando xa entraron no sistema. ¿Cando entraron no sistema? A finais dos oitenta, a primeiros dos noventa, porque foi cando se redimensionou o sistema de sanidade pública en todo o país e tamén en Galicia. E, a partir de aí, sabiamos que chegaríamos a esa situación; situación na que, ademais doutras cousas, que tamén vou explicar, os profesionais envellecen e, por tanto, xubilanse.



E hoxe, ademais, estamos ante unha situación na que a maior parte dos profesionais teñen máis de 50 anos, unha moi boa parte teñen máis de 55, pero incluso estamos ao redor de porcentaxes moi altas de profesionais que teñen máis de 60 anos en pediatría. E, por tanto, nos próximos tres, cinco, sete anos, se ninguén toma ningunha decisión, imos estar en situacións moito peores. Pero isto sabíámolo no ano 1987, cando empezaron a entrar; nese ano sabiamos onde iamos chegar aquí; o que pasa é que hai que tomar decisións políticas apolíticas, non xogar ao *bridge*, políticas, antes. E isto é o que hai que facer cando se quere.

En primeiro lugar, os profesionais envellecen. Por certo, sobre isto, algunha posible decisión: formar máis profesionais. Eu estou encantado, señora Amigo, de que vostede sacara aquí ese gráfico. Olvidouse dun detalle —seguro que foi sen querer, cóntollo eu—: o incremento de prazas que o Estado habilita para conceder ás comunidades autónomas, que vostede sinalaba orgullosamente —e alégrome de que así o faga— o aumentan en 2018. ¿Que pasaría no Estado en 2018 para que o Goberno estatal empezara a atribuír a Galicia máis posibles prazas de MIR? Algo pasou, non sei que pasou en 2018, pero algo debeu pasar. Xa atoparemos a explicación ou cantaremos xogo ao mus, pero algo pasou.

E, efectivamente, aumentaron —vostede díxoo— máis dun 30 por cento as prazas concedidas en pediatría. Efectivamente, na década anterior —gobiernos Feijóo e Rajoy— nunca superamos as 20 prazas anuais en formación de pediatras en Galicia —xa non digo en atención primaria—, para todo o sistema, nunca. A partir do ano 2018 nunca baixamos de 27. E vostedes diranme: non son moitas, poderían ser máis; si, poderían ser máis; é o seu traballo demandalas. Pero o que é certo é que hoxe hai máis dun 30 por cento de prazas de pediatría que co Goberno do Partido Popular. ¿Por que? Porque hai un goberno no Estado que habilita prazas, e a súa responsabilidade —e aí vai a emenda do Partido Popular, que nós consideramos perigosa— non é comprometerse a convocar o 100 por cento das prazas, ¡faltaría máis! Faltaría máis que, ante un problema no que non temos profesionais, vostedes renunciasen a formar o 100 por cento das prazas. Faltaría máis, se non fose porque ata o 2016 nunca formaban o 100 por cento das prazas. Debe ser que daquela o Goberno de Galicia na Xunta non entendía que os profesionais cumpren un ano cada ano, ou é que non querían chegar á solución.

E este é o problema: envellecen os profesionais, non se formaron os suficientes. Punto un.

Punto dous. Di a señora Amigo que non lin a emenda; a ver se vai ser que non escribiu aquí ninguén dos que estamos aquí dentro, pero, en fin, eu creo que se lemos a emenda sobre o que é convocar as prazas ou non convocar as prazas, está ben.

Segunda cuestión: taxa de reposición. A taxa de reposición indica, como todo o mundo sabe, canto volume de profesionais se pode contratar a partir do número de xubilacións. Durante os gobernos do Partido Popular, estivemos nun 10 por cento de contratacións, é dicir, por cada dez pediatras que se xubilaban podíamos contratar un, que nin sequera era obrigatorio que foran pediatras. A pesar de todos os intentos de convencer ao Partido Popular de que a educación e a sanidade quedarán fóra dos acordos sobre a taxa de reposición —a chamada regra de ouro—, o señor Montoro e o señor Rajoy non tiveron a ben ter esa boa idea, co aplauso ecuaníime do Goberno do Partido Popular —porque non facían política, xogaban ao



bridge—, e a partir diso ¿que tivemos? Que só podíamos repoñer o 10 por cento. Hoxe podemos repoñer o 120 por cento dos profesionais, e aínda podería ser máis, si, seguro que podemos reclamar máis, pero ese é o problema.

Polo tanto, o primeiro problema: envellecían e non os formabamos.

Segundo. Cando se xubilaban, non os repoñiamos, porque alguén decidiu que os recortes tiñan que ir esencialmente a educación e a sanidade.

Terceiro problema. Hai un desprestixio constante da atención primaria nos últimos anos; nos últimos anos falamos da última década; no ano 2012 retirou a xerencia de atención primaria. É dicir, que onde antes a atención primaria tiña presenza nos eixos de decisión, agora non a ten, e, por tanto, a maior parte dos recursos concéntranse na atención hospitalaria, porque deciden axentes de atención hospitalaria que teñen a súa sede, os seus despachos, nos hospitais, e que se ven moito máis presionados pola atención hospitalaria, que ten moita máis capacidade de influencia. Negar isto eu creo que si que é facernos trampas ao solitario. A atención hospitalaria ten moitos máis recursos e inflúe moito máis sobre as decisións.

E este é o problema: non ten xerencia, non ten orzamentos. A formación en atención pediátrica non está centrada na atención primaria, e isto é un problema global sobre o que as administracións non teñen posto o foco, ningunha administración ten posto o foco na última década nos últimos vinte anos.

¿Onde está a atención primaria en pediatría no contorno das facultades? Non existe, e existe ademais unha minusvaloración da primaria, constantemente cunha perda constante de volume orzamentario. E, por tanto, os profesionais, se son menos e poden escoller, ¿que fan? Van a aqueles espazos do sistema onde lles poden dar maior percorrido, aos que coñecen máis, porque se formaron nese contorno, e non en primaria, van a aqueles que prefiren máis. O sistema non está decidindo que prima a primaria, está decidindo que prima a elección dos profesionais.

E é certo que os profesionais teñen que ter a liberdade de elixir, pero, se tiveran os profesionais suficientes, teríamos para todos os espazos. Por tanto, estamos minusvalorando a primaria e, ao minusvalorar a primaria, pasan estas cousas. Non é algo que ocorra dun día para outro, pero ocorre dun ano para dentro de dez. Pero curiosamente o Partido Popular leva aquí gobernando case dende os romanos, con algunha cuestión puntual polo medio, algúns anos de luz.

E, por tanto... (*Murmurios.*) A ver, que o dos romanos era unha metáfora, ¡eh! Voulles citar eu a trampa, non nos atribúan gobernos anteriores aos anos oitenta, xa lles vou citar eu a trampa, non vaia ser, que estamos a estas horas e non é para entrar noutro debate.

En definitiva, temos tres problemas: os profesionais envellecen, non se forman os suficientes, a taxa de reposición invadiu claramente un problema en sanidade, non se repuxo e tivo que cambiar o Goberno, pero, por tanto, tardamos en recibir as respostas, e existe un desprestixio que fai que os profesionais en primaria non escollan a atención primaria.



¿Que podemos facer ante isto? Podemos aceptar a situación e, por tanto, renunciar a cambiala. E isto é o que está facendo o Sergas —iso é o que dixo claramente a señora López-Pardo: hai que aceptar que non teremos pediatras en todos os centros de saúde— e apoiarse, ademais, nas supostas declaracións da Sociedade Galega de Pediatría. ¿Que é o que di a Sociedade Galega de Pediatría? Que, dada a situación actual, debemos de reformular o sistema de atención, dada a situación actual. Pero ¿que é o que demanda? Que existan máis profesionais para ter a situación que tiñamos e a que deseña realmente o sistema, que é ter pediatras alí onde os necesitamos, que esta é a segunda parte que vostedes nunca entenden. Que non se trata de dicir: imos xestionar os poucos recursos que temos; non, non; trátase de: imos aumentar os recursos que temos. ¡Que rápidos son vostedes para falar de aumentar recursos nalgunhas cousas e que rápidos son para dicir: ¡ai!, que poucos recursos temos!, imos xestionar o que temos nos ámbitos nos que lles gusta recortar.

E, por tanto, esas son as dúas alteracións que vostedes poden tomar: ou ben aceptar ou ben transformar. Nós estamos pola aposta de transformar, de reforzar esa formación de pediatría, de fortalecer o concepto de primaria, para ser capaces, a partir de aí, de construír un mellor discurso sobre atención primaria, mellores oportunidades para atención primaria en Galicia, como no resto de España, e a partir de aí poder construír.

Porque —e vou ao final do asunto, que é o resultado— é certo que é un problema global, pero Galicia cobre menos do 85 por cento das prazas que hai en primaria para pediatras con pediatras, menos do 85 por cento. ¿Hai outras comunidades que teñen algún problema? Si, pero hai outras comunidades que cobren máis do 90 ou máis do 95: Asturias, Castela-León, Euskadi, Cantabria, La Rioja; todas elas cobren máis do 90 e algunhas máis do 95; Galicia non chega ao 85 por cento de prazas. ¿Por que? Pois hai un feito diferencial, que, ademais, xeograficamente, é espectacular. O norte cobre moitas e o sur cobre menos, salvando, como con Astérix, aquela aldea da Galia, que neste caso é Galicia, que se asemella ás comunidades malas. Xa que vostedes preguntan moitas veces: ¿que comunidade o fai mellor? Un pouco máis de Asturias, un pouco menos de Madrid...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: ...cando falamos de sanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Remata a autora proponente da proposición non de lei, polo tempo de cinco minutos.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Mire unha cousa, señora deputada do Partido Popular, non se pode mentir tan descaradamente, non se pode mentir tan descaradamente (*Aplausos.*) Vostede non pode vir aquí e dicir sen avermellarse que todos os nenos galegos teñen atención polo seu especialista de pediatría. É unha barbaridade de tal calibre que calquera que pase agora pola rúa llo desmente,



porque o están sufrindo. Pero vostede, de verdade, que ¿a Alan, a Icía, a Vanessa, todo o que ten que dicirlles é que a realidade que viven todos os días é mentira, que soamente é un invento do Bloque Nacionalista Galego, que é mentira que non teñen pediatra desde que naceron, que é mentira que Alan non ten pediatra desde que naceu hai tres meses e medio, que non ten ningún tipo de seguimento, que soamente foi atendido por unha enfermeira especialista en pediatría —moi boa enfermeira pero que non é médico de pediatría—, que por esa falta de seguimento e de andar dun lado para outro se atopa con que algo que podería ser detectado a tempo non é detectado a tempo e agora está ingresado no CHUS para mañá ser intervido de urxencias? ¿De verdade que é capaz de dicir que esa realidade non é certa? É que, de verdade, pon os pelos de punta como se atreven vostedes a insultar a xente dicindo estas cousas, porque, dicindo estas cousas, só están insultando a xente, están insultando a xente, os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

Mire, as crianzas teñen dereito a asistencia polos profesionais especialistas en pediatría. Os especialistas en familia comunitaria poden ser excepcionais especialistas —ninguén o vai negar—, pero non son especialistas en pediatría. Poden atender alguén que chega cun infarto, pero non son especialistas en cardioloxía, e, atendido o inmediato, derívanse a cardioloxía, ¿verdade?; igual que para unha intervención dun tema de traumatoloxía. Pois cos nenos e nenas pasa absolutamente o mesmo. Volvo dicirlles que os nenos e nenas non son adultos en pequeniño. Teñen patoloxías específicas, reaccionan de xeito diferente e teñen que ter un seguimento distinto. Por iso hai especialidades; é que, se non, non habería.

Vostedes non poden dicir que están perfectamente atendidos por un médico de familia, porque tamén poden dicir que eliminan cardioloxía, traumatoloxía e demais, porque temos un médico de familia, e non é así. Vostedes non poden retorcer a realidade desta forma, non poden.

Mire, un especialista en pediatría especialízase durante catro anos, un médico de familia comunitaria ten durante a carreira dous ou tres meses onde ten especialidade, onde ten formación de pediatría. Evidentemente, parece que catro anos fronte a tres meses non é o mesmo, non é o mesmo, póñanse vostedes como se poñan.

Por iso, hoxe o BNG o que demanda aquí é que se tomen todas as medidas para garantir que todos os nenos e nenas en idade pediátrica teñan asistencia en atención pediátrica por un profesional especialista en pediatría. Nin substituídos por profesionais cun curso de puericultura nin substituír os pediatras por enfermería especialista en pediatría. Porque os nenos non son adultos en pequeniño e as enfermeiras especialistas en pediatría non son substitutos dos médicos, teñen as súas competencias, que non é substituír os médicos. *(Aplausos.)*

E vostede, señora Amigo, nesta emenda, o que di, entre outras cousas, é que se reforcen as prazas acreditadas de especialistas de enfermería para reforzar a continuidade na atención especializada e abordar as medidas para a resolución dos problemas e para substituír os médicos por enfermería. E vai ser que non. Vai ser que non, que esa non é a alternativa.

Igual que desde logo a alternativa non é a posición trampa do Partido Popular, que sabe perfectamente a nosa posición a respecto desa lei trampa que vostedes queren vender como o



bálsamo de Fierabrás e o único que é é que menos profesionais fagan máis traballo, que menos profesionais atendan a atención ordinaria nos centros de saúde e que logo ademais atendan os PAC. Esas son as súas medidas estrela, e, evidentemente, co BNG non van contar nesa cuestión.

Polo tanto, eu non sei se vostede coas súas emendas *cuece o enriquece*. Non o teño moi claro, pero desde logo o que fan é enredar, parecer que poñen alternativas cando non poñen absolutamente ningunha, porque trece anos —dicía a miña compañeira María Albert ao conselleiro do Medio Rural—, ¿pero quen leva gobernando aquí trece anos? E eu volvo facerlle esa pregunta: ¿quen leva gobernando ininterrompidamente trece anos e todos os anteriores? ¿Quen é o responsable da situación? ¿Como veñen vostedes aquí a botarlle a culpa ao empedrado? En vez de aportar solucións, soamente buscan a quen botarlle a culpa. E, botándolles a culpa a outros, non solucionan o problema.

E neste momento o problema na atención primaria e en pediatría é dunhas dimensións bíblicas, e día a día non fai máis que empeorar. Eu trouxen aquí catro exemplos que poderíamos multiplicar. Cada un de nós aquí coñecemos pais e nais que están nesta situación, que non teñen pediatras...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...que non teñen quen os atenda. E diante disto o Partido Popular o que di é: *continemos facendo lo mismo*. Pois facendo o mesmo, señora Amigo, señoras e señores do Partido Popular, repetindo o mesmo que nos trouxo a esta situación inaceptable, non se vai solucionar a cuestión. Repetindo o mesmo, facendo o mesmo, é bastante pouco intelixente pensar que se van obter resultados distintos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Entendo que non acepta a emenda, ¿non?

A señora PRADO CORES: Creo que xa o expliquei. Non aceptamos a emenda.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moi ben, moitas grazas.

Chegado a este punto, suspendemos a sesión ata mañá ás dez.

Bo descanso.


Suspéndese a sesión ás sete e corenta e tres minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

